



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 16

Sesión plenaria
10 de xullo de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 1710 (12/PNP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co servizo de axuda no fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

5.2 5175 (12/PNP-000539)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

5.3 5491 (12/PNP-000575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e catro deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

5.4 5506 (12/PNP-000576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

5.5 5938 (12/PNP-000621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

5.6 6099 (12/PNP-000641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024



Punto 6. Interpelacións

6.1 1439 (12/INT-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 3532 (12/INT-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

6.3 5375 (12/INT-000321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 6525 (12/POPX-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a política que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos concellos galegos e coas súas competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

7.2 6526 (12/POPX-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 4745 (12/POP-000637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o papel que está tendo a Xunta de Galicia no conflito das profesionais e dos profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024



8.2 5926 (12/POP-000790)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do programa Ebici, orientado ao fomento da bicicleta eléctrica e a unha mobilidade sustentable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024

8.3 6520 (12/PUP-000032)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre os recursos que a Xunta de Galicia destina aos concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos e instalacións acuáticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.4 6524 (12/PUP-000035)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre os resultados da xuntanza do pasado día 27 de xuño entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para abordar temas relativos ás infraestruturas e ao transporte ferroviario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.5 5977 (12/POP-000802)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e nove deputados/as máis**

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024

8.6 6046 (12/POP-000812)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e tres deputados/as máis**

Sobre o estado en que se atopan algúns espazos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024

8.7 6522 (12/PUP-000034)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o desenvolvemento da explotación mineira situada en Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.8 2904 (12/POP-000431)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez horas e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Iria Taibo Corsanego (BNG). (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos concellos galegos e coas súas competencias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 11.)

Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir o acceso á vivenda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional sobre o Euromelanoma e o compromiso cos doentes de cancro de pel. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co servizo de axuda no fogar (SAF). (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 27.) e Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 29.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 31.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 33.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 35.) e *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 37.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 39.)

A señora Ferro Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Sonia Vidal Lamas e catro deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vidal Lamas (BNG).* (Páx. 42.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 44.) e *Sr. Viso Diéguez (P).* (Páx. 47.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 49.)

A señora Vidal Lamas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 50.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 51.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Bará Torres (BNG)* (Páx. 54.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 57.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 57.)



A señora Castro Rey intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 65.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 67.).

A señora Longueira Castro (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 69.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 71.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. López Font (S) (Páx. 74.) e Sr. Bará Torres (BNG.) (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 78.).

O señor Rodríguez Martínez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 79.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co servizo de axuda no fogar (SAF): rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia



debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Sonia Vidal Lamas e catro deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 85.)

Réplica do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 90.)

Pregunta de D. Julio García Comesaña e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU). (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Vázquez Suárez (P). (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 93.)



Réplica da autora: *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D^a Carmela González Iglesias e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado en que se atopan algúns espazos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 99.)

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante o desenvolvemento da explotación mineira situada en Touro e O Pino. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 108.)

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez horas e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Antes quería comentar que xustifica a súa inasistencia durante o pleno desta mañá a deputada Iria Taibo.

Sen máis, continuamos coa orde do día: punto sétimo, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos concellos galegos e coas súas competencias

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Rueda, despois destes tres meses de inicio de lexislatura, a verdade é que xa podo facerme unha idea deses tres principios nos que eu creo que se move, que demostran unha certa coherencia discursiva: en primeiro lugar, cando as cousas van ben, o mérito é absolutamente seu; en segundo lugar, cando as cousas van mal as culpas xa sabemos quen as ten, Pedro Sánchez, e, en terceiro lugar, cando hai que pagar non hai problema, que paguen os galegos e as galegas a través dos concellos. Esta é a realidade: a primeira é mérito seu; a segunda, como sabe, é culpa de Pedro Sánchez, xa o sabemos todos, e, en terceiro lugar, os concellos, eses grandes esquecidos e penalizados, e, por tanto, os galegos e galegas que viven nos concellos de toda Galicia.

Ben, creo que á relación histórica das competencias impropias que asumen os concellos, desas competencias que forman parte tamén do eido competencial da Xunta de Galicia, se suman as instalacións portuarias, o canon de abastecemento, o canon de saneamento, as instalacións deportivas etcétera. Pero hoxe quero preguntarlle e falarlle de dúas cuestións específicas:

En primeiro lugar, o servizo de axuda no fogar, o coñecido como SAF, que forma parte do eido no campo da política social. Esa política social que é competencia única e exclusivamente da Xunta de Galicia. O servizo de axuda no fogar é moi importante ademais en Galicia por esa poboación envellecida que temos e necesitada cada día de máis servizo de axuda no fogar.

Esa axuda no fogar vén tendo un custo aproximado de vinte e un. Hai concellos incluso que agora a pagan a vinte e catro euros. Deses vinte e un euros como todos sabemos e vostede



poderá dicir, o financiamento debe ser asumido por partes iguais entre o Estado e a propia Xunta de Galicia. A metade de vinte e un euros son dez euros e medio. ¿Canto paga a Xunta de Galicia? Pois nin 10 nin 9 nin 8 nin 7 nin 6 nin 5 euros. O Estado paga un pouco máis de sete euros, vostede nin cinco euros. (*Murmurios.*) Esa é a aportación que vostede fai ao servizo de axuda no fogar.

Evidentemente, supoño que terá resposta tamén para aumentar ese financiamento ou non. Diránolo —supoño— agora, ou tamén lle botará a culpa ao Goberno de Pedro Sánchez.

En segundo lugar, Sogama. Esa subida de Sogama que vostede non ten ningún inconveniente en plantexárllela e aplicárllela a todos os cidadáns en Galicia a través dos propios concellos.

Queimar e enterrar. Esa é a súa solución, que, como saben, é penalizada por Europa, polo mundo e pola política medioambiental. Pero a culpa é evidentemente de que hai un imposto estatal que se lle cede á Comunidade Autónoma. Aí si que non andou presentando un recurso á inconstitucionalidade do imposto. Non sabemos como vai a cuestión. (*Murmurios.*) En todo caso, dígolle: neste mundo da tributación fiscal, onde todo o mundo desexa ser Robin Hood, vostede está empeñado en ser o *sheriff* de Nottingham, e empeñado en cobrarlles aos que teñen menos, pero eximir de impostos aos que teñen máis.

¿Vai mudar a súa política en relación cos concellos facéndolles pagar todo e de todo daquelas cousas que non sabe, non quere ou non pode? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Besteiro, remata o período de sesións agora, e eu íao felicitar por facerme esa pregunta. Está moi ben nesta semana na que me estou vendo con moitos concellos. Vostede preguntame que quero facer para mellorar e coordinar as relacións cos concellos.

Pero, á parte da oportunidade da pregunta, eu agradézolla moito, e non a entendo moi ben da súa parte polo que vou contar. Eu pediríalle que se asegure dos datos. Ou sexa, resulta que as competencias dos servizos sociais son da Xunta e non son dos concellos. Entón, a Lei do 2007 de servizos sociais, do Bipartito, que llos endosa todos a vostedes, ¿esa lei que é, señor Besteiro? (*Aplausos.*)

Resulta que os impostos que motivan a subida do canon de Sogama son impostos que veñen de leis estatais, de transcripción de directivas europeas, que ningún país europeo está transformando en impostos, excepto un, España, que llos pasa ás comunidades autónomas e que ao final van ao recibo das persoas, señor Besteiro.



Debería documentarse un pouco máis ou debería preguntarlle ao seu Goberno por que somos o único país de Europa que está neste momento metendo eses impostos. E a partir de aí todo pode ser demagogia e todo pode ser falta de oportunidade.

Mire: que vostede me diga estas cousas da relación da Xunta cos concellos a semana ou estes días nos que co alcalde de Vigo tiven unha reunión que cualifica de frutífera, de cordial e de esperanzadora, «o inicio dun tempo novo»; coa alcaldesa de Lugo —hoxe está nos xornais—, «reunión cordial, dinámica e con acordos»; co alcalde de Pontevedra onte, agradecéndolle á Xunta de Galicia o esforzo e a colaboración en materia de vivenda, que estamos facendo cos concellos que queren colaborar; coa alcaldesa da Coruña, agradecendo a implicación sincera e decisiva da Xunta de Galicia na transformación que quere facer desa cidade.

Polo tanto, eu agradézolle esta pregunta de verdade, á parte de que demostra que non ten os datos moi actualizados ou non llos actualizan, permite evidenciar a diferenza de trato, a diferenza de trato que lles damos nós aos concellos e a que lles dá vostede directamente.

Vostede, señor Besteiro, acaba de ameazar de expulsión a un alcalde socialista e concelleiros socialistas simplemente porque din que queren exercitar o seu programa de goberno, queren seguir na alcaldía. Ameazados de expulsión.

Vostede está protagonizando un sainete a verdade que moi entretido, onde vai contra todo un grupo municipal socialista aquí en Santiago, na capital de Galicia, que o que di é que quere ser coherente e cumprir os pactos de investidura que asinou, co BNG precisamente.

Señor Besteiro, vostede que está na oposición con nove deputados, se ese é o modelo que quere de relación e de mellora da relación cos concellos de Galicia, eu non quero nin pensar o que sería vostede de presidente da Xunta con corenta deputados. ¡Menos mal que iso non se dá!

Polo tanto, que non lle pareza mal, pois non sei quen lle fai as preguntas, non sei quen lle dá os datos, pero alégrome moitísimo de que nesta semana me faga unha pregunta sobre a relación cos concellos para vostede teorizar, ir contra os seus, e eu demostrar con entrevistas, con resultados e con compromisos que nos tomamos moi en serio os concellos. O demais é demagogia, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: O que penaliza a política medioambiental é queimar e enterrar. Ese é o método que teñen vostedes, ese é o sistema que se penaliza desde Europa. E as directivas saberá vostede que hai unha obriga de traspõnelas. Pero ese é o sistema que vostedes elixiron. E para iso, nesa recadación dese imposto, cando solicitaron a cesión, e téñena agora, prevén recadar máis de doce millóns de euros por ese imposto. Esa é a súa previsión: doce millóns de euros para este ano.



¿Quen vai pagar ese imposto? Vano pagar os galegos e as galegas a través dos propios concellos, ¿si ou non? O demais son contos. E, por tanto, as leis hai que cumprilas cando un incumpre outras formas de facer política, que é o que fan vostedes, porque optan por enterrar e queimar. *(Aplausos.)* Esa é a súa opción. E trasládanlles esa carga a todos os galegos e galegas.

Pero vostede pode vir aquí dicir que hai un imposto cedido e pode establecer determinadas exencións, como fai para as rendas máis altas. Pero iso non o fai. A súa loita contra a constitucionalidade ou inconstitucional dos temas vai en función do que lle interesa e do que lle apetece. E mentres tanto seguimos facendo cargas aos concellos, a todos.

Compráceme moito que teña unha boa relación cos concellos, como non pode ser menos. Veremos no grao de cumprimento como vai evolucionando a cuestión. Porque durante dezaseis anos do Goberno do Partido Popular non houbo moito cumprimento coas grandes cidades. Pero ese será outro tema e haberá que abordalo noutro momento.

SAF, ¿vai ou non poñer a súa parte o Goberno de Galicia do que lle corresponde nese servizo?, ¿si ou non? Porque eu si lle vou reclamar ao Estado que aporte máis do que está aportando. *(Murmurios.)* Non, esa é a nosa proposta. Nós ímoslle reclamar tamén ao Estado. Pero o que ten que contestar aquí nesta cámara é se vostede vai subir esa aportación, ¿si ou non? É ben fácil.

O demais, esas divagacións que fai vostede sobre a política, os concellos e os partidos políticos déixoas simplemente para vostede.

Pero —insisto— neste mundo onde o normal é que todos pretendemos desde os gobernos en política fiscal ser Robin Hood, isto é, quitarlles aos ricos e darlles aos pobres, vostede fai a política diferente, a do *sheriff* de Nottingham: quítalles aos pobres ou carga aos pobres e exime aos ricos.

Esa é a súa realidade, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, se ata os aplausos do seu grupo son, en fin, moi indicativos. *(Aplausos.)*

Varias cousas, a ver se me dá tempo:

Primeiro, que os concelleiros e o alcalde do Carballiño e o Grupo Municipal de Santiago na súa totalidade tomen nota de que o que lles pasa son «divagacións». As ameazas de expulsión e o ir contra eles por intentaren ser coherentes son divagacións. Está moi ben, porque vostede non quería falar; aquí xa se retratou. Así lles vai, sinceramente.

Vólvolle dicir: hai que ser rigoroso cando se fan estas preguntas. Eu intento selo. Que vostede me diga que hai que pagar o imposto porque eliximos o sistema de Sogama. Entón, Nostián



e A Barbanza tamén o teñen que pagar e é outro sistema diferente. ¿Pero dáse vostede conta, señor Besteiro, de que non lle pasan os datos ben? Dime que o problema é Sogama, ¿entón por que o pagan tamén os outros sistemas?

Dime que as directivas europeas hai que traspöñelas. Por suposto. A cuestión é o prazo, e España é o único país que as traspuxo xa. ¿Por que? Por ese afán recadatorio que ten o Goberno central. Si, señor Besteiro. E menos mal que poñemos doce millóns do Fondo de Cooperación Local. Se non, ¿sabe que? Que terían que pagar o dobre os concellos para pagaren o imposto estatal que vostedes puxeron. Isto é así, señor Besteiro.

Non sei se na Moncloa seguen estas intervencións, pero, se non, teñen que estar encantados de como os defende vostede, moito máis alá probablemente dende logo do que merecen e probablemente do que esperen. Débenlle á Xunta 2.500 millóns de euros de incumprimentos destes anos da Lei de dependencia. E vostede vén dicir aquí que xa está todo pagado, que os que debemos somos nós, cando case o setenta por cento da aportación conxunta que se fai entre Xunta e o Estado é da Xunta. ¡Xa me gustaría a min! (Aplausos.)

Claro que hai que seguir subindo o SAF, e iso faleino co presidente da Fegamp. A iso vostede non fai alusión. Acabamos de subilo hai tres anos un vinte e catro por cento, moitísimos cartos, pero é un servizo necesario. E, por suposto, o esforzo da Xunta agora é enorme: sesenta por cento da aportación, fronte a unha pequena aportación do usuario e a aportación que fai cada concello. E entendo que hai que facelo, a pesar de que, segundo a lei socialista do Bipartito, as competencias son directamente municipais. Supoño que vostede nin o sabía, señor Besteiro.

Púxenlle exemplos na primeira intervención de colaboración. Vostede quítalle importancia a que cheguemos a acordos cos concellos; ao mellor non llo contan para que non vaia contra eles tamén, pero creo que é moi importante, e iso non son «divagacións».

En cinco minutos é imposible darlle conta. Se me permite o presidente, quixera darlle algunha cifra máis para que queden claras as cousas. ¿Sabe canto aumentaron as transferencias directas da Xunta aos concellos nestes anos? O orzamento da Xunta, un vinte e cinco por cento; as transferencias aos concellos, un trinta e oito por cento. ¿Saben canto foron só este ano? Seiscientos doce millóns, un seis por cento máis que no ano 2023; 6.386 millóns dende o ano 2009. ¿Sabe canto aumentou o Fondo de Cooperación Local este ano, que xa estaba en cifras récords o ano pasado? Catorce millóns de euros. ¿Quere desgloses máis concretos? Plan para construír e reformar centros municipais para maiores, 18,5 millóns de euros este ano; 34 millóns para a creación de novecentas novas prazas en escolas infantís municipais; 8,5 millóns anuais para axudar os concellos a pagaren as garderías infantís; nas unidades de atención temperá, importantísimas, multiplicouse por trece o gasto da Xunta cara aos concellos dende o ano 2009; 100 millóns da Xunta de Galicia para mellorar a xestión turística, para rehabilitar os barrios, para xestionar os residuos; 1.100 millóns de euros nunha competencia municipal, que é a depuración e o saneamento. Onte mesmo acordaba coa alcaldesa de Lugo 300 millóns en custos dos servizos de emerxencia, en material; 130 millóns no SAF, no servizo de asistencia ao fogar. E dígolle que é necesario volver aumentalo.



Polo tanto, señor Besteiro, oxalá —e remato xa, señor presidente— a relación do Goberno de España coa Xunta fose a mesma que ten a Xunta cos concellos, de todas as cores políticas. ¿Sabe por que non é así? Porque nós somos libres, non temos hipotecas, non temos que dar-lles aos de sempre a maior cantidade e as migallas para os demais. Si, isto é así, señor Besteiro. Sentido institucional, responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Non se preocupe, imos tratar todos os concellos con respecto, con lealdade e con cooperación, porque para maltratar, especialmente os seus, para iso ninguén mellor ca vostede.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir o acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señorías, hoxe miles de galegos e galegas non poden acceder a unha vivenda a prezos razoables. ¿E sabe por que, señor Rueda? Voulle dar algunhas pistas:

Primeira pista, recortaron un 50 por cento o investimento en vivenda; recortan e por riba non executan. Só en 2023 deixaron sen investir o 41 por cento do orzamento, e así ano tras ano.

Segunda pista, Plan de vivenda 2015–2020. Dicían que ían construír oitocentas setenta novas vivendas de promoción pública, construíron corenta.

Terceira pista, a vivenda pública representa o 0,3 por cento no total, mentres que a media europea está situada no 9 por cento.

Queda claro, señorías, por que chegamos até aquí, por que o Partido Popular leva quince anos dinamitando a política social de vivenda. (*Aplausos.*)

Non fixeron nada para garantir o dereito a unha vivenda e, por riba, boicotean e intentan impedir que outros o fagan. Aí temos como vostedes non atenden as peticións dos concellos para declarar zonas tensionadas ou mesmo boicotean concellos, como pode ser o de Santiago, que con políticas valentes son capaces de regular e limitar as vivendas de uso turístico. ¿E saben como os boicotean? Facendo algo moi simple: permitindo que VUT, que son ilegais,



se inscriban no Rexistro da Xunta. Esta é a política de vivenda do Partido Popular: a defensa da especulación antes que o dereito á vivenda das persoas. *(Aplausos.)*

Esta é a realidade, que vostedes agora pretenden tapar con propaganda e con titulares, ou sexa, que por anuncios non sexa. Vostede, no ano 2023, dicía aquí no debate do estado da nación que ían construír mil novecentas vivendas. En xaneiro de 2024 veuse arriba nun mitin do Partido Popular e xa dixo que ían facer vinte mil vivendas, das que catro mil serían directamente da Xunta. Estannos dicindo que van facer agora nunha lexislatura o que non foron capaces de facer en quince anos, porque en quince anos vostedes non fixeron máis que unha presa de vivendas públicas.

Señor Rueda, ¿non se cansa de mentir e de enganar os galegos e as galegas? Porque as súas mentiras enchen os telexornais, pero non axudan nin a xente moza nin as familias a teren unha vivenda que poidan pagar.

Iso si, non puxeron nin un só ladrillo, pero acaban de aprobar un incremento do trinta por cento do prezo da vivenda protexida. Cando aprobou esta medida, señor Rueda, ¿en quen estaba pensando?, ¿nos promotores ou nos galegos e galegas que buscan desesperadamente poder acceder a unha vivenda? *(Aplausos.)*

Por todo isto, pregúntolle máis alá da propaganda e dos titulares, que van facer xa para que os galegos e as galegas teñan garantido o seu dereito a unha vivenda digna. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, presidente.

Señora Pontón, esta vez superouse a si mesma, e non é sinxelo, coas cifras digo.

Imos enmarcar, creo que é necesario, porque igual se vostede empeza esta sesión de control dicindo que, ¿cantas dixo?, corenta vivendas fixemos nos últimos anos, agora son 2.403 exactamente, señora Pontón. *(Aplausos.)* Polo tanto, claro, é que postos así... Di que executamos — máis as segundas adxudicacións, entón iríámonos a case cinco mil — non sei canto dixo. *(Risos.)* Moitos non saben nin o que é a segunda adxudicación, pero vostede rise moitísimo. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señora Pontón, ¿canto dixo de execución do orzamento?, ¿o vinte por cento? O 81 por cento exactamente. Xa nos gustaría máis, pero moitos son fondos europeos, veñen condicionados, algúns fondos destas últimas épocas da pandemia que dicimos que se cambien as condicións para chegar ao cen por cento. Esa é a realidade.

Eu alégrome moitísimo de que vostede nesta pregunta final do período de sesións queira que falemos de vivenda, sinceramente, quere que falemos de «prioridades de vivenda», dime exactamente. Eu vou falar de prioridades, que cada un saiba as súas. Vaille fastidiar



moito o que lle vou dicir, pero é que isto enmarca as prioridades, acaba de demostralo falsando as cifras.

Mire: as prioridades que ten cada un é bo mostralas, non hai nin que ocultalas, nin que maquilladas, nin facerlle *photoshop*. Vostedes tiveron un congreso esta fin de semana onde quedaron moi claras as súas prioridades. Xa ao día seguinte recuou o señor Rego porque se deu conta de que as cousas que dixo que son a verdade non teñen moito encaixe en Galicia. Non falaron aí de vivenda, nin falaron da economía das familias, nin falaron dos dereitos, entre eles o da vivenda recoñecido nunha Constitución, que vostedes acatan «por imperativo legal». Non, falaron das cousas do nacionalismo: da independencia, do monolingüismo, da ideoloxización..., de todo iso que lles gusta a vostedes. Si está ben que cando estamos a punto de cumprir cen días e de cumprir un dos nosos compromisos, para min un dos máis importantes, se non é o máis importante, que é iniciar a execución xa nestes cen días de catrocentas vivendas para chegar efectivamente ás catro mil cando remate a lexislatura, vostedes falan de nacionalismo, de independentismo e de imposición lingüística, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire: os slogans non constrúen vivendas, e vostedes teñen esa obsesión por ir perseguir o que ten dúas vivendas, e dálles igual a xente que non pode ter ningunha. O importante é a ideoloxización, é ir por calquera que sexa propietario. Fálame dos pisos turísticos, pero se acaban de autorizar en Santiago que calquera piso poida ser durante varios meses piso turístico, señora Pontón. Pero ¿que me está dicindo? ¿Non lle gustaban os pisos turísticos? Pois vains ter a mancheas neste verán se lles dá tempo, se non no seguinte.

Falan de mover a economía, sempre falan de mover a economía. Movendo a economía é como se crean empregos, e creando empregos é como se pode acceder a unha vivenda. Agora si, vostedes son os da pancarta sempre, os do non polo non en canto hai un proxecto de mover a economía, crear empregos e, polo tanto, poder acceder á vivenda.

Seguro que na réplica vai dicir vostede o de sempre, ao mellor non e sorpréndeme, porque é a última, se non dirá que está como sempre alporizada, dirá que como sempre lle dei unha resposta que a vostede a deixa abraiada e que vai contra a dignidade do Parlamento, dirá que eu lle fago a oposición ao BNG. Propóñolle unha novidade, xa que se sacaron a careta esta fin de semana, e xa non ten que disimular máis. E voulle dicir unha cousa: mentres as súas prioridades sexan a independencia de Galicia, o monolingüismo, a imposición ideolóxica, todo iso, eu dígoche que as nosas prioridades serán, en materia de vivenda, cumprir os compromisos, que a xente acceda e darlle oportunidades á xente para independizarse e axudar aos que máis lles custa ter unha vivenda. Esa é a diferenza de prioridades, e alégrome moitísimo de que nesta pregunta queden claras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vexo que non exerce de presidente, pero agora tamén é pitoniso. En fin, cada día vostede supérase a si mesmo.

Eu o que lle pregunto é que vai facer o Goberno da Xunta de Galiza para que miles de galegos e galegas que hoxe non poden acceder a unha vivenda teñan garantido ese dereito, e vostede fáleme de independencia. Eu preguntolle que vai facer o seu Goberno para que, por exemplo, se cumpra a legalidade e que a Xunta de Galiza non estea permitindo que VUT que son ilegais operen con normalidade, e vostede fáleme de ideoloxismo. De verdade, señor Rueda, tome un pouco en serio os problemas dos galegos e das galegas (*Aplausos.*) e veña a este Parlamento responder ao que se lle pregunta.

Porque eu tamén llo digo: poña lugar, día e hora e contrastamos todos os datos, porque todos e cada un dos datos que lle dei nesta pregunta son datos oficiais da Xunta de Galiza; os seus non sei de onde saen. Falou de catro mil catrocentas vivendas, ¿esas cales son?, ¿as que vostedes están vendendo como novas vivendas cando se fixeron no Bipartito, por certo, cunha Consellería de Vivenda dirixida polo BNG? Iso é o que están facendo, señorías, si. (*Aplausos.*)

É que se rin dos galegos e das galegas. Están nestes dous meses nunha carreira propagandística e de fume tan enloquecida que están entregando como novas vivendas vivendas que son segundas ocupacións ou terceiras ocupacións. É como se vostede inaugurase cada vez un centro de día cada vez que cambia un usuario. Pero ¿de verdade cren que este é presentable e razonable? E, sobre todo, señor Rueda, vostede ten que dar aquí resposta ás preguntas que se lle formulan, porque ¿vostede cre que axuda as familias a accederen a unha vivenda cando sobe, xustamente hoxe hai un mes, un trinta por cento o que custa acceder a comprar unha vivenda protexida? ¿Esas son as súas medidas para axudar as familias ou esas son as súas medidas para seguir favorecendo os promotores, señor Rueda? (*Aplausos.*)

Pregunteille, señor Rueda, se vai facer algo para que a Xunta de Galiza deixe de amparar ilegalidades, como é, por exemplo, o incumprimento en relación coas VUT. ¿Vai a Xunta de Galiza retirar do rexistro as 761 vivendas ilegais que ten vostede só no concello de Santiago de Compostela? ¿Vai facelo si ou non? Porque sabe o que significaría para unha cidade como esta na que hoxe estamos que esas 761 vivendas se puxesen en alugueiro? É moito máis que todo o que vostede vai facer na lexislatura. (*Aplausos.*) Polo tanto, señor Rueda, céntrese.

E entre falarnos de comunismo e independencia, se atopa un momento, dígalles tamén aos galegos e ás galegas se vai exercer as competencias que ten a Xunta de Galiza para declarar zonas tensionadas e frear o incremento dos prezos do alugueiro, porque é a súa competencia e é a súa responsabilidade, señor Rueda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Tome en serio os problemas da xente deste país, tome en serio tamén a propia Constitución. Porque, señor Rueda, está moi ben que empezasen vostedes por cumprir a Constitución, empezando polo recoñecemento efectivo do dereito á venda. (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Nomeala e logo incumprila é o que caracteriza o PP, que sempre se olvida dos dereitos da cidadanía. Cumpran a Constitución e garantan o dereito á vivenda en vez de estar traballando xustamente na dirección contraria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vaia perla para a última pregunta, jeh! *(Risos.)* Vostede que acata a Constitución por «imperativo legal» dime a min que teño que cumprir a Constitución. ¡Vaia perla, señora Pontón! *(Aplausos.)* Si, eu si, con gusto e con convencemento.

Que pouco lle gusta que lle recordemos o congreso do domingo. De independencia faláronvos, do que non faláron foi de vivenda, señora Pontón. *(Murmurios.)* Tres días despois vénme aquí falar de vivenda. Eu falo de vivenda, onte mesmo coa alcalde de Pontevedra, que recoñecía exactamente todo o contrario do que dixó vostede agora. Claro, vostede non gobernou na súa vida e, polo tanto, nunca na vida tivo que facer unha vivenda. *(Murmurios.)* Pero igual que hai concellos que din que o problema da vivenda non vai con eles, é do seus veciños, pero que se arregle a Xunta como poida, hai concellos responsables que colaboran, e nós seguiremos colaborando con eles. E vostede siga facendo propaganda, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Fálame das cifras oficiais da Xunta. Hai tres minutos eu díxenlle exactamente 2.403, e vostede en tres minutos sobe a catro mil catrocentas. Ese é o seu rigor, o seu rigor diante miña dunha cousa que dixen eu. Así é todo, señora Pontón. Si, así é todo, absolutamente.

Non sei se dende logo faremos exactamente o que diga a lei, pero esa recomendación que fai vostede de sacar as setecentas VUT do rexistro que existe na Xunta de Galicia, para deixarlle sitio ás oito mil que vai dar de alta o Concello de Santiago, probablemente, si que sería necesario, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Míre: iso de levantar muros e prohibicións non constrúe vivendas. A vostede gústanlle moito as prohibicións, tamén en materia de vivenda.

Zonas tensionadas. Lea a lei. Nós declarámolos se o concello a pide. E no día de hoxe ningún concello en Galicia ten pedida a declaración de zona tensionada. Polo tanto, a ver se se entera vostede, señora Pontón. *(Aplausos.)* É que se non coñece a lei é moi difícil debater.

Encántanlle as limitacións ao alugueiro, que o único que fan é retirar vivendas do mercado. E queda demostrado unha e outra vez, e aínda así fan demagogia. Di que subimos o módulo



de vivenda pública un trinta por cento; é que queremos que se presente xente para poder facelas e poñelas á disposición, señora Pontón. (*Murmurios.*) É que é unha medida absolutamente lóxica. Vostede, como non ten responsabilidade de goberno, e dubido moito que as teña a este paso xamais, pois entón estas cousas danlle igual. Pero é unha media responsable que están adoptando todas as comunidades autónomas, señora Pontón, incluídas as socialistas. É máis, diríalle que nós subimos o módulo menos que noutras comunidades onde goberna a esquerda. E é lóxico facelo.

Esa sobreprotección dos ocupas, que vostedes defenden tanto, e ese desprezo e ese acoso aos propietarios, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) esa tramitación eterna de moitos planeamentos, cando non directamente optan por non facelo, iso si que non contribúe a facer vivenda. Eses baixos comerciais que esmorecen en moitas cidades onde vostedes gobernan e que non queren adaptarse á normativa da Xunta simplemente porque é normativa da Xunta. Dá igual que iso servise para poñer vivendas á disposición.

¿Quere falar en serio de vivenda? Eu falo, pero falo con cifras da Xunta de Galicia: 163 familias dende o ano 2009 axudadas a ter unha vivenda grazas á Xunta. Unhas 2.403 vivendas executadas directamente, ou construídas ou rehabilitacións feitas, con cartos da Xunta de Galicia. Díciolle que a subimos a case cinco mil se metemos outros procesos que tamén son de adxudicación de vivenda pública.

Axudas ao alugueiro, 31 millóns de euros, sete mil cincocentas persoas beneficiadas. Medidas para acelerar os desafiuzamentos; vostede diso non falou, ¡que máis dá! De independencia si falou moito a fin de semana, como lle digo. Catro mil cincocentas persoas en risco de exclusión axudadas pola Xunta de Galicia. Persoas mozas que queren acceder a unha hipoteca, que non poden por ese vinte por cento de aval, máis de cen persoas axudadas na última edición destas bolsas que sacou a Xunta de Galicia. Temos 7,5 millóns de euros para a compra de vivenda, tanto protexida como en cascos históricos ou en concellos pequenos.

Esta é a realidade, señora Pontón.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): —Remato xa, señor presidente. —Rebaixas fiscais que permitiron aos galegos nos últimos anos aforrar máis de catrocentos millóns de euros para poder acceder a unha vivenda.

E, por suposto, a política de vivenda é absolutamente prioritaria. Acabamos de crear unha Consellería de Vivenda específica. Esta conselleira xa conseguiu, coa colaboración de toda a Xunta de Galicia, Goberno solidario que non discute, que non perde o tempo no que o perden vostedes, e por iso gobernan cada vez que lles preguntamos aos galegos, ter en execución catro mil vivendas en cen días. Imos para as catro mil. Vostede nesta lexislatura, xa non sei noutras pero nesta lexislatura, vai estar aquí, polo tanto poderemos fiscalizar esas cifra. Iso si, pídlle un pouco de rigor.



E mentres vostedes sigan falando de autodeterminación, de monolingüismo e de independencia, nós seguiremos falando cos concellos que queiran colaborar en vivenda, seguiremos protexendo os propietarios, seguiremos eliminando trabas e seguiremos traballando para que se vexan cada vez máis as prioridades. Está ben que en materia de vivenda e en materia de xestión que se vexan e que queden claras, agora que remata este período de sesións, as dun Goberno serio e as do Bloque, que son as mesmas dende hai sesenta anos.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional sobre o Euromelanoma e o compromiso cos doentes de cancro de pel, e permítanme que antes saúde a doutora Ángeles Flórez, que hoxe nos acompaña, que é a coordinadora nacional do Euromelanoma en España e que é a xefa do servizo do Hospital Clínico de Santiago. A declaración di así:

«A campaña Euromelanoma, proxecto europeo para a defensa do doente con melanoma, e no que Galicia e o Parlamento de Galicia en particular participan desde anos atrás, pretende educar en prevención fronte ao cancro de pel e concienciar a sociedade sobre a importancia de realizar unha exposición solar o máis saudable posible. Coñecer os síntomas e signos de alarma que permitan un diagnóstico precoz e informar sobre os tratamentos dispoñibles é un obxectivo.

O cancro cutáneo é o máis prevalente en Galicia e a súa incidencia aumenta con máis de cincocentos melanomas diagnosticados ao ano, sendo aínda máis frecuente o cancro cutáneo non-melanoma.

As persoas que padeceron un cancro de pel teñen maior risco de volver a padecelo. De aí a importancia da vixilancia e o seguimento continuos. Por iso, Euromelanoma céntrase este ano nestes doentes, co obxectivo de promover tanto a prevención como o coidado físico e psicolóxico. Os seus lemas son “Vive e aprende” e “Aprende a vivir”.

A doutora Ángeles Flórez, xefa do Servizo de Dermatoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago e coordinadora nacional da campaña Euromelanoma en España, destaca a importancia do soporte ao doente no proceso do tratamento e recuperación do cancro de pel. A campaña responde ao risco de recorrencia da enfermidade, fomentando unha maior vixilancia e unha actitude positiva e saudable, apoderando o doente para tomar control da súa propia saúde. O apoio integral non só contribúe ao éxito do tratamento, senón que ten impacto na calidade de vida e no benestar emocional do doente durante todo o proceso.

Os dermatólogos galegos, no contexto do Euromelanoma, levan a cabo diversas actividades divulgativas que teñen como obxectivo concienciar sobre a importancia da prevención primaria e secundaria do cancro de pel e mais das medidas que fomenten a redución da incidencia, morbilidade e mortalidade.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia apoia a iniciativa Euromelanoma e amosa o seu compromiso cos doentes do cancro de pel, todo iso para o beneficio dunha mellor saúde da nosa poboación.



Santiago de Compostela, o 10 de xuño do 2024.>> (Apróbase por asentimento.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. *(Aplausos unánimes.)*

Continuamos coa orde do día: punto quinto, de proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co servizo de axuda no fogar (SAF)

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º- No marco do proceso de negociación iniciado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) revisar a achega que a administración autonómica realizada para o sostemento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e así garantir a súa estabilidade financeira e a posibilidade de adaptación ás necesidades presentes e futuras da poboación galega perceptora desta prestación municipal.

2º- Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España e reiterarlle a urxencia das seguintes medidas:

a) O cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006.

b) Que faga efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia logo do incumprimento durante todo estes anos do cofinanciamento estatal da Lei de Dependencia, achegando unha cantidade que ascende a máis de 2.500 millóns de euros.

c) Que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social, sempre que non veñan aparelladas das transferencias de recursos económicos estatais suficientes.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos.

Pois imos falar de independencia, da das persoas que por razón do envellecemento ou dunha discapacidade atopan reducida a súa capacidade para valerse por si propias e necesitan de apoio e de acompañamento, dunha rede pública de servizos que lles garanta condicións de vida dignas, calidade de vida e benestar, a elas e ás súas familias e ao conxunto en definitiva da sociedade, que sexa hoxe ou mañá poidamos vernos en situación semellante a ela.

E precisamente se falamos da independencia, da autonomía desas persoas dependentes, en Galiza hai que pensar nun servizo fundamentalmente, que é do que hoxe trae aquí esta proposición non de lei o Bloque Nacionalista Galego, que é o servizo de axuda no fogar, que, como levamos advertindo desde a nosa forza política, desde este grupo parlamentario desde hai anos, está nunha situación insostible.

Hai anos que deron a voz de alerta os concellos de todas as cores, gobernados polos tres partidos, as tres forzas políticas hoxe representadas nesta cámara; as traballadoras sociais, que son quen se encarga da xestión do propio SAF e de velar polo seu correcto funcionamento; deron a voz de alarma as traballadoras, as auxiliares, que son as que sosteñen sobre o seu lombo o servizo de axuda no fogar no noso país, e tamén, por suposto, deron a voz de alerta as usuarias e as familias, que en última instancia son as que asumen as consecuencias e sofren na propia pel este colapso. Todo o mundo implicado no servizo de axuda no fogar no noso país leva anos advertindo dunha situación insostible por máis tempo.

O SAF atende en Galiza hoxe máis de vinte e cinco mil persoas usuarias, pero hoxe en día só están accedendo a ese servizo de axuda no fogar, ao que teñen recoñecido por lei o seu dereito, persoas de grao tres, grandes dependentes, que se atopan nun estado precisamente de independencia moi limitado. As que conseguen acceder a el, porque na maior parte dos concellos existe unha longa lista de espera e só acceden altas por baixas; é dicir, só se dan de alta no servizo de axuda no fogar aquelas persoas despois de que morra ou marche a unha residencia outra persoa usuaria.

A situación é tal que hoxe por hoxe é imposible garantir a atención de todas as persoas, que —insisto— teñen recoñecido por lei como dereito social o servizo de axuda no fogar de acordo coa Lei de dependencia. ¿Que é o que está acontecendo? Que os concellos non teñen nin persoal suficiente nin orzamento para asumiren un servizo destas características, cun custo real que oscila entre os 20 e os 24 euros á hora, dos que a Xunta de Galiza paga 12,40 euros e o resto debe ser asumido polos concellos, toda vez que as persoas usuarias, como saben, fan unha aportación pequena e en función sempre da súa capacidade patrimonial e da súa renda.

Agora mesmo acabamos de escoitar eses 12,40 euros que se subiron hai tres anos, despois de que o Partido Popular mantivese conxelada a aportación que fai ao módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar en 9,7 euros durante doce anos. Unha suba que se produce hai tres anos, no 2021, e que practicamente foi absorbida polo incremento de custos paralelo á suba do custo da vida do IPC.



A situación ademais non vai ir a mellor. Eu tráíolles un pouco a perspectiva temporal. No ano 2009, cando se aproba a Orde que regula o servizo de axuda no fogar, había en Galiza 4.156 persoas usuarias do SAF; no 2009, 4.100 persoas usuarias; dez anos despois, no 2019, eran 23.800 persoas usuarias; hoxe supéranse as 25.000 persoas, nun servizo que practicamente se segue prestando nas mesmas condicións que hai quince anos, pero cun custo triplicado para as arcas municipais e, sobre todo, cunha realidade poboacional que nada ten que ver coa que existía no noso país hai quince anos, simplemente por unha cuestión demográfica.

Decía ao comezo que hoxe está atendendo única e exclusivamente ou case na práctica o servizo de axuda no fogar grandes dependentes, persoas do grao tres, cando non foi concibido como un servizo para grandes dependentes, senón máis ao contrario, para ir garantindo autonomía persoal —digamos— nas primeiras fases de envellecemento, para evitar a institucionalización e que acabasen as persoas na residencia. En definitiva, para garantir que poidas facerte vello na túa casa nas mellores condicións de vida.

¿Cales son as consecuencias e, sobre todo, quen as paga? Porque non falamos unicamente dun debate competencial entre se isto lle corresponde a un concello ou se lle corresponde á Xunta, e se ti pagas 12 euros ou pagas 40. Isto, ao final, falamos dos dereitos das persoas, primeiro, das persoas que traballan nos servizos sociais comunitarios dos concellos, cunha capacidade moi limitada. Hai unha ratio de traballadoras sociais en Galiza. Saía ademais estes días o informe da Asociación de Directoras e Xestoras de Servizos Sociais a nivel estatal, e temos unha ratio de traballadoras sociais en Galiza dunha traballadora social por cada 2.200 persoas no noso país, cando a media do Estado está nunha traballadora social por cada 1.700 persoas.

Non teñen capacidade para facer o seu traballo, porque están sobrecargadas dunha carga administrativa que imposibilita que fagan unha función esencial cando falamos do SAF, que é velar *in situ* con visitas no domicilio, porque se presta o servizo coa máxima calidade.

En segundo lugar, quen paga as consecuencias é o lombo das traballadoras, que son as que en condicións moi precarias, cunha dispersión poboacional como a que existe no noso país, teñen que asumir unha tarefa de coidado, que non é fácil. Porque atender unha persoa gran dependente, que está encamada, levantala, levala ao baño, duchala, aseala, levantala para vestila, darlle o almorzo... é un traballo físico e psicolóxico enorme.

E, en terceiro lugar, quen sofre directamente as consecuencias son as persoas usuarias, ás que en moitos casos —e quero insistir moito nisto— se lles nega un dereito social recoñecido no papel, pero non na realidade.

Hai lista de espera en practicamente todos os concellos galegos. Eu trouxen tres exemplos da miña comarca, nos que están representadas as tres principais forzas políticas desta cámara: Vilalba, 14.000 habitantes, 315 usuarios, 200 persoas grao un en lista de espera e 35 persoas graos dous e tres en lista de espera; Outeiro de Rei, que goberna o Partido Popular con maioría absoluta, 93 usuarias do SAF, 44 persoas en lista de espera; Samos, que é un Goberno nacionalista do BNG, 34 persoas usuarias, 16 persoas en lista de espera.



Todos os concellos levan alertando a Xunta de Galiza do colapso da creba do SAF e da necesidade de que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade, que é o que hoxe pedimos na nosa proposición non de lei, e garanta que se sostén no tempo con dúas cuestións que son as que integran a nosa proposta e que son esenciais:

Unha, aumentando a aportación económica que fai a Xunta de Galiza ao módulo de financiamento do SAF. Nós propoñemos unha cantidade concreta: 20 euros á hora no prazo de dous anos, que subamos catro euros á hora de dependencia na aportación económica que fai a Xunta de Galiza nos orzamentos do 2025 e catro euros máis nos orzamentos do 2026, seguindo máis ou menos o ritmo dese incremento que se produciu hai xa anos. Vinte euros á hora para aliviar a carga económica que lles supón o sostemento do servizo de axuda no fogar aos concellos, pero sobre todo para velar por que se preste nas mellores condicións posibles para as traballadoras e para as persoas usuarias.

E, en segundo lugar, e con isto remato, garantir que o SAF, que é unha peza clave hoxe no sistema de atención á dependencia, que todo o mundo se dá golpes de peito e gaba e o pon en valor, se sosteña no tempo e se converta nesa peza chave do modelo de coidados que debe imperar neste país, reactivando a comisión que está creada xa desde o ano 2021 no seo da Fegamp, e que o Partido Popular ten bloqueada non sabemos moi ben por que. Desde ese momento...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: —Si, remato con isto, señora presidenta.— ...que se fale de como abordar a necesaria reforma do servizo de axuda no fogar para facelo sostible, para adaptalo á realidade e á necesidade presente e futura en termos demográficos no noso país, e para garantir que por unha vez o que pon o papel, o dereito que che reconece unha lei desde o ano 2007, se transforma nunha realidade para o conxunto de galegas e galegos.

Agardamos que os do «si» non voten por unha vez que «non».

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do resto dos grupos parlamentarios.

Empezando polos emendantes, ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

O peso do financiamento local sobre o total do gasto en servizos sociais en Galicia é inferior á media de España, xa que supón o 21,7 por cento en Galicia, fronte ao 27,3 por cento no



resto do Estado. En consecuencia, a aportación da Comunidade Autónoma é superior á media, co 78,3 por cento do total do gasto, fronte ao 72,7 por cento da media de España. Estes datos non os di o Partido Popular, estes datos están nese informe de directores de Servizos Sociais dos que falaba a señora Rodil.

E polo que respecta á axuda no fogar, a aportación da Xunta aos concellos para axuda a domicilio incrementouse, como aquí xa se dixo, un vinte e catro por cento nos últimos anos, pasando de 9,7 aos 12 euros por hora, e o sesenta por cento de todo o custo da axuda no fogar págao a Xunta de Galicia. E o presidente xa iniciou unha nova rolda coa Fegamp, porque, como aquí moi ben acaba de dicir hai uns minutos e como xa tiña dito, estamos convencidos de que a Xunta ten que seguir apoiando.

Ao señor Besteiro non lle parece importante ao parecer que se fale cos concellos; aquí falaba hai un momento da axuda no fogar, pero agora xa non lle interesa, xa soltou a súa mensaxe do día e xa se vai. Pero dixo unha cousa moi interesante, que eu penso e espero que recollan os socialistas que seguen no escano, e é que el si vai apoiar que o Goberno lle dea máis cartos á Xunta de Galicia para o SAF. Entón, estamos convencidos de que si van apoiar a emenda que presentamos. *(Aplausos.)*

O servizo de axuda no fogar, que segundo datos do Imsero —como aquí xa se dixo— están recibindo máis de vinte e cinco mil galegos, é o máis demandado e tamén o máis valorado polos usuarios. Pero non se equivoquen, pois a culpa dos problemas que están a vivir a Xunta de Galicia, os concellos de todos os partidos políticos e os usuarios é en boa medida polas accións ou as faltas de accións dos socialistas galegos e os nacionalistas.

E é así dende o principio. No ano 2008 fan unha lei no Goberno bipartito, para que sexan os concellos os que teñan as competencias. Porque a Xunta fai as valoracións, pero fanas de acordo coa lei estatal, unha lei estatal que di que prestacións se poden dar e cal prestación, cantas horas, por exemplo, da axuda a domicilio hai que dar. E a Xunta valora, o Goberno decide o que lle hai que dar, e son os concellos os que o teñen que aplicar. Todo iso por unha lei socialista. *(Aplausos.)*

E resulta que o que está pasando na actualidade é que nin sequera os propios socialistas cumpren a lei que eles asinan. Ben, a iso xa estamos acostumbrados. Pero resulta que a lei di que o 50 por cento o paga a Xunta, o 50 por cento págao o Estado, e na realidade o 70 por cento págao a Xunta, o 30 por cento o Estado. Son 200.000 euros de débeda cada ano, 2.500 millóns de euros neste momento. ¡Dous mil cincocentos millóns de euros! E mentres, o PSOE e o BNG mirando para outro lado. O PSOE de Besteiro, como quedou aquí patente hai uns minutos, no mundo de Matrix, e o BNG tamén.

O BNG en dúas ocasións deulle o Goberno de Sánchez. No ano 2019 ía nese acordo que ía financiar o 50 por cento. Nada. Acabou a lexislatura, houbo que asinar outro acordo, e outra vez puxeron o mesmo, e outra vez nada. ¿E ven vostedes ao BNG preocupado? Non, simplemente lle bota a culpa á Xunta, con el non vai nada. Porque xa nos deixou moi claro esta fin de semana que para o BNG, efectivamente, señora Rodil, a independencia é moito máis importante que o benestar dos dependentes, moito máis importante. *(Aplausos.)*



Pero é que o Goberno de Sánchez, ademais de ser moroso, é absolutamente desleal. E hai só un ano xusto antes das eleccións xerais poñía un novo decreto co cal daba máis prestacións, coas cales estamos absolutamente de acordo. Pero é que unha vez máis o Goberno de Sánchez invita e todos os demais pagan. Porque máis prestacións, si, pero o incremento de financiamento por parte do Estado, cero. *(Aplausos.)* Co cal a débeda segue incrementándose, señores.

¿E que fan PSOE e BNG? Moi fácil: que a Xunta lles dea máis. É o único que lles preocupa, porque xestionar tampouco xestionan.

A ratio de atención que teñen as grandes cidades é preocupante: Lugo, 41 por cento; Vigo, 40 por cento; o Goberno supersocial do BNG de Pontevedra, o 29 por cento; A Coruña, o 40 por cento. Pero é que, señores, o da Coruña é para nota, *(A señora Arias Rodríguez amósalle á Cámara un documento.)* o da Coruña é para nota porque a parte de atender só o 40 por cento, non xestiona o que teñen que pagar, e resulta que a xente se atopou hai un mes ou menos con que lle estaban reclamando 5.000 euros que no sabían que debían. Porque non era culpa deles, que non o quixeran pagar, era que o Goberno da Coruña non o estaba xestionando.

E outro Goberno tamén socialista, eses gobernos supersociais que din ser, o Goberno de Monforte de Lemos, cun alcalde que é sindicalista e que onte mesmo se publicaba na prensa como o Supremo rexeitaba un recurso sobre os salarios do SAF do Concello de Monforte. Ese Goberno socialista e sindicalista que non lles quería pagar ás traballadoras de axuda no fogar o que por lei lles corresponde. *(Aplausos.)*

E seguindo a falar da xestión que están a facer, temos que ter claro que o Goberno da Xunta está absolutamente comprometido co servizo de axuda no fogar. E xa se dixo aquí —e volvo insistir— que no 2021 se acordou coa Fegamp, con todos os concellos, un incremento do 24 por cento, e neste momento séguese traballando para un novo acordo. Neste momento, e xa só con respecto ao ano 2023, subiuse un quince por cento as aportacións aos concellos, que están en 130 millóns de euros.

Nós presentamos unha emenda para que, ademais de que a Xunta siga aportando, siga traballando e colaborando cos concellos en beneficio dos dependentes e das dependentes, tamén o Estado faga os deberes. Porque —olvidense— se o Estado non pon o que por lei lle corresponde nunca poderemos atender os dependentes galegos como se merecen. Son 2.500 millóns de euros que nos deben. Pedimos iso e pedimos tamén que nunca máis o Estado sexa desleal cos galegos e coas galegas, que cando faga unha norma consulte, avise con tempo e poña financiamento, porque non pode ser que sempre Madrid invite e os galegos teñan que pagar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.



En esencia, eu penso que temos todos claro que os concellos non poden seguir na situación na que se encontran a maior parte deles en relación con este tema. As protestas —como xa se dixo aquí— por parte dos concellos proveñen de gobernos de todo signo político. Mesmo, por exemplo, na provincia de Ourense recentemente saltou na prensa un concello gobernado polo BNG cuxas traballadoras sociais protestan porque teñen que poñer o seu propio vehículo ou usar o seu propio vehículo para atender moitas destas persoas dependentes.

Hai unha cuestión moi importante: desde os despachos fanse os números de xeito abstracto, de xeito xenérico. E non é o mesmo ao mellor unha poboación dispersa, como pode ser a provincia de Ourense, na que unha profesional deste servizo teña que desprazarse varios quilómetros ao longo da mañá para atender diferentes persoas que viven a certa distancia unhas doutras, que unha empresa ou un servizo municipal —xa existen as dúas formas— e que preste eses servizos nunha área concentrada e onde ao mellor na mesma mañá podería atender moitas máis persoas e con moitas mellores condicións por parte dos servizos. Sen embargo, desde os despachos faise *tabula rasa* de todo iso, póñense uns números etcétera.

Ben, os concellos asumen unha carga importante por varios motivos. Primeiro, porque eses problemas na medida do posible nunca quedan sen resolver ata onde o concello pode aportar algunha axuda. ¿Por que? Porque, como din os italianos, «*lontano dagli occhi, lontano dal cuore*», o que está lonxe dos ollos está lonxe do corazón. E desde a Xunta de Galicia e do Estado central esas persoas son meros números, son meras estatísticas, non as ven cos seus propios ollos; pero, claro, para un concello e para o servizo que está prestando esas axudas para esas persoas son persoas, e son persoas coas que chegan a ter certo trato persoal, certa intimidade e certa amizade mesmo, porque esa é a natureza do servizo.

E cando a axuda por parte das institucións supramunicipais non é suficiente, moitas veces as propias profesionais —porque tamén hai que dar ese dato real de que na súa maior parte son mulleres as que prestan este servizo— chegan incluso a perder do seu, a poñer do seu peto ou a perder do seu tempo etcétera para que esa persoa non estea desatendida.

E por parte do concello igual, pois ao mellor se non hai partida orzamentaria para terminar de cubrir eses custos adicionais faise como se pode porque o primeiro son as persoas. O home e a muller, o ser humano, é a medida de todas as cousas, como dixo aquel filósofo grego. E o primeiro son as persoas e despois xa veremos como resolvemos a democracia. Loxicamente, cada institución na medida do posible debe facer as súas aportacións e non cargar sempre todo nos concellos, non cargar sempre tamén mesmo no servizo cando está privatizado.

Hai pouco dicían representantes dese sector empresarial —porque son empresas concesionarias— que as súas marxes de ganancia son moi pequenas, e ao final mesmo os conflitos laborais que poidan xurdir acaban repercutindo tamén nos concellos, aínda que só sexa a nivel mediático.

Efectivamente, a Xunta de Galicia, tal e como propón o BNG, tamén na parte que lle corresponde ao Goberno central, pero as propostas do BNG parécennos moi acaídas e parécenos que se coñece a realidade do que fai falta. Loxicamente, eses cartos públicos están para algo



e, en primeiro lugar, deberían estar para esta clase de cousas porque son as cousas que non cobre o mercado. E sinxelamente engadir que apoiaremos esa postura.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día.

Pois eu creo que imos rematar, polo menos nesta quenda con respecto á dependencia, este período de sesións pechando o círculo tal e como comezabamos hai agora tres meses. Cando comezamos a falar aquí de dependencia, o Partido Socialista, neste caso na miña persoa, dixo que eu tiña unha mala noticia que darlles e era que vostedes gobernaban. Isto non foi unha idea de sorna ou de facer unha ironía sobre o tema, é unha realidade, pois vostedes gobernan. E posiblemente o feito de que decidisen non tomar a iniciativa ou non gobernar no eido da dependencia dos servizos sociais en boa medida é o que nos trouxo ata aquí. E podemos seguir falando de se nos corresponde o 20 por cento, se nos corresponde o 50 por cento, de se estamos en 20 euros ou de se estamos en 24 euros máis. Pero o caso é que hai un defecto desde practicamente o ano 2009, que foi o non-desenvolvemento do articulado que prevé a Lei da autonomía persoal e, en concreto, a Lei de servizos sociais de Galicia. Unha inacción e un rexeitamento a liderar esta lei.

E vou ser concreta, igual o tema é un pouquiño pesado porque vén de cuestión xurídica, pero ao final somos o que somos porque as leis nos marcan o noso sitio. Pois ben, no artigo 59 da Lei de servizos sociais de Galicia establécese que son competencia da Xunta o liderado do sistema de servizos sociais —poden consultalo, que o pon ben clariño—. Indo ao concreto, o establecemento dun marco normativo de todos os servizos sociais e a planificación dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia corresponde facelo mediante a elaboración estratéxica dun plan de servizos sociais e os plans e programas sectoriais. Ata o día de hoxe non coñecemos ningún nin o vimos nunca. Ese plan estratéxico, que non foi aprobado e que non veu a luz en todos estes anos, vai ter despois unha serie de repercusións que é o que nos leva á situación na que estamos.

Concretamente, con respecto a este Plan estratéxico de servizos sociais, o artigo 45 da propia lei establece que «O departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais elaborará cada seis anos un plan estratéxico». É dicir, non só teríamos que ter un plan estratéxico marco, senón que cada seis anos —a lei está ben feita neste sentido—, vendo as necesidades da sociedade e tamén o devir da cuestión económica, habería que reaxustalo e planificalo e volver poñelo encima da mesa; iso si, a Xunta e os concellos. E este plan tería que ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. É dicir, non foi aprobado, o plan non existe. Iso denota falta de implicación nese liderado, nesa obriga que ten a Xunta



de Galicia de liderar o Sistema galego de servizos sociais e que lle corresponde —como dicía— de acordo coa lei, en concreto, como acabamos de especificar co artigo 59 da lei de 2008.

Ademais, a falta de aprobación deste plan estratéxico ten —como dicía ao principio— unha consideración práctica negativa para o desenvolvemento da lei. Punto un —e isto non soamente de dependencia, senón que afecta outras cuestións da dependencia—, o decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e o seu fin e o seu financiamento, que é o Decreto 99/2012, prevé no seu capítulo VIII, ademais das transferencias finalistas correntes para o financiamento do plan concertado da axuda a domicilio e demais gastos correntes dos servizos sociais municipais, a posibilidade de dar transferencias de capital para investimentos en centros de titularidade municipal como centros sociais polivalentes, centros de día, centros de acollida de persoas sen fogar, albergues de transeúntes e calquera tipo de centro de competencia municipal. É dicir, non só estaríamos regulando o que nos trae hoxe aquí, o servizo de axuda no fogar, senón outras series de competencias municipais que están ategando aos concellos, que son nin máis nin menos que as cincuenta da administración en xeral.

Segundo, a posibilidade de desenvolver este mecanismo de transferencias de capital corrente para o financiamento de investimentos de capital de titularidade municipal está condicionada, de acordo coa disposición transitoria segunda deste Decreto 99/2012, ao desenvolvemento da Lei de servizos sociais de Galicia, que condiciona que se aprrobe no Mapa galego de servizos sociais e, polo tanto, no Plan estratéxico de servizos sociais, que —volvo ao inicio da miña intervención— nunca se fixo. É dicir, temos a trampa perfecta para non aprobar un plan estratéxico que nos regule, que nos leve fóra de todo este tipo de disquisicións que traemos hoxe aquí, que podemos estar así ao infinito, que somos unha comunidade envellecida, que imos a peor e que imos colapsar non dentro dun ano, ao mellor dentro de seis meses. É que non imos ter nin axuda no fogar, nin residencia, nin ninguén que nos poida solventar esta situación, basicamente, porque cortocircuitaron esta lei no inicio e preferiron ir ao xogo político de quen pon e quen deixa de poñer. E isto o que vai atraer simplemente é que o día menos pensado... xa está a Fegamp, é dicir, con concellos —como ben se dicía aquí— de todas as cores, pois o día menos pensado a xente nas súas casas non vai ter un servizo de axuda no fogar, porque é basicamente inviable.

Entón, en setembro volveremos aquí outra vez neste período de sesións. Eu non sei se habería unha posibilidade —non está aquí a conselleira, ben, vostedes mandarán recado— porque ferramentas hainas, e necesidade e vontade por parte dos concellos de sentarse a negociar e falar das necesidades que imos ter cara ao futuro tamén. Pero, claro, preferimos estoutro xogo, é dicir, non miremos as leis, non miremos como tivemos que deixar morrer unha lei que efectivamente ten que estar liderada por cada comunidade autónoma, e sigamos como estamos: a comunidade catorce no *ranking* de servizos sociais do Estado. E hainas do PP que funcionan ben, pero esta non funciona ben, e ademais desgraciadamente verémolo nun futuro —eu espero que non teñamos que chegar aí— case inmediato.

Pero, claro, isto eu creo que tamén parte en boa medida da persoa que lidera todo isto, un señor que hoxe vimos que bascula e que mide a cuestión como o líder Kim Jong-Un, polos



niveis de aplauso. Claro, isto non é unha forma de gobernar. O Goberno deste país non se mide en niveis de aplauso, porque se a iso imos, eu creo que se lle aplaude moito máis ao señor Diego Calvo, que polo menos responde ao que se lle pregunta. O nivel dun país mídese en cumprir as leis e aquí ninguén as está cumprindo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha a autora da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de que o esqueza, quixera agradecer o apoio das demais forzas políticas, tanto de Democracia Ourensana como do Partido Socialista, que van apoiar a proposta do BNG.

Señora Arias, grazas ao acordo de investidura asinado polo Bloque Nacionalista Galego en Madrid, hoxe, no ano 2024, o Goberno español financia o 44 por cento do servizo de axuda no fogar en Galiza, (*Aplausos.*) páxina 354 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza, con 57 millóns de euros. ¿Sabe canto poñía o Goberno de Mariano Rajoy, do Partido Popular, nos orzamentos de 2017 para o SAF en Galiza? ¡Dieciséis pírricos millóns de euros! (*Aplausos.*) Non chegaba máis que a rozar o vinte e sete por cento. (*Aplausos.*) ¿E que facía o Goberno do Partido Popular aquí? ¡Calar!

Efectivamente, a este país débeselle moito diñeiro. Son 2.500 millóns de euros do Estado, grazas..., as grazas teñen que dárllelas vostedes a si mesmos, que foron os que recortaron até a saciedade a aportación do Goberno español ao servizo de atención e axuda á dependencia. ¡Non pagaron nunca! Eu pídolles algo de pudor, xa non lles falo de vergonza, pídolles un pouco de pudor, porque se lle deben a este país, e non en abstracto a unha consellería, non, á xente máis vulnerable, ás persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, 2.500 millóns de euros desde o ano 2007, e grazas, entre outros, ao silencio da Xunta e do Partido Popular durante os anos que gobernaron vostedes en Madrid. Entón, ¡home!, eu, de verdade, algo de pudor, porque no seu mellor momento chegaron apenas ao vinte e sete por cento.

O debate eu, dentro da complexidade, é bastante máis simple nesta proposición non de lei e agora mesmo aquí dentro desta cámara. Nós no BNG traemos unha proposta concreta, cunha cantidade medida: 20 euros/hora no prazo de dous anos. Unha proposta asumible, factible, que entendemos que é primeiro un alivio para os concellos, para todos os concellos, para todos, collan a forza política que queiran, a súa ou a nosa, todos asfixiados absolutamente. E é tamén bastante máis simple todo isto, pois o SAF é parte do Sistema de atención e axuda á dependencia. A lei do ano 2006 di que ese sistema o financia o 50 por cento a Comunidade Autónoma e o 50 por cento o Goberno do Estado. Xa está, acabouse o dilema da competencia e o financiamento.

Entón, nós traemos unha proposta concreta, asumible e factible de incrementar a aportación da Xunta a 20 euros/hora no prazo de dous anos. ¿Van votar que si, van votar que non? ¿Van



votar que si para axudar os concellos, as traballadoras sociais, as auxiliares a domicilio e, sobre todo, as usuarias do SAF ou van votar que non? Porque eu tamén vin os titulares e a prensa. Si, estamos moi preocupados, moi comprometidos, imos subir, pero nin cando nin como nin en que cantidade. E as palabras lévaas o aire. Os 20 euros/hora en dous anos non os leva o aire porque é un compromiso.

Entón, nós, con vocación de querer chegar a un acordo, imos facerlles chegar no tempo que se van debater o resto das proposicións non de lei —hai tempo— unha proposta de transacción a partir da emenda que presenta o Partido Popular. Nós estamos de acordo, recoñécemolo aquí desde que se creou a Lei de dependencia, de que o Estado non paga o que debe. Vale, poñémolo, cuantifícalo e incorporámolo como unha addenda á nosa proposta. Pero nós imos someter a votación nesta cámara unha proposta que foi un compromiso do BNG, expresado na campaña electoral,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...recollido textualmente no noso programa de goberno, que sometemos á consideración do pobo galego nestas eleccións e que traemos na súa literalidade hoxe para someter tamén ao escrutinio desta cámara. E aí decidírase: ¿vai votar a favor e apoiar o incremento da aportación da Xunta a 20 euros/hora no prazo de dous anos o Partido Popular, si ou non?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Verémolo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a que está rexistrada co número 6747, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Daniel Castro García, e a 6749, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Silvia Longueira Castro.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte contido:



«Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incorporar unha partida propia nos orzamentos do vindeiro ano que permita complementar a axuda estatal e culminar o proceso de elaboración do Proxecto Nós coa maior celeridade.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir ao final da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

«...e a destinar todos os fondos que proveñen do PERTE nova economía da lingua a desenvolver o Proxecto Nós en toda a súa extensión coas entidades galegas que traballan no eido de referencia. E cumprir coa achega económica acordada de 600.000 euros anuais á Universidade de Vigo e á Universidade da Coruña.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei, por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don José Luis Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Segundo a definición achegada polo Goberno central, os PERTE, proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica, son un novo instrumento de colaboración público-privada, nos que colaboran as distintas administracións públicas, empresas e distintos centros de investigación. O seu obxectivo é impulsar grandes iniciativas que contribúan claramente á transformación da economía española.

Máis concretamente, o que nos ocupa hoxe, o PERTE Nova economía da lingua, preséntase como unha oportunidade para aproveitar o potencial do español e, por suposto, das linguas cooficiais, como factor de crecemento económico e de competitividade internacional en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a aprendizaxe, a divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación e a ciencia. Para isto conta este PERTE cun orzamento de 1.100 millóns de euros de investimento público, co obxectivo de mobilizar outros 1.000 millóns de euros por investimento privado.

Hai pouco máis dun ano, o anterior conselleiro de Cultura, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela e o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Amtega, presentaron as primeiras ferramentas dispoñibles do Proxecto Nós. Un proxecto que nace para que o galego non perda o tren da dixitalización, pois a nosa lingua non pode ficar excluída dos novos recursos tecnolóxicos presentes e futuros.

Escolleuse este nome para este proxecto por coincidir o seu impulso co centenario da publicación da revista *Nós* e a dunha xeración de galegas e galegos irrepertible, que tiña clara a



universalidade da nosa lingua e a necesidade de que se desenvolvera en todos os ámbitos, como calquera outra lingua culta do mundo, así como a visión dunha Galicia moderna e acorde coas sociedades europeas contemporáneas.

É este proxecto, polo tanto, unha iniciativa que traballa en incorporar o galego ás novas linguaxes dixitais. Para iso desenvolveu tres aplicacións sen precedente en Galicia, que permitirán a interacción en lingua galega entre as persoas usuarias e os dispositivos tecnolóxicos. Estas tres aplicacións son en concreto un tradutor neuronal multilingüe, é dicir, un xerador de lingua natural, que converte datos estruturados en oracións en galego, tanto textuais como orais; un recoñecedor de fala, que entende o galego oral e o converte a texto, posibilitando a integración ou a subtitulación automática, e un sintetizador de voz, que a partir dun texto é quen de ler en lingua galega.

Estes avances son para que calquera persoa, empresa ou proxecto os poida usar de xeito gratuïto e permitirán non só reforzar a proxección exterior da nosa lingua, senón tamén a expansión económica do galego como vehículo de comunicación en moitos mercados globais.

O Proxecto Nós é unha iniciativa de futuro en todos os sentidos, que situará o galego ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo no ámbito tecnolóxico. Ese é o camiño.

A Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela impulsaron inicialmente o Proxecto Nós, que foi introducido no PERTE Nova economía da lingua e supón e vai supor o maior investimento directo na promoción do galego de toda a historia de Galicia. *(Aplausos.)*

A evolución deste proxecto respecto das tecnoloxías favorecerá que a tradución e o uso das linguas cooficiais en todo tipo de institucións e foros poida ser posible en igualdade de condicións coas grandes linguas, polo que moitas das diferenzas hoxe existentes, poño, por exemplo, a utilización do galego no Congreso, no Senado ou na Unión Europea, ou noutros eidos máis cotiáns do noso ámbito, como a xustiza, a educación, a sanidade, as discapacidades e moitos outros, poida supor un punto de avance importante e tamén, ao final, de moitas diferenzas sobre o emprego ou o custo destas medidas que se están pondo enriba da mesa e sobre as que o Partido Popular non mostra a súa desconformidade, senón que cuestiona, igual que dende outros moitos foros, o elevadísimo custo destas medidas, cando eses fondos precisamente son moi necesarios para facer política lingüística nas comunidades autónomas con linguas cooficiais.

É especialmente relevante tamén que Galicia se converta nun polo tecnolóxico de referencia e conseguir o mesmo que xa conseguimos co audiovisual. Grazas a ter unha lingua propia pode desenvolverse en Galicia un sector de empresas tecnolóxicas que logo accedan a outros mercados, xa que moitas linguas do mundo —aquí temos unha grande vantaxe ao pertencermos ao mundo da lusofonía— irán paulatinamente incorporándose e precisarán de empresas especializadas, onde Galicia pode converterse nun referente, facendo unha mención a que a nosa comunidade autónoma —como saben— foi elixida como sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial.



Sinceramente, creo que todos os grupos debemos apoiar esta demanda, pois é unha demanda lexítima para que Galicia poida seguir desenvolvendo unha política lingüística que sexa quen de seguir acadando metas no uso e na difusión do galego.

O Partido Popular non fai máis que reclamar o que a Galicia lle corresponde. Ademais, quérolles recordar —e non con ánimo de facer sangue nin moito menos— o seu acordo de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, con varios puntos, como vostedes mesmos saben, onde no número 17 precisamente o Bloque lle plantexa isto ao Partido Socialista, que acepta: «Financiarase a adaptación do galego á nova era dixital, dotando con 15 millóns de euros para o período 2024-2027 os proxectos con implicación da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia». Así mesmo, «tenderase a un maior peso do galego, éuscaro e catalán no conxunto do PERTE Novas tecnoloxías da lingua».

Señorías, estas son as boas palabras, agora toca cumprilas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Nós estamos moi de acordo co que di o Partido Popular sobre esta cuestión da súa moción e tamén apoiaremos esta moción no sentido de solicitar ese financiamento, pero tamén queremos poñer o máis claro posible de que vai todo isto, porque hai cuestións polo medio que non están de todo aclaradas.

Como ben se dixo aquí, o PERTE da Nova economía da lingua, aprobado en marzo de 2022 polo Goberno de Pedro Sánchez dentro dese Plan de recuperación, transformación e resiliencia, plantexa —como se dixo— a oportunidade de potenciar tanto o español como as linguas cooficiais como factor de crecemento económico e de competitividade internacional en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a aprendizaxe, a divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación e a ciencia. É unha oportunidade única para que a lingua, que é basicamente un instrumento de comunicación e poder, teña un pasaporte de primeira clase no eido da transformación social que estamos a vivir a través da implementación de procesos de intelixencia artificial. Parécenos a idea máis acaída que podería ter unha lingua como o galego para estar no nivel de saída e na parrilla de saída que se merece.

Quere isto dicir que desde o Goberno de España se articulou unha xerencia para que as comunicacións das plataformas de proceso de datos tivesen unha fonte de investigación directa e veraz, articulada arredor de seis principios fundamentais: o carácter integrado, a colaboración público-privada, a vertebración territorial, o panhispanismo, a participación das pemes e *startups*, a dixitalización integradora baseada no humanismo tecnolóxico e a igualdade de xénero.



O plan recolle as linguas cooficiais: o galego, catalán, vasco e valenciano. E para cada un deles dotouse cun orzamento de dous millóns de euros a cada unha das linguas cooficiais. É dicir, o que nos chegou aquí foi o mesmo que lle chegou a Cataluña, o mesmo que chegou ao País Vasco e ao País Valenciano. E despois cada un de nós, ou sexa, cada unha destas linguas cooficiais, debe contar co financiamento da comunidade autónoma correspondente.

Ben, ¿que aconteceu en Galicia? Pois que aquí había xa un plan, que é o Plan Nós, como ben dixo aquí o señor Ferro, feito a través da Universidade de Santiago de Compostela, que xa estaba estruturado antes de que se establecese o sistema de PERTE. E desde a Consellería de Cultura decidiron presentar este proxecto, que estaba pechado, fronte a todas as entidades vencelladas coa lingua galega.

Fixeron unha reunión con todos os axentes de cultura para ver que cuestións podían poñer sobre a mesa co fin de acceder a estes fondos de recuperación, pero a cuestión é que o proxecto estaba pechado. É dicir, era un proxecto deseñado pola Universidade de Santiago e pechado. Si que fixeron esa reunión cos axentes do sector, pero non se implementou, aquilo era un proxecto xa cerrado. Non se incorporou ningunha achega nin do sector cultural nin de I+D+I nin de empresas tecnolóxicas. E tamén é certo que antes do PERTE a Xunta xa asinara un convenio de 600.000 euros coa Universidade de Santiago. Este PERTE foi presentado e aprobouse o financiamento de dous millóns de euros, que foron concedidos á Universidade de Santiago, tal e como comentou a ministra Nadia Calviño.

Sucede que nin aos investigadores da Universidade de Vigo nin aos investigadores da Universidade da Coruña se lles permitiu a participación e o financiamento das actividades no proxecto. E a realidade é que a Xunta non foi capaz despois de abrir o Proxecto Nós, e hai investigadores na cidade de Vigo e na cidade da Coruña que están vencellados ao procesamento da linguaxe natural e ao uso do galego que non poden participar no proxecto. Vou poñer aquí dous casos: o investigador da UDC, Carlos Gómez, Premio Nacional de Investigación para Xoves, que ten unha investigación sobre o desenvolvemento de algoritmos que incorporan a linguaxe natural a contornas dixitais propias da intelixencia artificial, é dicir, un tema acaidísimo dentro deste PERTE da lingua. E o proxecto falAI da Universidade de Vigo, con Carmen García Mateo e Laura Docio, a través do Centro de Investigacións en Tecnoloxías de Telecomunicacións Atlántic.

Entón, este proxecto, que tiña a necesidade de converterse nun proxecto de país, e que a ten e que nós apostamos por que así sexa, queremos que se abra, pois acabou sendo un proxecto pechado sen resolución de artellar un estrutura para que o que estaba pensado e está pechando a porta a proxectos —como dicíamos— de alto nivel e que xa están a desenvolver noutras tantas universidades como tamén en centros tecnolóxicos e empresas galegas.

Nós cremos que todos teñen que dispoñer e ter acceso a todo o que está dentro das ferramentas do Proxecto Nós. É verdade que a algunhas ferramentas parece que se lles está dando vía libre para que poidan ser utilizadas, pero outras non. E abondo máis no que dicimos. Por exemplo, se vai alguén á Televisión de Galicia pedir un repositorio de voces en galego, pois entendemos que é o máis grande do país, ou calquera outra institución ou unha empresa que teña este fondo de voces, e pide traballar nos repositorios do Proxecto Nós para proxec-



tos punteiros da intelixencia artificial de recoñecemento lingüístico, rediríxeno ao Proxecto Nós. Cando van ao Proxecto Nós dinlles que o proxecto está pechado e bloqueado, é dicir, non hai un tránsito, non hai unha fluidez nos proxectos, que —como dicíamos ao principio, que apoiamos ademais o que trae aquí o señor Ferro— entendemos que é un proxecto punteiro para Galicia. Non esquezamos que a lingua é poder e que nós temos que apoderar e temos que estar á fronte deste poder coa lingua galega, e estámolo converténdoo nun proxecto pechado dunha universidade concreta e que, ademais, hai outras universidades que están esperando tamén ese financiamento.

Entón, investidos estes dous millóns de euros unicamente nestes tres anos, é dicir, ¿onde está a vixencia?, ¿onde está o informe do que aconteceu? Non se crearon infraestruturas nin implicación coas empresas para que fagan o desenvolvemento e para que permanezan no tempo. E o único froito que deu Nós foi a creación do Proxecto Carvalho, que é o primeiro modelo de linguaxe a grande escala de alta calidade en galego, que permite a creación de novas ferramentas e aplicacións da intelixencia artificial xenerativa na nosa lingua e dentro da plataforma estatal Alia.

Entón, ¿cal é a realidade a día de hoxe? Que o Proxecto Nós só funciona como un proxecto —insisto— pechado, que a consellería non cumpriu os seus compromisos de financiamento cos investigadores de referencia das dúas universidades e que a achega de dous millóns de euros foi a achega que se lles fixo a todos os proxectos. Virán novas achegas, estase a traballador en Madrid como se van librar as próximas axudas do PERTE. E nós poñemos encima da mesa estas eivas que consideramos que deben de estar resoltas, e deberíanse abrir fronteiras e non pechalas, para que non soamente fosen aqueles que estean dentro do Proxecto Nós os que estean eu non digo liderando, porque tampouco é esa cuestión, pero que sirvan para o que foi creado este PERTE, que sirvan para que outros polos da investigación tan avanzados como Nós, incluso hai aquí un premio nacional —como dicíamos— na sede da Coruña, poidan ter acceso ao que é de todos. E basicamente porque está financiado con diñeiro de todos.

E insisto: nós apoiamos pedir ese financiamento, pero queremos tamén que desde a Xunta de Galicia se comprometan co que deben de comprometerse e que as achegas cheguen onde teñen que chegar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Bo día a todos e todas.

Grazas, presidenta.

Antes de nada, xa que estamos falando de lingua, se me permiten sinalar que ben que, por fin, se lles recoñeza a todas esas persoas que mantiveron na tradición oral, sobre todo mu-



lles ou na súa totalidade mulleres, a lingua galega. Así que parabenicémonos todos por esas Letras Galegas 2025, que eu creo que é dos máis merecidos da historia.

Entón, hoxe estamos falando de galego, Proxecto Nós. Moi ben, falamos de liberdade sempre para poder empregar o galego. E desde hai xa anos, xa non é de agora, pero sobre todo no futuro imos ter e falamos xa coas máquinas, non soamente falamos coas persoas, falamos tamén coas máquinas, e aí o galego ten que estar presente. Isto no día de hoxe, en moitos eidos, en moitas accións concretas, resulta case misión imposible poder falar co navegador dun coche en galego; ditar a un procesador de texto no noso idioma; falar con normalidade cunha asistente virtual, véxase Siri e Alexa, que todos e todas os coñecemos; falar cun Chat-Bot, o subtulado automático de vídeos, é algo que se fai case imposible. E isto tenlle que chegar a todo o mundo dun xeito ben fácil, directo, comprensible.

E por iso dirémolo sempre: ata que teñamos esa liberdade para poder empregar o galego neste eido non haberá unha igualdade entre o galego e español. (*Aplausos.*) Tan simplemente. Simplemente, eu creo que o están tendo moi fácil, porque iso podémolo facer en español, é algo que está ben, pero non o podemos facer en galego. Entón, a igualdade aí non existe. É bastante sinxelo de comprender. Non hai un contexto de igualdade neste caso, pero sobre todo noutros máis. E, ademais —e isto vai para todas as administracións, para todos os gobernos—, porque se dá a casualidade, cando estamos a falar da cuarta lingua máis falada do mundo, con máis de seiscentos millóns de falantes, esta lingua recibe o 97 por cento do financiamento do PERTE da lingua. Por iso os debates das linguas financiadas e tal, onde o español recibe o 97 por cento do financiamento do PERTE da lingua, mentres o vasco, o catalán e o galego reciben o 3 por cento. E iso que soamente no Estado español máis de doce millóns de persoas falan galego, vasco ou catalán. Por iso tamén o de volver ter en conta e de pensar iso dos termos de igualdade cando se fala de política lingüística.

Pero valoramos, evidentemente, positivamente o Proxecto Nós. É algo necesario, porque é un dereito e xa tivo uns avances importantes. Nomeouse aquí o caso do Proxecto Carvalho, no que xa temos o maior corpus textual de galego da historia e con máis de 2,1 millóns de palabras recollidas. E isto serve como base para cousas moi importantes que a priori agora, xa digo rapidamente, non teñen esa relevancia, pero no día a día en moitos sectores laborais si que o teñen, como o feito de desenvolver ChatBot, tradutores e correctores automáticos, entre outras moitas ferramentas dixitais que se acaban utilizando case a diario, como dixen en moitos traballos.

Outros demostradores xa presentados foron o tradutor neuronal, que xa se dixo aquí, o sintetizador de voz ou o recoñecedor de fala. E isto fai que poidamos ser minimamente positivos porque imos moi amodo. E como dixen antes, e isto vai para todos e para todas: non podemos permitir que o galego quede atrás tamén neste eido, porque nos mundos tecnolóxicos, sobre todo entre tecnoloxía e lingua, un ano de atraso pode supoñer un atraso moi grande se o comparamos con calquera outro sector. E por iso temos que dicir alto e claro que eses 15 millóns de euros de financiamento entre o 2024-2027 van chegar, deben chegar, e así será. Vanse conseguir si ou si, porque é o acordado e porque se ten que facer e porque llo debemos todos e todas os que estamos aquí á nosa lingua.



Pero tamén resulta obvio que este sexa un proxecto de país. Eu creo que todos os deputados e as deputadas que estamos aquí o recoñecemos como un proxecto de país no que —espero que esteamos todos de acordo— pois teñen que participar todas as administracións e, sobre todo, a Xunta de Galiza, que é a que ten as competencias exclusivas en política lingüística e a que ten que desenvolverlas. Entón, esta especie de minialdraxe pequena que houbo aquí choca un pouco se vemos os orzamentos deste ano, do 2024, cando non houbo ningún peso nunha partida específica recollida para tal efecto no que ten que ver coas universidades. Ou sexa, pedirlo ao Estado están moi ben, neste caso con toda a razón do mundo, pero tamén hai que facer o seu traballo, e aquí esa partida de 600.000 euros que se recollía, que obrigaba a Xunta a si mesma a facelo, non se recolleu en absoluto nos orzamentos do 2024. De aí tamén a nosa emenda para facer o que prometeron que se recolla neste caso, polo menos, nos do 2025.

Pero non nos enganemos, pois aquí hai que apostar polo galego en todos os eidos, non só no tecnolóxico, e máis rapidamente. Porque logo se comparamos coa realidade, esta ansia galeguizadora de repente que chega aquí do Partido Popular choca bastante, porque o Decreto do plurilingüismo segue aí. Hai nada a RAG acaba de dicir que os seus efectos e as súas consecuencias son absolutamente negativos. O Plan de galego na mocidade segue aí no aire. O Plan do galego no tecido económico segue no aire. O anuncio do acordo pola lingua seguiu niso, nun anuncio; non sabemos nada de nada. O voto en contra de que se poida empregar o galego no Congreso, ¡home!, señor Ferro, ¡por Deus!, que votaron en contra de que se poida empregar. Díxenllo xa varias veces: non están obrigados a empregalo. Pero votaron en contra de que se poida empregar o galego no Congreso, están en contra de que se poida empregar o galego no Parlamento Europeo.

E falou tamén de xustiza. Votaron aínda hai nada, hai menos dunha semana, na Comisión 1ª, creo que foi o de implementar o galego na xustiza, na que se emprega menos do un por cento. ¿Iso é igualdade? Emprégase de cada cen veces menos dunha. Iso non é igualdade. Votaron en contra. Así que cúbranse tamén un pouco. E tamén porque chegamos aos puntos de defensa do galego no que o «Boi Galego» agora é «Buey Gallego». Entón, xa me dirán onde está esa defensa. *(Aplausos.)* Ata aí.

O Proxecto Nós é moi necesario e coincidimos. Evidentemente, vai ter un sentido positivo o noso voto, pero tamén obrigando a Xunta a facer xa non só o que ten que facer e o que debería facer con máis ímpetu, pero no que se comprometeu. Pero por dous motivos ben fáciles: un, porque é un dereito que temos, e dous, porque é necesario. E así, por resumilo máis sucintamente: para que haxa máis proxectos Nós, que son necesarios, o PP ten que deixar os proxectos Vox.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

O señor Ojea renuncia á súa quenda de intervención.



Por conseguinte, pecha o autor da proposición non de lei, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta, de novo.

Bo día, señorías.

Aínda que eu ás veces me explico mal, creo que quedou bastante claro o que o noso grupo solicita aquí. Hai un proxecto, como xa se explicou ben, entre a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela, o Proxecto Nós. Aparece posteriormente un PERTE da Nova economía da lingua, un PERTE con 1.100 millóns de euros de recursos de fondos públicos, dos que desgraciadamente deses 1.100 millóns de euros só 30 millóns van para as linguas cooficiais, só 30 de 1.100 millóns de euros. Iso tampouco, señor Castro, é unha minialdraxe, é unha grande aldraxe, ¡30 de 1.100.! (Aplausos.)

Loxicamente, a consellería aproveita para presentar este Proxecto Nós ao PERTE do ministerio; un proxecto de 15 millóns de euros, un proxecto que mobilizará outros 45 millóns de euros; un proxecto que creará catrocentos cincuenta empregos directos e indirectos, novos empregos non-existent, novos empregos directos e indirectos. E cremos que a cantidade acordada entregada polo de agora, eses dous millóns de euros, é moi insuficiente para o que quere conseguir este proxecto, que é aspirar a situar o galego na sociedade e, sobre todo, na economía dixital.

Miren, señorías: sempre estamos en que a Consellería de Política Lingüística non traballa o suficiente polo galego. Nunca é suficiente o traballo feito en todos os ámbitos e en todos os aspectos do Goberno noso e de todos os gobernos; sempre se pode traballar máis, e nesa dirección estamos a traballar. Pero estamos traballando procurando por todos os medios que os galegos coñezan e dominen a nosa lingua, a súa lingua, e que a usen sen complexos, señorías, nin de superioridade nin de inferioridade, que a usen con orgullo de seren galegos.

A pesar de que o Goberno só aportou eses dous millóns de euros, a consellería traballa con fondos propios adicionais para garantir os obxectivos que nos propomos co Proxecto Nós.

Referente ás emendas, porque xa non teño moito tempo, a Xunta con respecto á do Bloque non podemos aceptala, porque a Xunta —que é o que estaba recordando agora— xa mobiliza fondos para cubrir esta iniciativa. E con respecto á do Partido Socialista, pois non entendemos por que aparece na súa emenda a Universidade da Coruña, cando a Universidade da Coruña non participa neste proxecto —e sábeno ben algúns dos seus deputados— e naquel momento non quixeron sumarse.

Nós estamos a pedir algo que é xusto para Galicia. E nós tamén cremos, señor Castro,...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: ...na liberdade lingüística, por iso non cremos coma vostedes no monolingüismo. Nós cremos que o bilingüismo é a riqueza de Galicia, non só de Galicia; o bilingüismo e o trilingüismo son a riqueza de todas as sociedades.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Sonia Vidal Lamas e catro deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a 6736 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Lara Méndez López, e a 6741 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Miguel Ángel Viso Diéguez.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

«- A velar polo cumprimento do Real decreto 374/2022, co fin de cubrir os custos de produción.

- Crear a mesa do leite onde formen parte os axentes gandeiros, o sector, onde se avalíe os usos das ferramentas existentes (publicación dos datos de prezos, ampliar os datos da conta láctea e a súa publicación, actuar contra as plantacións ilegais....) coa finalidade de potenciar e impulsar estas ferramentas ou modificalas de ser o caso.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Actualizar os datos so sector do leite e analizar as problemáticas do sector.

- Elaborar un informe con datos actualizados de custos de produción no sector de vacún de leite de Galicia.



- *Implantar mecanismos que permitan mobilizar a terra produtiva para que as explotacións dispoñan da base territorial axeitada ás súas necesidades*

- *Dirixirse ao Goberno de España, nomeadamente ao Ministerio de Facenda, para reclamarlle maior axilidade na devolución ao persoal gandeiro do imposto do valor engadido (IVE) pendente, derivado especificamente da compra de pensos ou de enerxía, aspectos que teñen unha importante incidencia na conta de resultados das explotacións leiteiras.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, por un tempo de oito minutos, ten a palabra dona Sonia Vidal.

A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

«¿Que sabe o peixe da auga onde nada toda a súa vida?», preguntou un día Albert Einstein, pero o leite non é auga. Galiza é con diferenza a que maior volume de leite produce en todo o territorio do Estado, co 55 por cento das explotacións. Galiza segue a ser o piar que sustenta o sector leiteiro estatal. No global de entregas, Galiza alcanzou os tres millóns de toneladas de leite o pasado ano, o que representa catro de cada dez litros, que é o 41 por cento do total do Estado. O leite galego sitúase como referente europeo en calidade e garantías de salubridade alimentaria, acadando o noveno posto de produción a nivel europeo.

Segundo estes datos, deberíamos ser os que mellor prezo temos. O certo é que no Estado español coinciden os prezos medios europeos. Sen embargo, Galiza está por debaixo. Hai granxas que están vendendo por debaixo do custo de produción e outras cunha marxe mínima.

Galiza ten unha diferenza de prezo á baixa importante ante outras comunidades. E di a conselleira que sabemos que cada unha ten a súa realidade e tamén que estamos nunha esquina, que producimos a metade do leite aquí e que este leite hai que distribuílo ao resto de España. Pero aínda así seguirei insistindo en que esa diferenza de prezos nos parece moi inxusta.

O leite non é auga, e se temos unha calidade diferenciada e unha situación diferenciada hai que pagala. (*Aplausos.*) Con dicir que é inxusto non é suficiente, como tampouco o son as medidas que din que se están a levar a cabo.

O pasado venres, en comisión, falaba o señor Cerviño de ferramentas para frear a baixada de prezos, como é o paquete lácteo, elaborado sobre a base das conclusións dun grupo especial de alto nivel. Este conxunto de medidas está destinado a impulsar a posición dos produtos do leite na cadea de subministración de produtos lácteos e da preparación do sector para unha mellor orientación ao mercado e o futuro sustentable. Posibilita que os estados membros establezan a obrigatoriedade de formalizar contratos escritos entre os produtores e compradores de leite, posibilita a negociación colectiva de termos de contratos individuais a través das organizacións de produtores e establece novas normas específicas para as organizacións interprofesionais.



Esta é a medida estrela ante unha situación que ten que afrontar o sector; medidas que, aparentemente, poden estar ben, pero se quitamos toda esa maquillaxe vemos que a realidade é que na Galiza nin sequera temos un informe público de custos.

Afirman que a consellería vai sancionar ante prezos por debaixo de custos. Pois a min gustaríame saber como se van executar esas sancións, en que se basean e cal é o prezo de custo que vostedes teñen para poder aplicar esas sancións?

«O sector lácteo é o alicerce máis importante do agro galego», así comeza o Borrador do proxecto para o Observatorio Lácteo, cunha planificación propia dentro da estratexia da dinamización do sector 2020-2025, e na liña de reivindicación que viña facendo o sector á consellería. Dáse a urxencia de contar con índices oficiais públicos de custos de produción sobre os cales poder calcular con transparencia o prezo do leite. E unha organización agraria propón engadir que sexa o observatorio a ferramenta empregada para a elaboración destes informes periódicos de índices de custos de produción tan importantes.

Se quitamos novamente a maquillaxe, ¿sabedes o que optemos deste Observatorio Lácteo? Pois que tras a súa resurrección en abril do 2022, fíxose a reunión inaugural, e quizais unha máis. Pero se entras na páxina da Xunta pon: «Inicio: 5 de agosto do 2021. Estado actual: pendente de aprobación». ¿Cal é entón a situación actual do observatorio? ¿Van convocar a reunión para este 2024?

Outra medida dentro do paquete lácteo: a obrigatoriedade de contratos antes da entrega do produto. Pois moi ben. Pero se vén a industria darche un contrato a firmar onde exclúe esa cláusula, e ti tes cinco mil litros de leite no depósito para entregar, ¿que fas?, ¿bébelo?, ¿ou tíralo e dislle que non o aceptas? ¿Onde metes os seguintes tres mil ou cinco mil litros que producen as granxas pequenas de media ao día? Esa medida de regulación, como deben ser a dos contratos, non funciona. Os contratos non se fan por un ano, hai contratos firmados por catro meses.

Outra medida estrela da que non se falou na comisión —por estraño que pareza, porque era unha medida estrela hai pouco— é a Contaláctea. Cando se reuniron co sector, ¿canto custou facer e pór en marcha a Contaláctea? ¿E onde está ese informe da Contaláctea?

Dende logo que estas medidas non son dabondo nin de lonxe. Se analizamos as dificultades que están a pasar as gandeiras e os gandeiros deste país, vemos que en moitos casos, sobre todo as pequenas explotacións, non logran cubrir os custos de produción. A subida dos prezos de pensos, combustibles e electricidade dificultan a actividade. O 65 por cento do gasto vaise na alimentación. E a escaseza de terreo non axuda a paliar a problemática da alimentación, a falta de relevo xeracional, a volatilidade dos prezos, a falta de transparencia na formación dos prezos e un longo etcétera.

Precisamos de accións inmediatas para cubrir esa escaseza de terra mediante a mobilización de terra agraria, e non cubrir a terra produtiva con eólicos, extracción mineira, eucaliptos ou pinos. (*Aplausos.*) Debemos garantir a Lei da cadea alimentaria mediante ferramentas eficaces, non maquilladas con palabrería bonita, que nin sequera garantan un contrato xusto



para as labregas, e que non se repartan o pastel entre industria e distribución como é actualmente. Necesitamos impulsar I+D+I cun plan estratéxico eficaz para o desenvolvemento da transformación tan importante neste país.

Todo isto evidencia a difícil situación que están a atravesar os gandeiros galegos, que producen unha alta porcentaxe do leite do Estado, pero reciben o prezo máis baixo. É unha situación que precisa da atención e solucións urxentes para garantir a viabilidade do sector lácteo na Galiza.

A situación do sector non é descoñecida para a consellería nin para este Goberno, e máis agora cunha consellería vivindo e coñecendo a situación de cerca. Pero ¿que sabe o peixe da auga onde vive toda a súa vida?

Por todo iso, instamos nesta proposición non de lei a actualizar os datos e analizar as problemáticas do sector, elaborar un informe con datos actualizados de custos, implantar mecanismos que permitan mobilizar a terra produtiva para que as explotacións teñan base territorial e revisar a estratexia de dinamización do sector 2020-2025. Precisamos actuacións eficaces, non maquillaxes con palabrería bonita e ningún feito. O leite non é a auga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda dos distintos grupos.

Igual que na anterior, inician os grupos emendantes. Por tanto, ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi bos días a todos e todas.

Para o PSdeG, para o Grupo Parlamentario Socialista, o sector primario é fundamental e imprescindible, xa non só pola súa aportación económica e a súa riqueza, e tamén a súa aportación social, senón porque entendemos tamén que o sector primario é axente vertebrador do territorio; algo esencial.

E se nos centramos no sector lácteo, podemos falar dunha serie de datos: máis de cinco mil explotacións, concretamente 5.886, máis de tres millóns de toneladas de leite, máis de vinte mil empresas, entre 1,5 ou 1,7 por cento —en función das fontes de onde se mire— de aportación ao PIB, aínda que sabemos que a súa aportación e o impacto económico é moito maior, e máis do corenta por cento da produción de leite. Pero aquí tamén falla a transformación, porque producimos moito leite e transformamos pouco.

E se facemos unha comparativa a dez anos vista, podemos chegar ao cincuenta por cento da produción, pero tamén hai un dato alarmante, que é que entre dous mil ou tres mil gandeiros



deixarán de ter explotacións. Entre dous mil ou tres mil gandeiros menos, o que significa dous mil ou tres mil postos de traballo menos, cando menos, porque podería ser maior a cifra. Entre dous mil ou tres mil axentes e coidadores no medio ambiente e do noso territorio menos. Falamos de dúas mil ou tres mil familias menos no noso rural. Despois tamén quereamos tamén políticas de asentamento da poboación, pois impulsando e desenvolvendo o noso rural tamén se asenta a poboación.

Se vemos os datos do ano 2023, pechouse unha granxa por día. Os datos son alarmantes e preocupantes.

E a Xunta, ¿que está a facer? Pois á parte do compromiso que di ter, debe ter a obrigaón e debe ser proactiva, debe traballar para inverter esta situación. E cando vin a emenda que presenta o Partido Popular, a verdade é que é unha emenda preocupante, e digo por que. Porque á parte de asumir os postulados da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que é tanto como admitir que non fixo absolutamente nada, porque non deu nin conta do que están a facer, porque fala de analizar datos do sector; os datos analízanse mensualmente. ¿Que pasa? Que non se coñecen, que non se publican, que non hai transparencia na xestión. Ou fala de elaborar un informe con datos actualizados na produción do sector, que está en marcha xa a través da Contaláctea. Pero o mesmo, tampouco coñecemos eses datos, porque non se publican. Ou implantar mecanismos para mobilizar a terra é produtiva, cando hai a Lei de mobilidade de terras.

Pero non só hai que legislar, hai que materializar despois esa lexislación, porque non vale de nada legislar se despois non executamos.

Respecto de revisar a Estratexia do sector lácteo 2020–2025, aí xa non falamos nada, porque, evidentemente, ao mellor, xa non lle interesa, non vaia ser que algunhas das fundacións que saen beneficiadas poidan perder cota de poder ou poidan perder investimentos. Polo tanto, aí xa nada. E, iso si, hai unha engádegas que fan, para, como sempre, ir contra o Goberno central, que é o que fan ao solicitar ao Goberno central, porque non vaia ser que non poidamos utilizar o Goberno central como comodín, ou o comodín de Pedro Sánchez, moi manido nesta Cámara.

Nós xa lle dicimos que, se o BNG acepta a emenda, imos votar igualmente a favor, porque nós defendemos os intereses dos galegos e das galegas, gobernemos ou non gobernemos, porque ese é o noso cometido, ese é o noso obxectivo e ese é o noso compromiso.

Polo tanto, nós, independentemente do que a proponente da iniciativa faga, votaremos a favor desta iniciativa, e esperemos que tamén nos acepte esa emenda de engádegas que plantexamos, porque o que pedimos, por un lado, é velar polo cumprimento do Real decreto 374, onde o Supremo acaba de darlle a razón ao Goberno central, recordando a obrigaón de que o prezo cubra os custos efectivos de produción. Non pode ser —e xa o dixo aquí tamén a proponente da iniciativa— que os nosos gandeiros estean cobrando por debaixo dos custos de produción, porque iso fai inviables as explotacións, iso fai que se produzan eses peches diarios de explotación e iso fai que, á vista de dez anos, teñamos 2.000 ou 3.000 explotacións menos.



Polo tanto, pedimos velar polo cumprimento dese real decreto para asegurar eses prezos e para que os gandeiros poidan vivir dignamente —porque non se trata só de malvivir, senón de que poidan vivir dignamente— do seu traballo. E pedimos crear ou retomar a Mesa do Leite para que, xunto cos gandeiros, co sector, se poidan avaliar ferramentas existentes e se poidan mellorar ou incluso modificar, de ser o caso. E esa mesa ten que ser para escoitar o sector, para buscar solucións, pero despois para trasladar esas solucións no día a día, porque non vale de nada, como digo, legislar ou crear ferramentas das que despois nin se ve a evolución nin se constata a súa validez.

Polo tanto, o que pedimos é o cumprimento da norma, empezando pola Lei de cadea alimentaria, esa lei do Ministerio, esa lei do Goberno central, que ademais se mellorou con ese real decreto ao que facía mención. Hai que velar polo seu cumprimento, porque é o garante de ter uns prezos xustos. Pero tamén pola propia Lei de mobilidade de terras ou por outras ferramentas, como dicía, como a Conta Láctea.

Polo tanto, nós votaremos, como digo, a favor desta iniciativa. Solicitamos e pedimos que se teña en conta esa emenda de engádega do Partido Socialista. E, se se acepta a do Partido Popular, tamén votaremos a favor, porque a nosa voz é igual aquí que en Madrid, cousa que o Partido Popular non pode dicir. Defendemos o mesmo nesta Cámara que o que defendemos en Madrid, porque por riba dos intereses do noso partido —lexítimos— están os intereses dos galegos e das galegas.

Polo tanto, o que pretendemos é seguir aumentando a produción de leite, que non vaia en detrimento do peche de explotacións ou á merma de explotacións, porque, como dicía, ten unha importante repercusión na riqueza económica, pero tamén na social, na de sentar poboación e na de manter a estrutura galega. E tamén hai que seguir traballando na transformación. Non pode ser que Galicia, sendo a máxima produtora de leite, non teña o valor engadido que dan as segundas, terceiras e cuartas transformacións, e que o teñan outras comunidades autónomas e non a nosa.

Nós queremos reivindicar esa transformación, e para iso hai que investir en I+D+i e hai que estar a carón das universidades, e concretamente, neste caso, no sector agrario, co campus de Lugo, que, por certo, nas iniciativas que estamos levando a cabo na defensa do campus de Lugo, tamén se están poñendo moi de perfil, a pesar de que os datos que están saíndo estes días na prensa poñen de manifesto como se pode recuperar alumnado e como se pode seguir potenciando.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Finalizo, presidenta.

Así que nós seguiremos defendendo os intereses dos galegos e das galegas, e neste caso do sector leiteiro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Miguel Ángel Viso.

O señor VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día a todos, señorías.

Quería comezar, nesta miña primeira intervención no Parlamento de Galicia, agradecendo ao Grupo Popular que me dea esta posibilidade, e tamén dicíndolle á señora deputada do Bloque Nacionalista Galego que imos empezar dándolle a razón. É certo que compartimos moitas cousas das que veñen aí, e así llo fixen saber tamén a través desa emenda. E voulle dar a razón tamén ata no que dixo vostede de que o leite non é auga; por suposto que non é auga, aínda que, se analizamos, vemos que a porcentaxe maioritaria vén sendo auga.

Hoxe aquí falamos de que sabemos os datos, e vostedes falaron deles. Falamos de que máis do corenta por cento do leite de toda España o producimos en Galicia, e tamén falamos de que estamos entre as dez primeiras rexións europeas en canto á produción. Pero imos pasar a debullar un pouco os puntos da súa PNL.

No primeiro punto vostede fala de actualizar os datos do sector do leite e de analizar a problemática. Por suposto, señorías, dende a Xunta de Galicia sempre se considerou o sector galego como un sector estratéxico, e por iso estamos traballando e niso estamos traballando. E para iso está o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, que vostede mesmo o falou e vostede mesmo o comentou, pero temos que aclarar algunha cousa. Creouse —insisto— co fin de elaborar informes sobre o sector, para a toma de decisións internas e para analizar a problemática do sector. Temos que ter en conta que o Observatorio do Sector Lácteo, señorías, é un órgano colexiado de asesoramento e consulta cos representantes do sector lácteo. Recordemos que aí están as administracións autonómicas, as organizacións profesionais agrarias, as cooperativas agrarias de Galicia e as empresas lácteas de Galicia. Polo tanto, señorías, falemos tamén do Observatorio do Sector lácteo.

Temos que falar de algo que vostede aquí mencionou, pero non comentou que a Xunta xa ten unha ferramenta. Imos falar tamén da ferramenta de Enerlácteo. Todos sabemos que é unha ferramenta de optimización de custos enerxéticos. Aquí analizamos, por un lado, a explotación, vemos onde están os custos de explotación, vemos as salas de ordeño, vemos as luminarias e vemos o equipamento, e, por outro lado, vemos que tarifa está traballando nesa explotación. E con esta ferramenta, co Enerlácteo, a propia explotación pode avaliar o consumo e pode comparalo con outras explotacións. Recordemos que falamos de máis de 150 auditorías en Galicia, Castela e León e Asturias, e a partir de aí emítese un informe, que leva recomendacións para a toma de decisións.

Señorías, no seu segundo punto, vostedes falan de elaborar un informe con datos actualizados, pero xa se comentou no punto anterior. Dende o Observatorio do Sector Lácteo elaboráanse informes de carácter mensual que serven á Consellería na toma de decisións estratéxicas para o sector.



E, por outra banda —que tamén vostede o comentou, pero hai que comentalo completo—, é de destacar que nos últimos anos, ademais de elaborar a Estratexia de dinamización do sector lácteo, se desenvolveu a ferramenta Conta Láctea —insisto, a ferramenta Conta láctea—, que é unha ferramenta para o cálculo dos seus custos de produción; algo que tamén é importante e que tamén é unha ferramenta na que esta consellería está a traballar e, por suposto, unha ferramenta coa que temos resultados.

Se seguimos falando de compromiso, se seguimos falando deste Goberno da Xunta de Galicia e se seguimos falando do apoio que ten o sector, temos que falar tamén de que onte mesmo o presidente Rueda, coa presenza da conselleira de Economía e Industria e da de Medio Rural, presentou o proxecto Smartz4milk, señorías —que vostedes, ao mellor, se olvidaron de comentalo—, deseñado para impulsar a transformación do sector lácteo, impulsado polo clúster alimentario de Galicia e por once empresas punteiras do sector en Galicia. *(Aplausos.)* É importante que falemos disto.

O principal obxectivo deste proxecto son cousas moi importantes —tamén é importante que vostede as diga e o recalque— como minimizar o seu impacto co medio ambiente, reducindo o desperdicio alimentario —algo co que este goberno está plenamente vinculado—, dixitalizar o sector e, por suposto, descarbonizar o sector; pero, en todo momento, sen que isto repercuta na importancia da calidade.

E tamén onte a conselleira —insisto, falamos do compromiso da Consellería e do Goberno co sector— mantivo un encontro con representantes das principais empresas de distribución que operan en Galicia para continuar colaborando en favor do sector primario. Insisto, onte mesmo había unha reunión. E aquí falouse de que non se emprega o leite como un produto reclamo. Insisto, aquí falabamos do que realmente preocupa, e vostede mesmo o sabe como coñecedora do sector. *(Aplausos.)*

E cando falamos do terceiro punto, vostedes falan de mecanismos que permitan mobilizar —outro punto no que tamén estamos de acordo, ¿como non imos estar?—, e para iso xa temos —e é algo que nos preocupa a todos os que estamos vinculados co sector, e vostede sabe perfectamente que é o que preocupa o sector— a base territorial; preocúpanos ter base territorial. E, para iso, este Grupo Popular elaborou a Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia. Polo tanto, temos unha ferramenta. E aquí gustaríame facer unha paréntese e falarlle á señora Lara. Señora Lara, o seu grupo nese momento abstívose. Parece mentira que vostede nos diga que isto pasou desapercibido. Falamos dese punto, falamos dunha lei que cambia e que está cambiando o que é a percepción do sector en toda a Autonomía. Polo tanto, estase aplicando a lei, estamos traballando na lei. Entón, vostede o que ten é que actualizar un pouquiño máis os seus datos.

E tamén algo moi importante, vinculado con esta lei, é pór en marcha o que chamamos Banco de Explotacións, co fin de garantir a substitución xeracional. Por unha parte, poñemos as persoas titulares de explotacións agroforestais que vaian abandonar e, por outra parte, poñemos as persoas que estean interesadas en acceder ás explotacións. É unha ferramenta importantísima, porque —e aquí comentouse, pero nós si o facemos e facémolo no día a día— nós facemos que isto se leve a cabo, e aí temos unha ferramenta importantísima.



E tamén por suposto, ao amparo desta lei, desenvolvéronse as permutas de especial interese agrario, algo importantísimo e algo no que todos sabemos que temos que traballar.

O punto cuarto claro que temos que cambialo. Vostedes falan de dinamización do sector lácteo galego no 2020–2025. Entón, esperaremos a rematar o 2025 e falaremos do resultado. E para iso propoñemos unha emenda —que xa sei que á señora Lara, curiosamente, non lle gusta— na que falamos do IVE. ¡Home, é que non lles podemos falar do IVE aos nosos gandeiros! ¿Aos gandeiros de onde lles temos que falar do IVE? Porque, se non lles falamos de que lles devolvan o IVE... Este é un tema importante.

Señora Lara, temos que chamar, e temos que chamar ao Goberno de España, porque iso téñeno que saber. E vostedes, como socios, falen con eles; ao mellor, non lles fan moito caso, pero é importante que aos nosos gandeiros lles devolvan ese IVE. *(Aplausos.)*

Temos que pensar que o leite que se pon de produto no mercado non leva IVE, pero o produtor si que o está pagando; está pagando polos alimentos, está pagando polo combustible, pola enerxía, etc., etc. E sabemos, por exemplo tamén, o grande investimento que se está facendo nese plan de mellora; sabemos eses investimentos enormes que se están facendo. Teñen con iso unha repercusión económica tremenda que temos que recuperar a través desa devolución tamén.

Señorías do PSOE, insisto, temos que falar dese IVE, e por suposto tamén temos que falar... Ás veces a min sorpréndeme —e levo pouco tempo— que non falemos do tema do Goberno cando falamos de que cumpra a Lei da cadea alimentaria, señoría. Temos unha ferramenta, pero fágana cumprir; téñena que facer cumprir vostedes.

E aos señores do Bloque dígolles que falen con eles; fáganlles cumprir a lei, e fáganlles cumprir a lei para que se cumpra esta Lei da cadea alimentaria.

Por iso, ao final —remato xa, presidenta—, a nosa prioridade son sempre os gandeiros do rural galego, e con eles e para eles estamos traballando. Atendan esta emenda para que esta moción, dalgunha maneira, sirva como ferramenta útil para o desenvolvemento do sector en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Renuncia á intervención o señor Ojea. Entón, intervén a autora da proposición non de lei.

Ten a palabra novamente dona Sonia Vidal.

A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

¡Que ben que me contestara!, porque o outro día falamos da la de ovella e contestoume co do lobo. Eu xa pensei que me ía falar doutra cousa. *(Aplausos.)*



E mire vostede por onde, tamén estou de acordo con que o leite non é auga, porque o leite —preguntábanme aquí os compañeiros que é o leite— é a maior parte esforzo, constancia, decisións e 365 días de traballo. *(Aplausos.)*

Faloume vostede do Observatorio Lácteo, igual que lle falei eu. ¿Onde están eses informes? Porque non son públicos, ou polo menos non están á disposición de ninguén; estarán á disposición súa, pero de ninguén máis. Sigo insistindo: moita maquillaxe, pero a realidade é que non fixeron nada. ¿Onde están eses informes? ¿Que outros informes hai? ¿Como valoran os custos de produción para poder sancionar que non se cumpra a cadea alimentaria?

O certo é que a Conta Láctea a privatizaron mediante Juana de Vega, con total escurantismo de canto custou e de con quen se reuniu. Nin produtores, nin organizacións; só se lles mandou un correo e díxoselles: metan aquí uns datos. Bueno, pois os datos están metidos por parte das organizacións agrarias, pero ¿onde está ese informe? Porque digo eu que despois de dous anos e despois de ter esa bolsa de granxas terán datos suficientes para sacar eses informes.

Miren, a verdade é que estou de acordo con que igual que a devolución do IVE se debe facer, tamén é importante que os gandeiros e gandeiras deste país poidan cobrar as axudas —porque son axudas— da PAC en tempo e forma, que non o están a facer. *(Aplausos.)* ¡Esperan ao último día! *(Aplausos.)* ¡O 29 de xuño cobraron os gandeiros deste país as axudas! *(Aplausos.)* Haberá que calendarizar iso un pouco e pagar en tempo e forma, porque son axudas, e axudas necesarias que os gandeiros deste país precisan realmente.

Miren, eu aconséllolles que pisen o territorio, porque a realidade non é moitas veces a que vostedes contan. E pódese dicir que, ao mellor, somos catastrofistas, pero non o somos, pisamos o territorio día a día. E non vale de nada ir a granxas de 1.000 vacas e facer unhas declaracións —que tamén teñen o seu, porque din que ou se teñen granxas de 1.000 vacas ou que vaian para Alemaña, ¡que teñen tela tamén esas declaracións!—... Pisen as granxas, pequenas e medianas, písenas, porque a realidade é ben outra.

Teño que dicir que a ver se chegamos a un acordo por primeira vez, porque nós somos «os do non», pero á vista está quen vota «non» sempre.

Imos aceptar as emendas de engádega tanto do Grupo Socialista como do Grupo Popular, e a ver se así chegamos a un acordo real. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei, coa referida na orde do día no apartado 4.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha autoemenda, rexistrada co número 6737, do Grupo Parlamentario



dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da propoñente, dona Paloma Castro; e a 6756, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a actual bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica polo tanto, quedan fóra da bonificación do 15 % no canon de Sogama.

4. Impulsar políticas dirixidas á modificación do actual sistema de xestión de residuos cara priorizar a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro.

5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2016-2022 para favorecer a xestión de proximidade.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 6 co seguinte texto:

<<6. Cambiar, en coordinación cos concellos, o modelo de xestión dos residuos municipais priorizando a xestión de proximidade mediante compostaxe domiciliaria, compostaxe comunitaria, plantas de agrocompostaxe e plantas de compostaxe de ámbito comarcal.>>)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición, ten a palabra, por oito minutos, dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.



Bo día a todos e a todas.

Hai unhas semanas dende o Grupo Socialista presentabamos unha batería de iniciativas nas que pediamos ao Goberno da Xunta que non incrementase o canon de Sogama ante a sospeita dunha suba inminente que xa tiña prevista no orzamento da Xunta do ano 2024. Pois ben, agora xa non é un futurible, porque días despois a Xunta fixo pública a intención desta entidade de suprimir esa bonificación que se daba a algúns concellos, e, ademais disto, a de incrementar tamén con carácter xeral o canon no ano 2025. Cando eu falo da intención da Xunta e Sogama de forma indistinta, é necesario aclarar o carácter semipúblico desta entidade, co 51 por cento de participación por parte do Goberno galego.

Pois ben, dende o ano 1992, que foi creada esta entidade para xestionar os residuos dos concellos galegos, os avances na forma de levar a cabo esa xestión sempre foron por detrás do que marcaban as directrices medioambientais e as directrices medioambientais europeas, sen seguir as pautas establecidas e utilizando un modelo propio, o modelo da incineración, que non esquezamos que, ademais, este modelo no seu día deu grandes beneficios, non só ao Goberno galego, senón tamén á empresa Naturgy, que tamén participa nesta sociedade nun 49 por cento.

Pois ben, o camiño da Unión Europea cara a unha xestión eficiente de residuos, baseada nesa redución e reciclaxe —unhas premisas básicas da economía circular e do impulso de políticas acordadas cos obxectivos do Pacto verde Europeo—, fixeron que Sogama, pasados os anos, se alonxara cada vez máis desta senda. Non esquezamos que o principal obxectivo dese Pacto verde que dicía era que a Unión Europea fose climaticamente neutra no ano 2050.

Pois ben, en Galicia, neste sentido, estamos —como se di— «a velas vir». Hai cinco anos —no ano 2019— o presidente Feijóo e a conselleira de Medio Ambiente anunciaban e dicían «en aras de mellorar os datos de xestión de residuos en Galicia, unha colaboración cos concellos para acadar» —dicían— «eses obxectivos marcados pola Unión Europea». E para iso acordaron aprobar unha bonificación da que se puidesen servir os concellos como un incentivo para que mellorasen as súas políticas de xestión de residuos, xa que se aplicaba esa bonificación do 10 por cento aos concellos que reducisen o volume de lixo. Unha medida, a verdade —esta de colaborar cos concellos— para que priorizasen a redución do lixo, que foi —non sei— unha fantasía dentro das políticas da Xunta de Galicia. É unha medida sen parangón, pero que, vista agora dende atrás, con perspectiva temporal, vemos que foi unha medida preelectoral. E digo iso porque pasou o día e pasou a romaría; ou sexa, a romaría, neste caso, son as eleccións do ano 2022, porque xa despois no orzamento do 2023 intentaron eliminar esta bonificación.

E lembro o acontecido nesta Cámara coa aprobación do orzamento de 2023 —nesas datas máis ou menos, finais do ano 2022— porque é digno de lembrar. Nunha comparecencia da conselleira, creo que nunha interpelación, escapoulle falar desta supresión da bonificación. Claro, ante a presión dos concellos motivada por este anuncio, Rueda tivo que saír ao día seguinte a desautorizala e dixo que non, que nunca se ía suprimir esta bonificación, senón que se estaba a falar dunha nova taxa que se ía impoñer aos concellos turísticos por ser os que máis lixo xeraban. Pero, claro, isto xerou tamén moito enfado dalgúns concellos turís-



ticos, e sobre todo dalgúns que teñen bastante peso no Partido Popular. Polo tanto, finalmente, tiveron que desdicirse e mandaron ao presidente de Sogama, ao señor Domínguez, enviar unha carta, unha misiva, a todos os concellos na que rectificaban dicindo que non, que non se ía eliminar esta bonificación, senón que se ía mudar por outra que era moito máis beneficiosa para os concellos, porque era dun 15 por cento —xa non dun 10 por cento—, e estaba condicionada tamén á implantación do contedor marrón.

Pois ben, ademais disto, claro, o Grupo Parlamentario Popular rapidamente, no último momento, tivo que levar a cabo e rexistrar unha emenda aos orzamentos con esta nova bonificación que non estaba prevista; todo un espectáculo para rectificar unha decisión coa que estaban convencidos, pero que non puideron levar a cabo pola presión existente. E agora volven coa teima de retirar a bonificación, o que é incomprendible, porque é un incentivo para uns concellos que se conciencian na redución do lixo na implantación do contedor marrón. Polo tanto, o que se está é prexudicando estes concellos que cumpren os deberes medioambientais. E coa situación coa que nos atopamos en Galicia, cos malos datos que temos en cumprimento dos obxectivos europeos, pois isto non se entende.

Pretende este goberno un canon único, independentemente de que uns concellos cumpran e outros non, e ademais incrementar este canon dos 66 euros/tonelada aos 78 no ano 2025. E, ademais, baséase nuns datos que non son certos, e imos aclarar por que, porque non se corresponden cos datos públicos oficiais, ademais dos de Sogama e da Xunta de Galicia, que foron publicados no orzamento de 2024. Porque este orzamento estima que os ingresos de Sogama para o ano 2024 pola venda de enerxía van subir un 81,31 por cento respecto dos anos anteriores. Iso é case cen millóns de euros de beneficios obtidos pola venda da enerxía xerada; máis os beneficios obtidos pola venda de residuos tratados, que son 14 millóns e medio de euros. Porque os beneficios obtidos do canon existente, do canon actual, son case 52 millóns de euros, e porque o imposto pola incineración e depósito que a Xunta de Galicia está a trasladar aos concellos como un imposto terrible, imposto —valla a redundancia— polo malvado Pedro Sánchez, non é así.

O único que está a facer o Goberno de España é traspoñer unha directiva europea do ano 2018 —como dicía anteriormente o meu portavoz José Ramón Gómez Besteiro—, pero é que é unha recomendación da Unión Europea dende o ano 2016, que así veñen implantando moitos países europeos. Polo tanto, imos moi tarde con este imposto. E porque, ademais, en segundo lugar, a recadación deste imposto non vai tampouco para o Goberno de España, porque a través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, que modifica a lei que xestiona o réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, este imposto vai destinado ás arcas galegas, que se beneficiarán destes 9 millóns de euros.

Polo tanto, non é certo que sexa un imposto estatal que non vaia ás arcas galegas e non é certo que supoña un detrimento económico tampouco para a Xunta de Galicia. A única parte que se pode ver prexudicada por esta escaseza e por este imposto sería a outra empresa que participa na entidade Sogama, pero non a Xunta de Galicia, xa que este imposto vai ás arcas galegas. E, por outro lado, hai que dicir tamén que outro destes sobrecustos que alegan é o aumento da contía da gasolina, do valor do prezo da gasolina, que isto se produce tamén por un modelo errático que se basea nunha única planta que xestiona todos os residuos ga-



legos e non nas plantas de proximidade, que foron instadas dende hai moito tempo dende o Grupo Socialista, pero tamén previstas no Plan de xestión de residuos urbanos xa do ano 2010 e que non se cumpriron, e con iso xa verán todos os camións que van pola AP-9 ata Cerceda.

Polo tanto, cremos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que deixar de mentir, ten que deixar de contar verdades de forma manipulada e ten que manter esa bonificación, porque os concellos necesitan un incentivo para a redución e a reciclaxe e para así cumprir os obxectivos marcados pola Unión Europea. E iso non pode seguir gravando os concellos e responsabilizalos, e en último caso tamén a cidadanía, que é a que vai verse afectada por esta suba do canon do lixo por culpa da mala xestión de Sogama, dunha xestión obsoleta que leva mantendo no tempo e sen cumprir as directrices e as recomendacións de España e da Unión Europea.

E máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

«Algo cheira a podre en Cerceda, en Sogama». Esta frase que levamos dito moito tempo é unha verdade cada vez máis evidente e non a poden perfumar con toneladas de propaganda, como se facía e se fai co botafumeiro na Catedral. Esa realidade non se pode tapar por moitas toneladas de diñeiro público que utilicen en propaganda.

Por certo, tamén dixemos moitas veces que Sogama é un acrónimo errado. Sogama, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, debería chamarse «Sogain», Sociedade Galega de Incineración; que a iso é ao que se dedica principalmente esta sociedade, que é unha alianza entre a Xunta e Naturgy. Vostedes saben escoller as parellas, as eléctricas, que se forran á conta das galegas e dos galegos. (*Aplausos.*)

E, claro, agora estamos no colapso de Sogama e podemos dicir que é un colapso por empacho, porque Sogama come máis do que pode dixerir; nada máis e nada menos que 922.000 toneladas de residuos transportados desde toda Galiza, nun sistema que é absolutamente ineficiente, que é antiecolóxico e que é absolutamente obsoleto. Porque xa me dirán como se sostén que transporten por toda Galiza, en centos de quilómetros, residuos que na súa maior parte son residuos orgánicos, cunha gran carga de humidade que hai que secar con gas — que está carísimo, por certo, e que se lle compra á empresa socia — para despois queimalos. ¡Absolutamente aberrante! Iso está desaparecendo en todo o mundo e vostedes se-guen presumindo deste sistema.



E por iso Galiza está á cola do Estado e de Europa no cumprimento dos obxectivos. Fracasamos estrepitosamente nos obxectivos do ano 2020, non chegamos nin ao 20 por cento de reciclaxe, cando había que estar no 50 por cento. Temos aí os obxectivos 2025 e imos incumprilos de novo. Somos a segunda peor comunidade no Estado en materia de reciclaxe de residuos, porque vostedes apostan todo aos peores sistemas, que son o vertedoiro e a incineración, que supoñen o 80 por cento dos residuos que chegan a Sogama. E así nos vai e así estamos agora.

Claro, a vostedes íalles ben porque o prezo da electricidade estaba disparado; entón, o negocio era perfecto. Íalles ben porque había unha prima á incineración, que se entendía como un sistema renovable. Polo tanto, estabamos cun sistema dopado, con respiración asistida, e agora, ao cambiar as circunstancias, ao suprimirse esa prima no ano 2023, que estaba previsto que durase ata o ano 2026, que era un considerable ingreso para a Sogama, e tamén ao establecerse ese imposto á incineración e ao depósito en vertedoiro, que é un imposto derivado, efectivamente, da Directiva europea do ano 2018, de obrigado cumprimento... E teño que corrixir o presidente da Xunta, que está moi mal informado, porque hoxe dixo nesta Cámara que España era o único país europeo que tiña este imposto. ¡Que aberración! ¡Que disparate! ¡Que descoñecemento da realidade! ¡Se hai vinte e dous países en Europa que teñen imposto ao depósito en vertedoiro! ¡Vinte e dous! E o Estado español foi dos últimos en chegar a isto. E hai nove que xa teñen establecido tamén o imposto á incineración. Polo tanto, é inevitable porque estes impostos foron establecidos nos países máis avanzados como un incentivo para, digamos, penalizar estes sistemas que son os menos recomendables, que son a incineración e tamén o depósito en vertedoiro.

Pero, claro, agora, como fracasaron, como se deron todas estas circunstancias e tiveron que cumprir estas normas, teñen un furado nas contas de Sogama. ¿E cal é a solución? Pois o sistema favorito da Xunta: sablear os concellos; que paguen os concellos, incrementándolles o canon e anunciando xa que vai haber máis subidas. Xa van deixando caer que vai haber máis subidas.

Pero, claro, aquí Sogama —é dicir, a Xunta e Naturgy— sempre gaña. Se está o prezo da electricidade alto, negocio redondo. É dicir, que os concellos teñen que pagar por entregarlle o combustible que queima Sogama para gañar cartos xunto con Naturgy e pagar máis aínda —os concellos—. Cando hai beneficios, non reparten cos concellos, por certo. Isto é un negocio perfecto para «Sogain».

E, ademais, actúan con absoluta falta de rigor, de previsión, e tamén con absoluta improvisación. Non vou pararme, porque non teño tempo —mañá teremos ao presidente de Sogama no Parlamento; supoño que estará vendo esta comparecencia—, a falar do cambalache que montaron coa eliminación do imposto do canon de Sogama pola aplicación da recollida selectiva dos biorresiduos: o 10 por cento primeiro, e despois anuncian a eliminación do 10 por cento, pero non a anuncian nunha comparecencia da conselleira, anúnciano na Lei de acompañamento dos orzamentos. E despois, co alboroto que se montou, tiveron que presentar unha emenda na Lei de acompañamento dos orzamentos para rectificar e incrementar a bonificación ao 15 por cento, por puro oportunismo e por puro electoralismo. E agora resulta que iso que aplicaron e que era bo naquel momento o suprimen, penalizando os concellos que estaban apostando por esas vías.



Por certo, non compartimos —cremos que é un erro gravísimo— que se vincule a bonificación ao colector marrón. É unha asociación absolutamente perversa —xa llo dixo tamén a Deputación de Ourense—. Non ten sentido neste país contenerizar todo o territorio—pequenas aldeas, pequenas parroquias— con contedores de cor marrón. Os biorresiduos deben tratarse doutra maneira, como se fixo sempre. É absurdo, e a Deputación de Ourense deixouno claro nun informe absolutamente contundente, porque na maior parte dos concellos da provincia de Ourense non é necesario poñer colectores para os biorresiduos. Pódense xestionar con sistemas de proximidade, que son os máis lóxicos e os máis ecolóxicos.

Pois ben, vostedes, na memoria dos orzamentos do ano 2024, xa sabían a situación, xa sabían que Sogama tiña perdas, e non dixeron nada. Claro, había eleccións en febreiro e había que calar. E agora que pasaron as eleccións, aplícanlles este sablazo fiscal aos concellos. Por certo, que levan nunha falta absoluta de previsión, sen cobrarlles o canon, desde o mes de xaneiro. Sogama leva sen cobrarlles o canon aos concellos desde o mes de xaneiro. ¿Pero que clase de goberno é este? ¡Que desbaraxuste! ¡Que disparate! ¡Que desorganización! ¿Cando van cobrarlles o canon aos concellos? ¿E como llelo van cobrar? ¿Como van aprobar esta modificación, que, por certo, foi aprobada na Lei de acompañamento dos orzamentos? Supoño que terán pensada a fórmula.

Pois ben, tardaron ano e medio, ademais, en aplicar e en darse conta do que supoñía o imposto á incineración e depósito en vertedoiro (Idires), que vostedes publicaron xa no ano 2022 como se ía xestionar. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) E saben perfectamente que consecuencias ten.

Polo tanto, non fagan trampas ao solitario nin comparacións manipuladas, como fai o presidente de Sogama, que lle explicaremos mañá que non se pode facer con outros sistemas, porque dan cifras absolutamente trucadas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Remato explicando a emenda que presentamos, no sentido de primar como sistema preferente e prioritario en Galiza a xestión de proximidade dos residuos, especialmente no caso dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria, de compostaxe comunitaria, e no resto dos casos de tratamento en planta, pero de maneira absolutamente selectiva. Ou tamén propoñemos como unha alternativa a agrocompostaxe, que é un sistema que tamén se está demostrando en toda Europa que é unha alternativa interesante. Cremos que é unha proposta avanzada, que vai na liña dos países máis avanzados de Europa en materia de residuos, e penso que enriquece a proposta do Grupo Socialista, que, en todo caso, imos votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.



Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Moi breve. Sinxelamente a miña intervención iría na liña de desexar que o Partido Socialista aceptase a emenda que lle plantexa o Bloque, porque, tal e como explicou xa, na Deputación de Ourense se falou do tema e se fixo ese informe ao que fixo referencia —sería interesante que o coñeceran todos vostedes— dun técnico de alí, o señor Bove, moi informado e moi posto nesa clase de cuestións.

Parécenos moi axeitada a emenda do BNG. Por certo, o seu deputado alí, na Deputación de Ourense, o señor Bernardo, tenente de alcalde de Allariz, tamén está moito na liña —que nolo ten explicado moitas veces na Deputación— do que plantexa o señor Bará.

E sinxelamente quero dicir que, en todo caso, apoiariamos do mesmo xeito a proposta do PSOE, pero entendemos que sería interesante que tamén aceptase o grupo proponente a emenda do BNG.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Roberto Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todos.

Señor Bará, «algo cheira a podre en Cerceda». ¡Home!, pase vostede pola Coruña, non perda a oportunidade, (*Aplausos.*) porque alí teñen que ver como ten a cidade —e como ule a cidade— o Goberno que vostedes apoian, ¡o Goberno que vostedes apoian!

Señora Castro, a clave desta iniciativa é unha cousa que a iniciativa non di; que non di agora e que si dicía ao principio. Vostedes autoemendaron a súa iniciativa; algo que, sendo habitual, xeralmente ten por obxecto engadir algo novo que non constaba inicialmente. Pero vostedes fixérono para eliminar a seguinte expresión: «...se as condicións económicas o permiten». Como a eliminaron, quédanos a dúbida de se ese importante matiz foi consecuencia dun repentino ataque de sentidiño ou de conciencia, cousas ambas das que tan necesitado está no día de hoxe o Partido Socialista. Polo que, en calquera caso, lamentamos a eliminación.

Pois ben, esta é a clave, porque, efectivamente, tal e como lle explicou o presidente de Sogama e hoxe vou reiterarlle, as condicións económicas non o permiten. E non o permiten porque no último ano e medio a empresa pública Sogama tivo que asumir un sobrecusto de 39 euros



por tonelada pola xestión dos residuos urbanos que recibe dun total de 293 concellos galegos; sobrecusto provocado —si— polas decisións unilaterais do Goberno socialista do Estado, señora Castro: en primeiro lugar, a aplicación dende xaneiro de 2023 do imposto total sobre vertido e incineración —9 millóns de euros de sobrecusto—; en segundo lugar, da orde ministerial de xullo de 2023, que elimina a retribución que recibía pola planta termoeléctrica de Cerceda, pese a que tiña dereito a percibila ata 2026 —9,8 millóns de euros máis—; e, por último, o imposto estatal de produción de enerxía, que supuxo unha suba dun 7 por cento.

Por certo, pese a que este é un imposto que recae sobre os concellos, chama a atención que nin Fegamp nin FEMP —daquela presididas ambas polo PSOE— alegasen contra esta suba. Iso si, veñen agora exixir o mantemento das bonificacións e anunciar alegacións ás decisións de Sogama, pese a que o presidente da Fegamp, o socialista Alberto Varela, alcalde de Vilagarcía, forma parte do Consello de Administración de Sogama, precisamente por esa condición, e alí nada dixo. E aínda por riba alegarán excluindo do debate os concellos do Partido Popular. Miren, por se se lles esqueceu, o Partido Popular goberna 150 concellos en Galicia, máis que os que gobernan vostedes os dous xuntos cos seus pactos de perdedores. (*Aplausos.*) ¡Por favor! A única escusa que se me ocorre é que ao señor Varela se lle esquecese, preocupado —quizais— pola sorte que poida ter a súa esposa nas oposicións a arquitecto municipal no Concello da Coruña. Pois, xa llo digo eu: que non se preocupe, que vai ter a praza; vaina ter seguro, porque o señor Lage xa se encargou de meterlle no tribunal a secretaria de Administración e Finanzas, que, por certo, non ten ningunha relación coa arquitectura. Polo tanto, que non se preocupe, a praza vaina ter seguro.

O resultado destas decisións unilaterais de Sánchez encareceu o custo do servizo que presta Sogama nun total, só no ano 2023, de 21,9 millóns de euros; responsabilidade exclusiva —si— do Goberno de Sánchez. Porque é certo que esta lei é transposición dunha directiva comunitaria, pero tamén é certo que está a ser obxecto de moratoria na maior parte de Europa. Parece ser que ao señor Bará Noruega e Suecia lle parecen países atrasados. Pois acaban de aplicar esa moratoria. ¿Por que? Porque este imposto está a xerar efectos contrarios aos que pretendía; está a desincentivar a reciclaxe e está a encarecer a produción de electricidade barata, autóctona, fiable e neutra.

¿Pero é que, ademais, sabe, señora Castro, que é o único que pode facer a Xunta con este imposto? Subilo. É que nin sequera lle permiten baixalo. Transferiuse co único compromiso de que, se querían, podían subilo, pero nunca baixalo. Polo tanto, o sobrecusto é responsabilidade da señora Castro. ¿E quen o está asumir? No 2023 única e exclusivamente a Xunta de Galicia. Pero é unha situación que non é viable soste-lo tempo.

Logo de estudar a mellor maneira para paliar este sobrecusto e que non repercuta sobre os petos dos galegos e das galegas, o Consello de Administración de Sogama vén propoñerlles aos concellos adheridos unha proposta que suporía un importe medio de 66 euros por tonelada; é dicir, manter exactamente o mesmo canon que no 2023, e que practicamente os concellos van soportar apenas a metade do custo real do servizo, que é de 120 euros por tonelada. E todo isto é posible grazas ao esforzo da Xunta de Galicia, que vai adoptar un fondo de cooperación adicional de 12 millóns de euros. Por iso, os concellos galegos non van ter que pagar as festas do señor Sánchez. (*Aplausos.*)



Pero é que, ademais, resulta que, aínda no caso de aprobarse ou aplicarse esta nova medida, Sogama seguiría a ser o complexo medioambiental máis barato de España en comparación con outros da mesma tipoloxía. En Guipúzcoa, gobernan PNV e PSOE, e 214 euros/ tonelada fronte a 66; en Asturias, goberna o PSOE, e 96 euros/tonelada fronte aos 66 de Sogama.

E por iso lle pregunto, señora Castro, ¿exactamente, cal é o seu modelo?, ¿o da miña cidade? ¿Este? (*O señor Rodríguez Martínez mostra unha fotografía.*) ¿Este é o seu modelo? ¿É o modelo que vostedes defenden? (*Murmurios.*) Si, si, si... ¡Home, claro que si! Porque esta é a imaxe que, se vostedes van hoxe á Coruña, poden atopar. Porque novamente, para mal, incluso sen ir, a poden ver nos medios de comunicación a nivel nacional. ¿Este é o seu modelo? (*Aplausos.*) ¿Esta perfecta alegoría que serve para retratar o estado do Goberno socialista da miña cidade: desbordado e en descomposición. Desbordado como os contedores e en descomposición como a basura que se acumula arredor deste e impide que se poida transitar polas rúas. Alegoría que tamén podería servir para o Goberno socialista en Madrid. Alí, ao igual que na Coruña —e para o señor Bará en Cerceda—, a basura non é o único que cheira preocupantemente mal.

Pero, ao mellor, é que vostede non sabe que hoxe mesmo —hoxe mesmo; hoxe, mentres estamos a falar aquí— Nostián vai mandar a vertedoiro directamente, sen tratar, a metade do lixo que recibe, o 48,3 por cento. Repito: ¿este é o seu modelo? ¿Avalan vostedes que se vaian investir en Nostián case catrocentos millóns de euros para que dentro de dezasete anos, ao remate da concesión, segundo o propio informe de viabilidade, recupere a metade do que Europa nos vai exixir e triplique os refugallos que Europa nos vai permitir? Repito: ¿é este o seu modelo? E veñen aquí falar de que estamos lonxe dos obxectivos da Unión Europea. ¡Por favor, tápanse un pouco! ¡Tápanse un pouco!

Por certo, estas preguntas non son só para vostedes, son tamén para o Bloque Nacionalista Galego, porque vostedes investiron en ambos os dous gobernos, en Madrid e na Coruña, e fixérono a cambio de nada. Bueno, perdón, na Coruña, si; na Coruña foi a cambio de algo, foi a cambio de facer alcaldesa a señora Sanmartín, pese a ter seis actas das vinte e cinco da corporación. ¡Que cara lle está a saír á Coruña e que cara lles está a saír aos coruñeses a alcaldía de Santiago!

Remato xa.

O certo, señorías, é que Sogama se viu penalizada polo Goberno de Sánchez fronte ás plantas menos eficientes que sobre o papel valorizan todo o material recibido, como Nostián ou a da serra da Barbanza, que tamén son notablemente máis caras, ademais de manter un modelo en extinción, porque así o di Europa: 120 euros, Nostián e 150 euros, a da serra da Barbanza, que mandan a vertedoiro un 48,3 por cento e un 64 por cento do lixo respectivamente.

A Xunta leva apostando por políticas incentivadoras, como a bonificación aplicada ao canon de Sogama, que dende 2019 supuxo un aforro de 20 millóns de euros aos concellos galegos, no cumprimento, por certo, das súas obrigas e da competencia da xestión dos residuos sólidos urbanos. Lamentablemente, e debido ás últimas decisións estatais, non vai ser posible mantela, pero vai paliarse co esforzo e co compromiso da Xunta...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ... — remato xa —, de modo tal que a factura para os concellos apenas vai superar a metade do custo real do servizo e manterse en termos idénticos aos de 2023.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor Rodríguez, vostede, ademais de errar sobre a situación onde se atopa, no Parlamento galego, eu entendo que quixo medrar no co seu concello, pero que alí non llo permitiron, e intenta utilizar o Parlamento galego como trampolín. (*Aplausos.*) Pero aquí hai que centrar o tiro. Aquí non estamos falando do Concello da Coruña, aquí estamos falando de Galicia e da xestión da Xunta de Galicia. Vou perdoarllo porque chega vostede de novo; vou perdoalo e deixarlle unha marxe de tempo deses cen días para centrar o tiro.

Pero tampouco centrou moi ben o tiro na interpretación dos datos de Sogama, porque vostede non sei se tivo acceso a unha páxina que se chama «Orzamentos do 2024». Alí fan un balance económico de Sogama e da estimación da xestión de Sogama para este ano, e vese alí —e son datos da Xunta de Galicia, non son datos do Partido Socialista—... Por certo, gobernamos nas principais cidades de Galicia, porque vostede sacaba peito da xestión dos concellos, pero os principais están gobernados por nós.

Por outra banda, quero dicirle o que lle estaba dicindo: que non interpretou ben estes datos ou, ao mellor, que non os viu. Estes datos din que Sogama vai ter este ano unha estimación de beneficio —refírome ao beneficio final, non aos seus ingresos, que dicía na miña primeira intervención que eran un 81 por cento superiores pola venda de enerxía—, unha vez superados todos os gastos, de 400.000 euros, e, a maiores disto, a recadación do imposto vaina facer a Xunta e vai ir para as arcas galegas, que constitúe un 51 por cento da participación de Sogama. E aínda por riba disto, van utilizar o Fondo de Cooperación Local, que é un diñeiro destinado aos investimentos nos concellos galegos para vender que van así cadrar (*A señora Castro Rey fai uns movementos coas mans.*) e que o seu vai ser inferior. Vostedes están a tangar os concellos. ¡Isto é un timo aos concellos! (*Aplausos.*) Están a sacarlles diñeiro de todos os lados: do Fondo de Cooperación Local... E as arcas da Xunta échense polo imposto dese malvado Pedro Sánchez, que, como lle dixen eu e reiterou o voceiro do Partido Popular, é un imposto transferido, obrigatorio da Unión Europea, que impuxo no ano 2018 e que leva recomendando dende o ano 2016, onde se impuxo en moitos países europeos. E imos tarde nós, imos moi tarde; imos moi tarde non só na imposición do imposto, senón tamén nos obxectivos de reciclaxe e de redución, porque non cumprimos ningún.



Despois mezcla vostede recollida do lixo coa xestión do lixo. Entón, non sei, é un despropósito.

A realidade é que a conselleira de Medio Ambiente di que Sogama é un modelo de referencia en Europa, e Europa o que está a facer é gravar a Galicia polo seu modelo de incineración e de depósito en vertedoiro. A realidade é que vostedes pretenden gravar os concellos galegos con máis aínda do que se está gravando na actualidade e menten sobre a necesidade e o incremento desta recadación, e a realidade é que pretenden seguir beneficiando unha empresa como Sogama, na que detrás está tanto a Xunta como, como dicía antes, unha empresa eléctrica privada, unha empresa privada de enerxía, e que isto é o gran timo para os concellos.

O que defendemos dende o Grupo Socialista é a necesidade de modificar o modelo de xestión de residuos en Galicia cara a un modelo que prime...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...esa redución e esa reciclaxe, que é o que establecen as directivas e a normativa europea e estatal, nunhas plantas que non sexan centralizadas en Sogama, senón nunhas plantas de proximidade.

En relación coa emenda do BNG —e xa remato—, quero dicir que entendemos que na nosa autoemenda xa incluímos que se incentive os concellos a esa xestión do tratamento do residuo orgánico de diferentes formas. Non especificamos ningunha; polo tanto, caberían esas que din e, polo tanto, entendemos que o que piden xa está asumido dentro da nosa nova emenda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(O señor Bará Torres pide a palabra.)

Diga, señor Bará. ¿Para que pide a palabra?

O señor BARÁ TORRES: Pido a palabra ao abeiro do artigo 7.1, por unha inexactitude.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Diga. ¿Cal é a inexactitude? Déanlle voz ao escano do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si, quero facer unha precisión na información que deu o señor Rodríguez, que non é correcta, porque dixo que había dous países da Unión Europea que aplicaron unha moratoria desa directiva, e citou a Noruega e mais a Suecia. Quero dicirlle que Noruega non pode aplicar ningunha moratoria porque non forma parte da Unión Europea. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Presentouse unha emenda a esta proposición non de lei que leva o número 6742, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de Raquel Arias.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º- Seguir desenvolvendo medidas de reforzo dos equipos de valoración, tanto da discapacidade como da dependencia, conforme ao plan previsto pola Consellería de Política Social e Igualdade que inclúe a contratación de novo persoal, entre médicos, psicólogos, traballadores sociais e terapeutas ocupacionais, e así reducir os tempos de agarda.

2º- Avanzar na aplicación do novo Decreto de dependencia, aprobado o pasado mes de setembro polo Consello da Xunta de Galicia, que diminuírá de xeito significativo os trámites que ten que facer o solicitante e axilizará o traballo dos profesionais dos equipos de valoración e de xestión administrativa, eliminando duplicidades e acelerando o tempo ata que o dependente recibe a prestación.

3º- Desenvolver as previsións incluídas no novo Decreto de dependencia relativas á creación de novos centros de valoración ou facilidades para xustificar os pagamentos dos bonos de residencia, centro de día, axuda no fogar ou asistente persoal, e a redución no papelame para percibir a axuda por coihador no contorno familiar.

4º- Así mesmo, a Cámara insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España e reiterarlle a urxencia das seguintes medidas:

a) O cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006.

b) Que faga efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia logo do incumprimento durante todo estes anos do cofinanciamento estatal da Lei de Dependencia, achegando unha cantidade que ascende a máis de 2.500 millóns de euros.

c) Que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social, sempre que non veñan aparelladas das transferencias de recursos económicos estatais suficientes».)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición e por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas novamente, presidenta.

Comezabamos á primeira hora da mañá falando de dependencia, pechabamos o anterior período de sesións falando de dependencia e traemos hoxe aquí tamén esta proposición non de lei falando de dependencia, basicamente porque, entre outras cousas, é unha lei da que está moi orgulloso o Partido Socialista e é un eixo fundamental na nosa política. Pero tamén ten eivas, eivas tan profundas na resolución desta Lei de dependencia dezaioito anos despois de que fose aprobada en boa parte pola falta de entendemento das administracións, pero tamén en boa parte, en grandísima parte, por ese non liderado da Xunta de Galicia fronte á Lei de dependencia, fronte á Lei de servizos sociais de Galicia. E vemos como día a día aumenta a sangría de dependentes que pasan a formar parte do sistema e a doutros que, sen estar no sistema, non chegan nin sequera a contar con ela, tendo recoñecida a súa prestación.

Xa dicíamos á primeira hora da mañá que este freazo, este parón da lei, obedece a que basicamente hai un plan estratéxico recollido nesa lei, na Lei de servizos sociais de Galicia, que non se executou, e vostedes son moi hábiles, claro, porque, se non executan ese plan, frean todo o demais, que está supeditado a unha planificación anual do que ten que acontecer cada seis anos na sociedade galega. E, así as cousas, como dicía o mestre, pechabamos o ano 2023 con 84.000 persoas valoradas, que crecen un 5,53 por cento máis que o ano anterior; é dicir, 84.000 persoas que non é que estean no sistema, senón que están valoradas, porque nese mesmo ano falecían 346 persoas dependentes que tiñan o dereito recoñecido na propia lei.

Había unha valoración tamén do ano 2023, do promedio do gasto público que se fai en Galicia: 4.726,8 euros; que son uns 130 euros menos do que se facía en 2022 e 1.400 euros menos por debaixo da media nacional, da media estatal. Apuntabamos tamén que o Goberno galego reduciu a aportación que tiña para todos os proxectos e para todos os servizos da Lei de dependencia, basicamente porque percibiu do Goberno central 1.800 millóns de euros do Plan de choque, á parte dos outros 40 millóns que chegaron; algo que, dalgunha maneira, pasou noutras autonomías. A achega destes cartos, boa parte do Goberno central, fixo que se agacharan os cartos da propia Autonomía, de Galicia.

Basicamente todo o sistema ten un desleixo, pero ten un erro inicial; é dicir, non teñen a vontade de sentarse coa Administración local para facer esa planificación estratéxica, que é o que, ademais, abre a chave a todo o demais, incluso para ter unha previsión do que se está a chamar xa ese «boom» que vai acontecer en Galicia, onde nos imos ver abocados a ver unha poboación envellecida que non hai onde atendela; non hai onde atendela en lugares fóra da súa casa e non hai quen a atenda dentro do seu propio fogar. E así, lamentablemente, no último informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, hai todo un relato da aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal que en Galicia aparece fallido. Desgraciadamente, coincide co sentir da poboación, porque aquí todos se sustentan neste período, neste salón de sesións e todo se sustenta nestes papeis, pero aí fóra hai xente que está esperando e que ten esta percepción que estamos aquí denunciando mes tras mes nos plenos e nas comisións que temos.



Castilla-La Mancha, un 5,33 por cento; Andalucía, un 5 por cento; Baleares, un 4,86 por cento; Aragón, un 4,84 por cento; a Comunidade Valenciana, un 4,73 por cento; e Galicia, un 4,49 por cento. Estes son os índices de cumprimento dentro do baremo deste informe dos xerentes de servizos sociais; é dicir, somos a comunidade catorce. Por debaixo de nós están simplemente aquelas que teñen unha traza que nin sequera se considera débil, que se considera imperceptible; é dicir, estamos por encima de Murcia ou de Madrid, onde apenas hai unha resolución desta propia lei.

E despois hai unha cuestión, que en 2022 tiveramos un pequeno repunte, pero retrocédese despois no 2023 en tres dimensións: na ordenación do sistema —é dicir, en como está estruturado—; na relevancia económica —é dicir, en como se manifestan estas aportacións—; e na cobertura efectiva das prestacións e dos servizos, co que se retrocede con respecto ao ano 2022. É dicir, non houbo unha mellora. Eu xa sei que aquí se falou —non sei se foi a conselleira, non o recordo agora, ou se foi algún técnico— na Comisión 5ª dese incremento de valoradores e de mermar a burocracia para que fose máis áxil a lei, pero a realidade é que os efectos non se viron. É dicir, no día de hoxe seguimos na mesma deriva da que xa se falou aquí: os grao 3 pasan polo lado dos graos 1 e dos grao 2 e, no mellor dos casos, perciben ou teñen un servizo cando alguén, dentro do sistema, falece.

E, tal e como aparece neste informe, hai todo un decálogo que nos fala de como vai a situación. Por exemplo, a dotación de profesionais na Rede básica de servizos sociais é dun profesional por cada 2.022 habitantes en Galicia, cando a media estatal está en 1.764 habitantes. As rendas mínimas de inserción en Galicia perciben o 4,4 por cento da súa poboación, que está por baixo do umbral da pobreza, mentres que a nivel estatal a media está no 7,99 por cento. As prazas de residencias para persoas maiores de 70 anos, cun 3,21 por cento de cobertura en Galicia, fronte ao 3,9 por cento a nivel estatal. O servizo de axuda no fogar, do que xa se falou hoxe aquí, para persoas maiores de 70 anos, cunha cobertura do 5,75 por cento, sendo a nivel estatal o 7,57 por cento. E o servizo de teleasistencia para persoas maiores de 75 anos, cunha cobertura do 4,5 por cento en Galicia, por debaixo do 14 por cento da media estatal; un servizo tan sinxelo, tan útil e que tantas vidas salva como o de teleasistencia; por certo, moi ben xestionado por algunhas deputacións. Os servizos para persoas con discapacidade, cunha cobertura de 1,46 por cento, en prazas de residencia, a media estatal é dun 1,73 por cento, e de 1,98 por cento en prazas diúrnas e ocupacionais, fronte a un 3,08 por cento da media estatal.

Temos despois as outras partes, que igual non falamos tanto delas, pero que tamén forman parte deste sistema, como as prazas de acollidas para mulleres vítimas da violencia de xénero, cun 6,47 por cento cada cen mulleres coa orde de protección en Galicia, sendo a media estatal dun 14,25, e as prazas de aloxamento para persoas sen fogar con 40,1 prazas por cada cen mil habitantes fronte a 58,5 da media nacional.

E basicamente, tal e como se di neste informe, o principal desequilibrio do sistema público de servizos sociais en Galicia segue a ser o que se denomina «os dereitos de papel», é dicir, un sistema que está ben ordenado. Efectivamente, ten unha lei, ten un catálogo, ten unha integración entre administracións, pero unha relevancia económica débil e unha cobertura reducidísima en prestacións e servizos. É dicir, vostedes non poden dicir que aquí non hai



unha aplicación da lei porque vostedes teñen e entre todos se desenvolveu o catálogo de servizos dentro do ámbito dos servizos sociais, o catálogo de prestacións, pero realmente é unha lei que está enunciada, que está anunciada, pero non está executada, ou se está, está nunha medida —volvo repetir— débil e deficitaria en relación co Estado español. Teñen outras autonomías gobernadas polo Partido Popular que non teñen este déficit; todo o contrario, son autonomías onde a xestión mal que ben ten uns índices de cumprimento moi por enriba da media nacional.

Entón, neste momento temos unha poboación en Galicia de 702.000 persoas maiores de 65 anos. Esta cifra estará á alza durante anos, sobre todo porque as persoas temos unha maior calidade de vida,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—brevemente— temos un mellor sistema sanitario. E así, afortunadamente, esperamos todos chegar a vellos e chegar a vellos da mellor forma posible. Pois a cuestión é que a través desta proposición non de lei queremos poñer enriba da mesa que isto hai que mirar cara ao futuro, hai que mirar de cara a unha planificación, e estamos pedindo desde o mes de abril, que chegamos a este pleno, por favor, que estruturen un plan estratéxico de servizos sociais, porque a deriva que leva non é nada alagüena, non é nada favorable para os que estamos aquí e para os que están fóra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Saudamos os usuarios do Centro de Día para Persoas Maiores de Monte Alto, na Coruña, que hoxe nos acompañan e viñeron visitar o Parlamento. Que pasen aquí un bo día.

Agora continuamos co Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Empezo saudando de novo os compañeiros deputados e tamén os usuarios do Centro de Día de Monte Alto. Espero que desfruten deste Parlamento e das súas instalacións.

Miren isto *(A señora Arias Rodríguez amósalle á Cámara un cartel.)*, señora Longueira, isto coa débeda de Sánchez poderíamos facer en Galicia 138 residencias como a que se acaba de inaugurar en Lugo, poderíamos duplicar o número de prazas de residencia que existen en Galicia ou poderíamos financiar máis de cen millóns de horas de axuda no fogar. *(Aplausos.)* Iso é o que poderíamos facer con 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno de Sánchez. Dous mil cincocentos millóns de euros, que non llos debe á Xunta de Galicia do Partido Popular, que non llelos debe aos concellos, que llelos debe aos dependentes, que por esa débeda non poden ter a atención que merecen.

E vostedes teñen —e vanme perdoar— a indolencia de vir aquí pedir que a Xunta apoie e dea máis cartos para a dependencia, que nós xa estamos tomando medidas e aceptamos que



siga aumentándose, pero sen facer nada de autocrítica, sen botar sequera de reollo unha mirada a quen causa o problema: un Goberno socialista que non está a aplicar unha lei socialista, un Goberno socialista que sistematicamente convida para que sexan os demais os que paguen. Poñan algo de sensibilidade, déixense xa de demagogia e de ideoloxía, pois son persoas, son dependentes que por esa débeda non poden ter nin poderán ter a atención que realmente se merecen.

E o BNG vai ao seu lado apoiando este Goberno unha e outra e as veces que llo pida a cambio de nada. Señora Rodil, 2.500 millóns que servirían —e dígollo a vostede que falabamos antes do SAF— para financiar máis de cen millóns de horas de SAF e, dende logo, servirían para subir en todas as ratios.

Pero aínda así, grazas aos esforzos de todos os galegos, o informe de xerentes de Servizos Sociais di que o modelo de xestión de servizos sociais en Galicia funciona. Somos unha das comunidades con mellor sistema de atención á dependencia, cunha puntuación de 6,4, máis dun punto por enriba da media estatal, que é de 5,1, ou en centros de día para maiores de 70 anos, onde temos unha cobertura de 1,12 fronte ao 0,96 do resto do Estado, e lideramos o acollemento familiar a menores, con 57,8 fronte á media estatal do 52,1, entre outros exemplos. Ademais, a Xunta destaca por asumir case o oitenta por cento dos servizos sociais, mentres outras comunidades non chegan ao cincuenta por cento. E Galicia está entre as comunidades que presentan unha maior ratio de atención aos dependentes valorados, co 98 por cento.

E todo isto a pesar dos custos que supoñen o envellecemento e a dispersión en Galicia; uns custos que para a sanidade, educación e dependencia se cifran en novecentos millóns de euros. E claro que o Partido Popular e claro que a Xunta somos consciente das necesidades de seguir mellorando os tempos de atención á dependencia. Pero, ¿vostedes pensan que nós non vivimos no mundo real?, ¿que nós non estamos no municipalismo?, ¿que nós non falamos coa xente?, ¿que non temos familiares? Claro que somos conscientes de que hai que seguir mellorando os tempos de atención á dependencia, pero é algo que, por desgraza, se repite en toda España, e nós queremos solucionalo aquí e espero que coa axuda de todos vostedes.

Porque queremos tamén —e xa o dixo aquí hoxe o presidente— mellorar o que lles pagamos aos concellos pola hora de SAF. A iniciativa do Bloque anteriormente falaba de 20 euros/hora, ¿e por que non 30 euros?, ¿e por que non 18 euros? A nós parécenos que o que hai que facer é que nesa negociación, que está aberta entre os concellos de todas as cores, a través da Fe-gamp e a Xunta de Galicia é onde hai que acordar o que haberá que subir esa hora de SAF.

Pero non se poderá facer nada, non poderemos avanzar de verdade se o Goberno central non nos financia o 50 por cento da Lei de dependencia, se non nos dá polo menos os 2.500 millóns de euros que nos debe e se non deixa de facer leis que só teñen imposicións, que non fala con ninguén para facelas e, o peor, que non levan financiamento.

O PSOE ten hoxe a oportunidade de deixar de ser irrelevante para os galegos e de pedir a Madrid que nos dea o que nos debe. Ou o que é o mesmo: o PSOE galego ten hoxe a oportu-



nidade de pedir o que o señor Besteiro dixo hai uns minutos que ía pedir. Esperemos que así sexa.

A verdade é que é do BNG moito non esperamos, despois de que Sánchez lles tomara o pelo dúas veces —que o deixaron tomar facilmente—, porque despois de todo xa sabemos que para o BNG hai cousas máis importantes que a atención ás persoas dende que pasan as eleccións. Cando son eleccións, si son moi sociais, pero en canto pasan as eleccións o que nos preocupan son cousas como o monolingüismo, o nacionalismo, a independencia. A independencia xa é unha cousa que veñen usando para os servizos sociais dende hai moito tempo, alá polo 2008, si, cando os cartos da dependencia os usaron para pintar autobuses coa palabra «Independencia» e levar os maiores enganados a mitins do BNG. *(Aplausos.)* Iso é para o que usaban os cartos da dependencia. E iso fixo que os galegos deixaran de crer neles dende aquela ata hoxe. E por cousas así é polas que seguen estando onde están, na oposición.

Pois ben, a Xunta mantén o compromiso de seguir acurtando as listas de espera. A Xunta ten en marcha un novo decreto para acurtar as listas de espera e con tres medidas fundamentais: aumento de equipos, reducir os papeis de doce a dous e tamén facer ao mesmo tempo a valoración de dependencia e o servizo que se vai prestar ao usuario.

E, señora Longueira, respecto das traballadoras sociais, a Xunta está axudando os concellos incrementando o número de persoal que pode traballar en dependencia ou nos servizos sociais básicos. Mire para que se fagan unha idea: neste ano hai 247 profesionais máis financiados pola Xunta á disposición dos concellos que no ano 2019. Creo que dá unha mostra de cal é a intención e o compromiso da Xunta; en total, máis de oitocentos profesionais e con esa vocación de seguilos aumentando.

En fin, nós queremos seguir mellorando, pero para facelo só é posible que o fagamos xuntos. Axúdenos entre todos a que Madrid nos dea o que nos debe en beneficio das dependentes e dos dependentes galegos. Nós, como dixo hoxe o presidente Rueda, por parte da Xunta faremos todo o que estea nas nosas mans, como se está facendo xa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa rolda de intervención.)

Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

¿Sabe, señora Arias, para que usamos os cartos o BNG o tempo que tivemos responsabilidades de goberno neste país coa Vicepresidencia primeira de Benestar e Igualdade? Usámoslos



para crear unha rede de centros de día públicos, que non había un, en dezaseis anos de goberno do Partido Popular nin unha praza, *¡ni una!*; (*Aplausos.*) unha rede de escolas infantís públicas, pois non había unha en dezaseis anos de goberno do Partido Popular con Fraga; para darlle a este país unha Lei de servizos sociais, *ni la primera*; para darlles a este país e a súa xente o máis importante: dereitos e non caridade, que é o que aparece hoxe nunha normativa, que nin sequera vostedes se atreveron a tombar. (*Aplausos.*) Entón, efectivamente, ben orgullosas daquel rótulo de «Independencia», que garantía dereitos, unha rede pública para atender as persoas en función das necesidades que tivesen e independentemente da chequera de cadaquén, que iso o que garanten os dereitos sociais sobre o papel e na realidade cando goberna o Bloque.

E eu, ¡que capacidade de asombro!, xa debo tela toda, (*Risos.*) porque hai que valer para vir aquí sacar o que acaba de sacar, a foto e os datos: dous mil cincocentos millóns de euros que nos deben. Entre o 2011 e o 2018 gobernou o Partido Popular en Madrid, un Goberno dun señor que á xustiza lle custa atopalo por «M. Rajoy», pero que todas e todos aquí eu creo que somos capaces, ata se len ultimamente o *Marca*, de refrescarnos un pouco a memoria.

Mariano Rajoy gobernou sete anos. Débenos coas contas do Partido Popular —eu tampouco vou aproximar máis a cifra— 1.750 millóns de euros, deses 2.500 millóns que nos deben, é dicir, o 70 por cento levan o carimbo do Partido Popular, señora Arias, (*Aplausos.*) porque non pagaron un euro do que tiñan que pagar vostedes cando tiveron responsabilidades de goberno. Entón, —díxeno antes— é que a vostedes a verdade vai detrás de vostedes, pero é que vostedes corren máis, escápanlle. Entón, poden agradecerlles a si mesmos que as dependentes deste país teñan unha débeda de 1.750 millóns de euros que levan o selo do Partido Popular, que non só non pagaba, é que o PP ademais recortaba. (*Aplausos.*) Recortaba dereitos ás de grao 1, ás que lles vetou o acceso directamente aos servizos sociais. E, ademais, recortaron os dereitos e as prestacións á Seguridade Social ás traballadoras, ás familiares, ás mulleres que coidan as persoas na súa casa, e que, por certo, se recuperou grazas ao voto e ao acordo de investidura asinado polo Bloque Nacionalista Galego en Madrid. De verdade, hai que ter valor para facer o que fan e que non lles caia a cara de vergoña. (*Aplausos.*)

Eu de verdade que agardo, señora Longueira, que teña máis éxito a súa iniciativa que a que trouxemos nosoutros hai un mes, que pediamos daquela que se duplicase o persoal dos equipos de valoración e orientación da dependencia, precisamente para acabar con esas listas de agarda.

Nós imos votar a favor, non podía ser doutra maneira, da proposta que hoxe formulan. E farémolo partindo dunha idea que dicía o outro día no xornal *La Opinión da Coruña* unha muller dependente, e eu creo que é, polo menos para o BNG, o que preside todo o traballo político que facemos en materia de dereitos sociais, e dicía esta muller: «*Se asume como normal, algo que no lo es*». Efectivamente, tiña máis razón que un santo. Asumimos como algo normal ter que esperar trescentos oitenta días, ¡trescentos oitenta días!, en Galiza, cando a lei di que tes un período máximo de seis meses, trescentos oitenta días para que te valoren no grao de dependencia, a que teñas o teu plan de atención individualizada e a que teñas tamén, unha vez que tes recoñecido o grao de dependencia e o teu PIA, acceso ao servizo ao que di o papel que tes dereito.



Cando nós trouxemos aquí aquela iniciativa —¿recordan?— hai un mes, a lista de espera do tempo que agardaba unha persoa dependente en Galicia eran trescentos setenta e tres días. O último dato do informe de xuño do Imsero: son trescentos oitenta días o que hai que agardar, vai aumentando. Diciamos naquela altura que era o que estaba a acontecer, porque Galiza é desde o ano 2020 o territorio do Estado español onde máis medra a lista de agarda e, sobre todo o peor, que nesa lista de agarda hai xente que ten dereitos recollidos no papel, recoñecidos por unha Lei de dependencia, pero que despois na realidade non pode exercelos. Non é normal, como dicía esta muller da Coruña, nin é aceptable ter que esperar a que faleza alguén para poder entrar a garantir e a que se che preste o dereito que tes recoñecido por lei.

Estes días, que estivemos traballando moito no Bloque a respecto do SAF, precisamente para o debate da iniciativa da que demos conta ao inicio deste debate de proposicións non de lei, falaba de moitos concellos, e chegábanos historias terribles, porque ao final falas de xente. Chegábanos a través das compañeiras do Bloque de Lalín unha historia, pero hai miles de cada un dos concellos dos que aquí hai xente representada. En Lalín había unha filla que foi solicitar o acceso ao servizo de axuda no fogar para súa nai ou para seu pai, non lembro exactamente, estaban os dous dependentes, pero creo lembrar que era para súa nai, foi en outubro de 2023, pedíronlle que achegase outro documento ou outro papel para poder tramitarlle a solicitude, e até hoxe. Pero a muller polo camiño faleceu.

En Galiza, no 2023, cos datos do Imsero, 346 persoas faleceron esperando nese limbo no que se ten convertido a tramitación dunha Lei de dependencia, sobre todo o acceso aos recursos e ao servizo aos que tes dereito. E iso nin é normal nin é aceptable nin é asumible nun sistema democrático como é o galego.

Por iso —e eu con isto remato—, nós votaremos a favor desta iniciativa e non nos cansaremos desde o Bloque Nacionalista Galego de seguir construíndo un servizo de atención de coidado, un sistema de coidados realmente para o conxunto da sociedade deste país, para as persoas dependentes, para as persoas con discapacidade, para as nenas e os nenos ou para calquera persoa que nalgún momento das nosas vidas poidamos necesitar dun apoio, dunha acompañamento para garantir condicións de vida, calidade de vida e benestar, non para as persoas que o necesitan, senón para o conxunto da sociedade, porque de como tratamos os colectivos máis vulnerables do noso país di que modelo de sociedade construímos. Nós, desde logo, é o que levamos facendo orgullosamente cando temos responsabilidades de goberno e cando non, construíndo un sistema de coidados, de benestar social, de calidade, público, eficiente e, sobre todo, humano, porque detrás deses números que hai xente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

¡Lástima que non puiden saudar os veciños de Monte Alto! Non sabía que estaban aquí, pois agora xa se foron.



Señora Arias, *desde el cariño*, se vostedes gastaran menos en reprografía do que gastan aquí cada vez que traen un *mochuelo* destes para ensinar, xa tiñamos unha traballadora social máis para valorar. (*Aplausos.*) Claro, é que levamos, veña foto, veña foto. Non se trata de traer papeis, trátase de facer o que está no papel. E despois si, temos ideoloxía, si, si temos unha ideoloxía, claro, por iso estamos na política. Unha ideoloxía que deu lugar pois a que os homes e as mulleres puideran casar libremente con igual sexo, por exemplo; unha ideoloxía que trae aquí unha Lei de dependencia para os máis vulnerables; unha ideoloxía que fala; unha ideoloxía... (*Murmurios.*) —¿outra vez vanme engorilar?— ...que fala de que temos que ter unha Lei de eutanasia digna para morrer dignamente. E iso é ideoloxía, porque sen ideoloxía non se fai.

¿Que pasa se non hai ideoloxía? Pois que temos freado o Plan estratéxico da Lei de servizos sociais de Galicia. E como temos freado ese Plan estratéxico, vostedes están aí parapetados, e todo o que vén detrás non hai forma de facelo. Iso é o que pasa cando non se ten ideoloxía.

E despois, ben, xa se falou aquí, pero das débedas do Estado español e de todo. É o que vou dicir eu. ¿Que pasou neste país desde o ano 2011 ao 2018?, ¿que pasou? ¿Ninguén se acorda das políticas austericidas? ¿Ninguén se acorda cando se lles rebaixaron os salarios aos profesionais do Estado, cando se recortaron os dereitos, cando se recortaron todas as...? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Trenor, *la fiesta se acabó ayer cuando le tocó a usted. La fiesta la terminó ayer.* Entón, volvermos ao mesmo: ¿ninguén se lembra do que pasou aquí na época de Mariano Rajoy? ¿Vostedes non se lembran? ¿Vostedes non se lembran de que de noventa horas do servizo de axuda no fogar pasamos a setenta horas? (*Murmurios.*) É que foi o que pasou. E a vostedes nunca lles escoitei reclamar durante o Goberno do señor Rajoy, porque vostedes levan aquí moito máis ca min. Eu nunca lles escoitei reclamar, ¡nunca! Acataron, calaron a boca, comeron o sapo de que estabamos en políticas austericidas, e aí foi todo.

Entón, vostedes traían aquí unhas emendas, eu dispostísima, excepto no punto cuarto. Moi ben, «O cumprimento do cofinanciamento do 50 por cento da Lei da dependencia»; de acordo. Pero despois din no punto b) e c) «Que faga efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia»; ¿canta?, ¿a metade?, ¿que proporción? Fixo vostede a emenda, eu non sei. «Que renuncie á imposición unilateral das novas medidas». ¿Vai vostede facer un plan, vostede non, a conselleira, os seus técnicos, que veñen aquí ás comisións e responden cos datos. Pero, claro, ninguén lles manda facer un plan estratéxico, non o van facer. Estarán esperando que a señora conselleira llelo mande facer. ¿Van vostedes facer o plan estratéxico que está freando a Lei de servizos sociais de Galicia, si ou non? Porque entón non hai forma. Teñen vostedes un presidente, que xa me dirá se se acabou. (*Murmurios.*) (*O señor presidente bisbea.*)

Entón, faga o favor de que cando veñamos aquí falar disto o falemos con sensatez, con seriedade, ¿vale?, e non tanta reprografía, que —volvo dicir— tiñamos xa un valorador máis da dependencia.

Entón, sentíndoo moito, parécenme moi ben as súas emendas, pero no punto cuarto eses dous apartados b) e c) nós non os podemos aceptar, ¿de acordo?



Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei hai presentadas unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte contido:

<<O Parlamento galego demanda da Xunta de Galicia un compromiso real e efectivo para a realización das infraestruturas viarias, de competencia autonómica, comprometidas durante anos polo Goberno galego ante a falla de avances nas mesmas.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta a demandar do Goberno de España:

1º) Un compromiso real e efectivo para a realización de infraestruturas vitais para a nosa comunidade ante o que é unha falta de avances das infraestruturas viarias comprometidas polo Estado en Galicia e un agravio comparativo respecto a outras comunidades.

2º) Que se comprometa á execución inmediata das obras de reparación necesarias para garantir a seguridade nas autovías e estradas de titularidade estatal en Galicia.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, co seguinte texto:

<<Asemade, o Parlamento insta a Xunta a impulsar na presente lexislatura as infraestruturas viarias autonómicas (autovías e variantes) que levan anos paralizadas ou tiveron escasos avances na súa tramitación.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Bo día de novo.

Última proposición non de lei deste período de sesións, imos ver se rematou a festa ou non.

Imos falar do mantemento e desenvolvemento das infraestruturas viarias que o Estado ten na nosa comunidade, cuestión que afecta moitísimos concellos. A Coruña tamén, jeh! Dígoo porque non vaia ser que a alguén lle pareza mal que falemos da Coruña, que ata onde eu sei, ata hai uns minutos, estaba en Galicia. Eu entendo que é normal que lles pareza mal que fale da Coruña; coa xestión que están a facer da recollida e tratamento do lixo, a min tamén me parecería mal. Teña coidado, señor Ojea: non vaia ser que un día se lle ocorra falar dun concello que non sexa de Ourense e tamén lle afeen a conduta.

Nunha comunidade como a nosa, caracterizada por unha orografía complexa, por unha dispersión dos núcleos de poboación, é fundamental que as administracións públicas responsables fagan os esforzos precisos para garantiren unha rede de comunicacións moderna e sostible.

O Goberno do Estado leva anos deixando de lado o mantemento e desenvolvemento das infraestruturas de comunicación da súa titularidade en Galicia, acumulando atrasos e incumprimentos de prazos e de investimentos que se traducen nun insoportable agravio co resto dos territorios.

O Goberno ten a obriga de garantir o axeitado estado de conservación nas autovías da súa competencia, que á súa vez garanta a seguridade viaria. Por iso, resulta inaceptable a situación na que se atopan as autoestradas de competencia estatal. Especialmente grave é o estado do firme da A-6, que continúa coa súa deterioración e prexudica os usuarios desta conexión coa Meseta, cunha elevada intensidade de tráfico, especialmente pesado. A caída do viaduto do Castro e o derrubamento de noiros, que provocan que ata trinta e seis quilómetros desa vía teñan algún carril anulado, as incontables fochancas e o firme en malas condicións fan que circular por esta autovía sexa especialmente complicado e perigoso.

Os traballos de rehabilitación é certo que comezaron o pasado ano, pero tiveron que interromperse pola necesidade de acometer actuacións de emerxencia ante a gravidade da situación, no que vén ser un recoñecemento expreso do vergoñento estado no que Sánchez ten as infraestruturas estatais en Galicia. *(Aplausos.)* Esta é unha cuestión que acaba de ser



recollida profusamente en todos os medios de comunicación nos últimos meses. Non hai que ir moi lonxe, esta mesma fin de semana recollía *La Voz de Galicia*, (*O señor Rodríguez Martínez amósalle á Cámara dúas copias.*) aquí o teñen a dobre páxina: «*El estado de las autovías de conexión con la Meseta*» —con este titular—, «*Todos pinchamos neumáticos en la A-6*». Pódense ler testemuñas como «*No hay por dónde escapar, da igual dónde te metas porque en los carriles hay agujeros en ambos, se podría hundir un pie en los enormes socavones*», Sergio, camiónero. Ou «*Por ahora hemos venido bien, apenas hemos notado baches por el camino*», Miriam e Encarna, turistas. Claro, o truco desta declaración é que a fixeron en León, antes de entrar en Galicia, o que dá mostra do agravio de Sánchez a Galicia unha vez máis.

Os números cantan, o Estado ten en Galicia 2.400 quilómetros de estradas; polo tanto, non é defendible que o único anuncio do Goberno central en materia de conservación de estradas fora un investimento de apenas vinte e tres millóns de euros para actuar en menos do dez por cento das estradas da súa titularidade en Galicia; 10,5 millóns entre as provincias da Coruña e de Lugo e 12,6 millóns entre as provincias de Pontevedra e de Ourense. Estas son migallas espalladas nunha campaña de remendo e de parcheo que non solucionan os problemas estruturais que ten a Rede de estradas estatais en Galicia e nas que as medidas estrela do Goberno central foron reducir a velocidade por seguridade vial na A-6 ou avisar nos luminosos da calzada da presenza de baches a dous quilómetros no caso da A-55.

En Galicia temos tres autovías estatais para conectarnos co resto de España e as tres teñen serios problemas. A A-8, de conexión coa cornixa cantábrica, segue cos problemas de néboa cos que naceu e que seguen sen ter solución. Segundo un informe da Dirección General de Tráfico, máis de setenta condutores foron en dirección contraria pola A-8 en tres anos. A A-52, de conexión coa Meseta por Ourense, está a ter, decontino, restricións de tráfico por mor das obras de emerxencia nos viadutos. Na A-6 —á que xa me referín e que merece un capítulo á parte—, tras un ano de obras de emerxencia e un investimento de 26 millóns, en xuño do ano 2022 viamos como o viaduto do Castro da A-6 colapsaba. No día de hoxe, a A-6 mantén aberto un único carril dos cinco que antes tiña, sen que exista nin un só cronograma fiable de orzamento e de prazo para poñerlle fin a esa situación. A xestión deste colapso é a crónica dun despropósito político, técnico e administrativo; é un claro exemplo —outro máis— do desprezo e do ninguneo de Pedro Sánchez a Galicia. O Goberno central non actuou na resolución deste problema coa dilixencia e coa prioridade que as circunstancias demandaban.

É urxente que o Goberno de España afronte con rigor e con seriedade a conservación da súa rede de estradas. Non é admisible que os traballos anunciados sexan froito das queixas, dos accidentes ou das emerxencias ás que se deixou chegar o estado das vías. As promesas seguen caendo en saco roto, deixando ben ás claras que o Estado non ten unha planificación adecuada. Por iso, exiximos que se executen no tempo e na forma as obras comprometidas.

A maiores desta situación, o Goberno central leva anos acumulando incumprimentos en relación coa execución das novas infraestruturas viarias comprometidas en Galicia, especialmente, aquelas que resultan esenciais para a comunicación coa Meseta e para a vertebración interna do noso territorio, como a A-56, a A-52, a A-74 ou a A-76. Por poñer algún exemplo, na A-56 seguimos tendo só oito quilómetros feitos, que melloran a co-



nectividade do eixo do Ribeiro, pero que non serven para o percorrido entre Ourense e Lugo, e non hai avances para a necesaria comunicación das dúas capitais. Na A-74, a autovía da Mariña, unha infraestrutura tamén clave para o desenvolvemento desta zona, o señor Besteiro —daquela candidato ao Congreso dos Deputados— anunciou a súa contratación hai exactamente un ano —tamén é certo que agora xa sabemos todos o que valen as promesas do señor Besteiro, absolutamente nada—. Da A-76, clave para unir o interior de Galicia coa Meseta, nada se sabe logo de vinte anos. A excepción é a A-54, que en teoría estará rematada no 2025, non está mal tendo en conta que o seu primeiro tramo comezou a construírse en 1992, polo que rematará trinta anos despois do seu comezo e seguro que, se isto ao final é certo, vai estar tamén entre aquelas que van necesitar de labores de mantemento.

Polo tanto —e remato xa—, á vista deste relato de continua deslealdade para con Galicia por parte do Goberno do Estado, exiximos, en primeiro lugar, un compromiso real e efectivo para a realización de infraestruturas vitais para a nosa comunidade ante o que é unha falta de avances das infraestruturas comprometidas polo Estado en Galicia e un agravio comparativo con outros territorios. En segundo lugar, exiximos que se comprometa á execución inmediata das obras de reparación necesarias para garantir a seguridade nas autovías e nas estradas de titularidade estatal en Galicia. Entendemos que sería bo poder pechar este período de sesións, esta PNL, co apoio unánime para esta demanda, que entendemos que é de xustiza e que debe de unir a todos os grupos presentes neste Pleno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Non hai nada novo nesta proposición non de lei do Partido Popular neste Parlamento. Moito lembrarnos o resultado electoral, a vitoria, o dereito para gobernar, a confianza dos galegos, os mil propósitos de emenda sobre os erros, as boas intencións, o sobado e repetido ata a saciedade «sentidiño» etcétera, para, despois, actuar aquí politicamente como a oposición ao Goberno central, como unha sucursal de Génova 13 que segue as directrices políticas de Feijóo ou de Ayuso —aínda que creo que vostedes non saben moi ben a quen atenden en cada momento—. Os galegos non os votaron para enfrontar a Sánchez, votáronos para ser o Goberno de Galicia, para gobernar as competencias que lles asigna o Estatuto de autonomía e polas que estamos aquí setenta e cinco parlamentarios.

Esta proposición non de lei tamén confirma o desprezo do Grupo Parlamentario do PP de Galicia cara aos seus compañeiros e as súas compañeiras do Congreso dos Deputados e do Senado, porque aquel é o ámbito político para debater sobre o suposto agravio comparativo ao que fan vostedes mención. A verdade é que non creo que os seus compañeiros e as súas



compañeiras na capital do reino estean moi contentos con vostedes, pois parece a súa, máis ben, unha competencia desleal.

Os números cantan, señor Rodríguez, falemos, pois, dos investimentos do Estado en Galicia, que vostedes coñecen ou deberían coñecer e que non queren recoñecer aquí. O orzamento xeral do Estado para o 2024 —prórroga do 2023— destina 224 millóns de euros en investimentos para estradas en Galicia, desagregadas en obras de nova infraestrutura, en remodelacións e tamén en obras de conservación. A relación de actuacións é exhaustiva e abarca as catro provincias. Sería bo que os seus parlamentarios en Madrid recompilasen esta información, llela pasasen a vostedes e tivesen aquí un pouco de rigor, porque este (*O señor López Font amosa un documento.*) é o documento de trinta e oito páxinas que reflicte a realidade da situación en Galicia, porque sobre a súa autoemenda podemos dicir moito e, sobre todo, que estean tranquilos pola seguridade.

O Goberno de España tamén se preocupa polo mantemento e pola seguridade viaria das vías de competencia do Estado de forma decidida. Na data de hoxe —señor Rodríguez, debería sabelo— están en marcha ou en licitación en Galicia obras por importe de 234 millóns de euros. Farei o que lles encanta a vostedes, que é detallar as actuacións, que van desde o tratamento de interseccións á mellora de sistemas de contención da mediana, aos sistemas de balizas antinéboa e aos sensores meteorolóxicos, por falar dalgunhas vinculadas coa seguridade viaria. E isto unido, evidentemente, ás máis clásicas de conservación, como os mantementos superficiais de firme ou as drenaxes da calzada; e nalgúns casos, tendo en conta a situación, están a executarse ou adxudicándose como obras de emerxencia. Todas estas actuacións —direilles— afectan, practicamente, toda a rede de estradas e de autovías do Estado. Convén que se informen; parafraseando a Rueda, «non teñen os datos ou pasáronlles mal».

Por tanto, estas son actuacións comprendidas para este ano; unha desagregación completa, máis aló das xeneralidades que vostedes expoñen. Estase a actuar, vostedes sábeno e veñen aquí enfrontarse, na súa estratexia habitual, co Goberno de España. Pero seguro que a pregunta que lles farían a vostedes moitos dos que os votaron sería: ¿non sería mellor preocuparse polo que lle corresponde ao Goberno galego?, ¿non tería máis «sentidiño» actuar firmemente e con celeridade sobre aquilo no que está obrigado a decidir o Goberno de Rueda? Porque quince anos de baleira xestión en materia de infraestruturas viarias desde o Goberno da Xunta e só preocuparse do que teñen que facer os demais non creo que sexa o mandato que vostedes recibiron das urnas nin o encargo para gobernar. Como táctica de distracción funcionalles —ou iso pensan vostedes— pero como acción de goberno amosa a súa incapacidade para encargarse do que realmente lles corresponde. Sería un exercicio de responsabilidade política, antes de demandar e de vitimizarse, preguntarse que fixeron vostedes —vostedes non fixeron absolutamente nada— e facer un repaso das infraestruturas que seguen durmindo o sono dos sustos despois, señor Rodríguez, de quince anos de goberno. Os socialistas sempre defendemos aquí a mesma exixencia a todos os gobernos, a piñón fixo, señor Trenor, efectivamente.

Repasemos agora como ten o Goberno da Xunta a situación das infraestruturas que lle corresponden. A realidade nas catro provincias demostra os incumprimentos ano tras ano e



orzamento tras orzamento, onde aparecen as mesmas infraestruturas pero nada avanza. En Lugo, para a VAC Costa Norte destínanse dous millóns no orzamento actual, estamos esperando esta mellora, xa que os únicos tramos licitados son os de Touriño; para o acceso ao porto seco de Monforte, o orzamento do 2024 recolle cincocentos mil euros —chegou a ter setecentos cincuenta mil—, pero non hai nada executado; canto ao plan Paradai, xa pasaron vinte e tres anos desde que se asinou o convenio; a rolda leste de Lugo, só está para o cemento da señora Candia, e tamén está pendente a conversión en autovía do corredor Nadelá-Sarria. En Ourense, está pendente a infraestrutura de prolongación da AG-31 entre Celanova e a fronteira portuguesa. Na Coruña, a autovía Costa da Morte leva trinta anos pendente; a vía Ártabra, un proxecto de hai vinte e dous anos, está sen rematar no día de hoxe, e a variante de Carballo —proxectada por Touriño— foi paralizada polo PP ao chegar á Xunta. En Pontevedra, a VAC Tui-A Guarda —iniciada por Touriño e bloqueada polo PP— debería estar finalizada no 2013, xa que é unha infraestrutura fundamental para o Baixo Miño; a ampliación da autovía Santiago-A Estrada tamén está pendente, e a autovía do Salnés aínda non chegou ao Grove, un tramo no que faltan dez quilómetros.

Esta PNL demostra a preocupación que teñen vostedes polo Grupo Socialista. Redactan e presentan pensando que votará este grupo, para, a continuación, poñer en marcha a inmensa maquinaria propagandística e o telexornal. Pero fáltalles o rigor que se lles debe exixir, porque a vostedes correspóndelles gobernar aquí, en Galicia, e deixarse de botarlles a culpa a todos, especialmente ao señor Sánchez, que, como demostrei, atende a Galicia.

Espero que, como queda a última PNL, o desexo do señor Rodríguez se converta en realidade e acepte a nosa emenda de adición, que significa que tamén vostedes teñen moito que facer.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rodríguez, teño que recoñecer que a súa iniciativa ten un co-mezo prometedor. Di: «O Goberno central leva anos acumulando incumprimentos en relación á execución das novas infraestruturas viarias comprometidas en Galicia». E fai referencia á A-56, Lugo-Ourense, ao acceso desde a A-52 do Porriño a Vigo, á A-74 na Mariña ou á A-76, Ponferrada-Ourense. Estamos completamente de acordo no que din dos incumprimentos e, ademais, agradecemos a sinceridade do Partido Popular, que recoñece a súa corresponsabilidade por estes incumprimentos. *(Aplausos.)* Porque vostedes nos últimos vinte e cinco anos estiveron gobernando. E estes son incumprimentos dos gobernos de Aznar, de Zapatero, de Rajoy e de Pedro Sánchez, de todos, señor Rodríguez.

Voulle facer algún acordante, porque moitas destas infraestruturas estaban comprometidas no Plan Galicia do ano 2003. Concretamente, a autovía Lugo-Ourense, a de Ponferrada-Monforte, a de Monforte-Chantada —que despois desapareceu da programación— ou o acceso a Vigo desde O Porriño xa estaban no 2003 e vostedes non as impulsaron cando gobernaron. Por non falar xa da A-74 da Mariña, que é un compromiso do señor Aznar do



ano 1998; vinte e cinco anos pasaron e aínda estamos agardando. Pero é unha responsabilidade compartida tamén polo Goberno do Partido Popular, non só polos gobernos do Partido Socialista. Porque, ademais, estas infraestruturas foron incluídas no Plan estratéxico de infraestruturas de transporte do ano 2005 de Zapatero, estaban no Plan de infraestruturas de Ana Pastor do ano 2012 e estaban no, afortunadamente derogado, Plan extraordinario de estradas do señor Rajoy, que quería investir cinco mil millóns de euros en estradas polo sistema de colaboración público-privado. Menos mal que non tivo a posibilidade de aplicar este desastroso plan.

O BNG está na posición da máxima exixencia ao Goberno central en materia de infraestruturas. Estamos traballando para iso, estamos negociando acordos beneficiosos para Galicia, como, por exemplo, a rebaixa histórica da peaxe da AP-9, que se conseguiu por unha negociación do Partido Popular e da que se benefician vinte mil galegas e galegos. Como agora o estamos facendo coa rebaixa tamén que se vai aplicar na AP-53, que agora vostedes queren apuntarse o tanto; grazas por participar nesta demanda. O que pasa é que a vostedes pódesele aplicar —por certo, estamos traballando especificamente nesta lexislatura pola mellora das infraestruturas ferroviarias e agardamos que na lexislatura se produzan avances importantes nesta materia— aquilo do refrán: «*Perro ladrador, poco mordedor*». Porque cando falan aquí no Parlamento, cando fai declaracións o señor Rueda no Consello da Xunta, teñen moita bravura e póñense moi reivindicativos, pero despois, cando se reúnen co Goberno central, miran con arroubo. Eu a foto esa de Rueda con Rivera téñoa gardada, porque parecía unha declaración de amor, despois repetida tamén —teño aquí a foto ademais, porque esta tamén a teño gardada— con Nadia Calviño (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*), cando lle regalou esta figura da catedral de Santiago; un auténtico idilio, todo *happy flower*.

Agora vemos, recentemente, como tiveron unha reunión o 27 de xuño o señor Diego Calvo, a Consellería de Mobilidade, a señora María Martínez Allegue, conselleira de Infraestruturas —con esta bicefalia difícil de explicar que teñen no reparto de competencias—, co secretario de Estado de Transporte e Mobilidade e co comisionado para o corredor Atlántico, na que estaba tamén o delegado do Goberno e a directora xeral de Mobilidade. E, sorprendentemente, a nota de prensa é moi positiva; fan un balance moi favorable da reunión, anuncian grandes logros e a creación de dous grupos de traballo, un para o ferrocarril e outro para o tema das estradas. Tamén presumen na nota do anuncio desta rebaixa da AP-53, que foi unha negociación do BNG; grazas polo apoio. Pero a realidade é que vostedes fixeron un balance positivo desta reunión. Polo tanto, notamos unha certa descoordinación entre o que o di o Goberno nesta nota de prensa, que a teño aquí e llela podo pasar, e o que din vostedes aquí. Din que van ter unha reunión en setembro para seguir avanzando nos temas que falan; parece que todo vai sobre rodas.

Xa para rematar, nós presentamos unha emenda porque vostedes aplican tamén aquel conto de: «*Consejos vendo que para mí no tengo*». O que lle pedimos é que vostedes cumpran e acaben con todos os incumprimentos e os atrasos das infraestruturas da Xunta que levan vinte, e quince, e dez anos agardando para rematar. Tráíolle aquí, concretamente, os proxectos que estaban no Plan Move do ano 2010; pasaron xa máis de trece anos, señor Rodríguez.



Variante de Carballo: a previsión de remate era no ano 2013, está sen comezar e había un proxecto do ano 2010. Variante de Ribeira: tiña que rematarse no 2015, está sen comezar. Ronda leste de Lugo: tiña que rematarse en 2013, está sen comezar. Variante de Alba en Pontevedra: tiña que rematarse no 2015, está sen comezar. Porto seco de Monforte: tiña que rematarse no 2015, aínda non está rematado. Autovía da Costa da Morte, o treito Baio-Berdoias —xa non falamos do resto—: tiña que estar rematado no 2015, está sen comezar; vostedes puxeron seis millóns de euros no ano 2021 e foron incapaces de executalos. Autovía Brión-Noia: tiña que estar rematada no ano 2015, está sen iniciar. Vía Ártabra: tamén tiña que estar rematada no ano 2013, dez anos despois está sen rematar. VAC Costa Norte: está sen rematar, só se fixeron vinte dos oitenta quilómetros previstos. Autovía Sarria-Monforte: desapareceu da programación, tiña que estar rematada no ano 2013 segundo as previsións do Plan Move. VAC Nadela-Sarria: tiña que estar rematada no 2015, está feita a metade, están agora co proxecto para rematar a segunda parte.

Polo tanto, aplíquense o conto e fagan vostedes o mesmo que lle piden ao Goberno central, é dicir, cumpran os seus compromisos. Pídanlle ao Goberno galego que cumpra, cando menos, —hai moitos máis que se poderían pedir— estes compromisos escritos nun documento oficial, no Plan Move do ano 2010, que vostedes revisaron da versión do ano 2009 para axustalo á nova situación orzamentaria e económica, que prevía obras que tiñan que estar rematadas no 2015 e das que a maior parte están sen comezar. Polo tanto, non veñan aquí dar leccións de nada.

Agardamos que aproben a nosa emenda e que a apoien, e tamén que as mesmas demandas —que nós imos apoiar— que se lle fagan ao Goberno central se lle fagan ao Goberno da Xunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Coincido practicamente con todo o que se leva dito, porque o estado das vías, das infraestruturas desta categoría, é unha cuestión que ten pouco que discutir no ámbito político. Penso que ningún partido avogará por un mal estado das estradas, con independencia de cal sexa a súa titularidade. Entón, coincidimos, efectivamente, nas peticións que fai o Partido Popular, nas demandas que fai ao Goberno central sobre o estado das autovías, das autopistas e das vías que demandou. Desde logo, tamén coincidimos co resto dos grupos que existen a mesma responsabilidade no caso da Xunta de Galicia, e eu ampliaría a demanda ao resto das institucións que son titulares dalgún tipo de vía.

Nomeáronse moitos casos concretos e eu vou aproveitar a intervención, sinxelamente, para lembrar un caso concreto máis que non se nomeou, que é o estado da N-541, que vai desde Ourense a Pontevedra. Todos vostedes coñecen esa clase de demandas que levan feito, sobre



todo, os concellos que son atravesados por esa vía, que mesmo deron lugar a un pacto, o chamado Pacto de Pedre. Xa saben que esa vía é unha vía na que tivo lugar un accidente importante nun Nadal recente. E, sinxelamente, quero aproveitar a intervención para recordar esa demanda concreta que fan alcaldes de, practicamente, todos os partidos políticos, porque atravesada diferentes concellos cuxos gobernos teñen diferentes cores políticas. Sinxelamente quero aproveitar ese nome.

E despois quero facer outra pequena reflexión. Falamos moitas veces de que os concellos asumen competencias e asumen gastos que, en principio, non lles corresponderían, pero tamén asumen outra clase de cousas neste contexto, que son as culpas do mal estado das vías, con independencia de quen sexan os titulares. Os concellos e os alcaldes e os gobernos municipais levan a culpa, normalmente, ante a opinión pública do mal estado de calquera vía que atravesase o seu territorio municipal, con independencia de que sexa unha vía municipal, da deputación, da Xunta ou do Estado. No caso concreto desta estrada que nomeei, un pequeno tramo transcorre pola cidade de Ourense, e a cidadanía mesmo se queixa de cousas como que non hai semáforos á demanda, pasos de cebrada e cousas así, que corresponderían, loxicamente, ao titular da vía.

Sinxelamente, quería facer eses dous apuntamentos engadindo que, loxicamente, apoiaremos a proposta. E tamén lembrarlle á Xunta de Galicia as súas responsabilidades no estado das vías que lle corresponden.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor López Font, non hai ningún problema co que poidan pensar os nosos compañeiros en Madrid, porque, ¿sabe que ocorre? Que tanto eles coma nós nos debemos a Galicia e aos galegos. Vostedes, como quedou claro na súa intervención, débense á «sanchosfera». *(Aplausos.)*

Señor Bará, eu recoméndolle que atope algún oco agora neste tempo de lecer do verán para distinguir entre lealdade e cooperación institucional e rendición na defensa dos intereses dos galegos. Lealdade e cooperación institucional son as fotos que vostede ensinou hoxe aquí. Rendición dos intereses dos galegos en Madrid é o que fixeron vostedes nos seus pactos para investir a Sánchez. Tanto vostedes como o Partido Socialista teñen un problema, que é que os galegos non os queren, e con razón. Vostedes vendéronlles aos galegos a transferencia da gratuidade da AP-9, os dous, un nos pactos de investidura e outros na campaña das autonómicas. E resulta que a AP-9, no día de hoxe, nin é galega nin é gratuítada. É máis, os galegos pagamos pola AP-9 máis ca nunca.

Vostedes teñen un problema. É sabido que vostedes están máis cómodos xestionando o pasado ou o futuro, o que sexa con tal de non xestionar o presente. Vostedes xestionan de ma-



rabilla o 36, o 1977, o 2003 para a prórroga de Aznar, e, de ser o caso, levan estratexias ao ano 2050. ¿Cal é o problema? O problema é que estamos no ano 2024 e a situación da que falamos nesta iniciativa está na mesa do Goberno de Sánchez que vostedes apoian. (*Aplausos.*) Ese é o seu problema. Todo isto, ao igual que a transferencia e a gratuidade da AP-9, está enriba da mesa do Goberno que vostedes apoian.

Non imos aceptar as emendas presentadas porque veñen exixirlle á Xunta o que xa está a facer, para que aínda por riba pareza que todos somos iguais e así tapar as vergoñas do desleixo de Sánchez. Non se preocupen, non aceptar as emendas non significa que non poida saír adiante a iniciativa por unanimidade, ¡depende de vostedes! Tomen nota do que fai a Xunta en materia de conservación da súa rede autonómica, cun investimento de máis de cincuenta millóns anuais para o mantemento e o reforzo da seguridade das súas estradas —5.500 quilómetros—, dos que 28 millóns están destinados, exclusivamente, para a renovación dos firmes. Un exemplo: na AP-53 a Xunta vai renovar completamente o treito autonómico Santiago-Ourense, e vostedes non van investir nada na autoestrada máis cara de Galicia e a única sen bonificacións de toda España. Por favor, un pouco de seriedade.

Remato. Os galegos non os cren. Falaban onte dos entrañables Teleñecos, e seguindo co símil de personaxes infantís, o que pasa é que os galegos están fartos de que vostedes aquí se comporten coma se fosen o Demonio de Tasmania e de que cando chegan a Madrid se comporten coma se fosen Piolín. É dicir, que con cada aldraxe de Sánchez a Galicia (*Aplausos.*) se limitan a dicir: «*Me pareció ver un lindo gatito*». Os galegos están fartos diso. É tempo de compromisos, con orzamento e prazos certos. Só así poderán recuperar, senón a credibilidade dos galegos, polo menos a dignidade propia de quen di defender os intereses de Galicia en Madrid.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Houbo un intento de transacción. (*Negación.*) Non hai transacción, polo que a votamos tal e como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co Servizo de Axuda no Fogar (SAF).



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Ferro.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Sonia Vidal.

¿Hai unha proposta de transacción? (Negación.) Non hai transacción.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Sonia Vidal Lamas e catro deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Roberto Rodríguez.*

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión e continuamos co punto 6, que é o de interpelacións.

Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Julio Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor presidente, deputados e deputadas, boas tardes a estas horas tan propicias para o debate.

Señor conselleiro, boas tardes, un pracer estar de novo aquí para establecer debate con vos-
tede.

Ben, hoxe estamos aquí para falar non tanto dun tema educativo, senón máis ben dun dereito que teñen as familias dos nenos e as nenas galegas que están en idades de educación obrigatoria dentro da nosa comunidade, para que poidamos dicir que efectivamente teñen o dereito constitucional de ter unha educación totalmente gratuíta nas etapas en que é obrigatoria esa educación. Sobre todo, na situación económica que hai tras a pandemia e a guerra da Ucraína, que tivo como consecuencia un incremento do IPC e do custo da vida que fai que moitas familias teñan problemas importantes para facer fronte, sobre todo desde o inicio do curso que vén, aos gastos que supón o material escolar, que supoñen os libros de texto. Polo tanto, iso dificulta nalgunhas ocasións que esas familias poidan facer fronte a todas esas cuestións.

Sobre todo nun momento en que a propia Consellería de Educación anuncia a bombo e plátallo un esforzo económico importante para facer gratuítos determinados sectores da educación que non é obrigatoria. Polo tanto, creo que é importante facer un esforzo con aqueles que si son responsabilidade directa da Consellería e que forman parte do dereito constitucional das familias a ter esta educación obrigatoria, precisamente para garantir ese dereito.

Numerosas institucións, como poden ser o Defensor do Pobo, o Consello Escolar do Estado, as asociacións de ANPA — asociacións de nais e pais — e incluso o presidente do Partido Popular reclamaron en moitas ocasións ao Goberno central, pero tamén as distintas comunidades, que fixesen ese esforzo, precisamente para garantir este material, estes libros escolares, gratuítos nestas idades e nestas etapas, fundamentalmente na Educación Infantil e na ESO, que son etapas obrigatorias dentro do sistema educativo.

De feito, aquí en Galicia, aínda que á Consellería lle encanta tanto dicir as medidas que son rompedoras e punteiras dentro de España, pois hai que dicir que na nosa comunidade autó-



noma no ano 2009 un Goberno bipartito presidido por Pérez Touriño conseguiu que o cen por cento dos libros escolares e o cen por cento do material estivese dispoñible para as familias, a través dun sistema de cesión e préstamo de libros.

Non vou entrar a dicir quen foi, pero no anterior debate en que discutimos unha proposición non de lei do BNG un representante do Partido Popular dixo que esa era unha idea do propio Partido Popular no ano 2003. Polo tanto, non imos aquí discutir quen é o autor desa proposta, simplemente creo que Galicia neses anos si que tiña estas medidas implantadas.

Ademais, a través dun modelo similar aos bancos de libros que se desenvolven en distintas comunidades autónomas. Aquí en Galicia agora tamén o temos, pero témolo parcial, que é o famoso fondo solidario de cesión de libros aos rapaces e rapazas de primeiro. Na convocatoria de axudas deste fondo do ano 2024, a consellería estableceu unha convocatoria que ten unha partida aproximadamente duns dezasete millóns de euros dedicados a tres partes iniciais: ao banco de libros, á axuda para a compra de libros de texto —por certo, cofinanciada polo Ministerio— e outra partida tamén onde se dan axudas para material escolar.

Creemos que esta aportación por parte da Consellería é insuficiente. Polo tanto, cremos que é necesario facer un esforzo para conseguir que este acceso, tanto ao banco solidario como tamén ás axudas para libros de texto, non estea condicionado nin a situacións económicas das familias nin que estea condicionado a outros criterios que se establecen dentro da propia convocatoria.

De feito, o programa da Xunta de Galicia, E-Dixgal, que é un programa precisamente para incorporar o material electrónico dentro da educación, inclúe un número importante de centros, 614 —se non é certo xa me corrixe o conselleiro— centros, creo que son este ano. Pero algún día teremos que discutir sobre ese programa, porque a realidade é que o ano pasado había máis centros que este ano se deron de baixa. Incorporáronse cinco, creo, pero déronse de baixa dezanove centros. Polo tanto, de 630 pasamos a 614. Ben, eses alumnos que teñen acceso a este programa xa non poden concorrer ás axudas. É unha situación dicotómica: ou estás dentro do programa E-Dixgal ou podes acceder ás axudas económicas, tanto para o banco de libros como para o outro.

Polo tanto, creo que, polos datos que eu puiden observar na memoria de datos do curso 2022-2023, aproximadamente o 55 por cento dos alumnos poden acceder á parte de libros gratuítos e aproximadamente un 27 por cento dos alumnos están dentro dalgún centro que ten o programa E-Dixgal. Estamos en torno a un oitenta por cento de alumnos que poden ir por esa vía.

Polo tanto, o esforzo económico que hai que facer para que esa medida sexa universal, pois non é excesivamente forte para a Consellería, sobre todo tendo en conta unha situación: que acabo de dicir que este ano na convocatoria do 2024 había 17 millóns de euros dedicados a estes tres apartados, pero na do 2023 había 25 millóns de euros. É dicir, prodúcese un descenso de sete millóns de euros, creo, aproximadamente sete millóns de euros no volume total.

Curiosamente, eses sete millóns de euros de descenso prodúcese basicamente no apartado correspondente a repoñer ese banco de fondo de libros solidarios, que é o primeiro apartado.



Non se reduce en absoluto na parte que son nove millóns de euros, aproximadamente, que é cofinanciada tamén co Ministerio. Polo tanto, o ministerio mantén o esforzo para esta medida e a Xunta de Galicia na súa parte reduce significativamente, de 25 a 17 millóns de euros, a aportación total. Polo tanto, creo que por parte da Xunta de Galicia hai que facer un esforzo para conseguir que isto sexa unha medida universal para todo o mundo, que non haxa necesidade de limitar e de que haxa familias que poidan acceder e familias que non poidan acceder.

E xa para adiantarme ao debate hai que dicir que en España hai comunidades autónomas que xa teñen esta gratuidade; polo sistema de banco de libros, pero xa teñen esta gratuidade. Son comunidades autónomas como Andalucía, País Valencià, Estremadura, Madrid, todas gobernadas polo Partido Popular. Polo tanto é unha medida que está posta en marcha tamén por administracións do Partido Popular. Pero tamén aquí en Galicia existen administracións, como poden ser determinados concellos, como é o caso do Concello de Vigo, que tamén teñen axudas para que as familias poidan acceder a elas. O Concello de Vigo, pero hai outros concellos que tamén teñen este tipo de axudas.

E, ademais, creo que recentemente acaba de aparecer unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde lle dá a razón a Down Galicia, precisamente porque a convocatoria de axudas era discriminatoria, porque establecía criterios diferentes en función de que os rapaces con dificultades educativas estivesen incluídos dentro de centros de educación especial ou grupos de educación especial ou simplemente estivesen integrados en grupos xeréricos. Nun caso tiñan axudas universais e noutro caso estaban condicionados polo nivel económico das familias.

Polo tanto, creo que é o momento de facer unha revisión, porque teñen que facer unha revisión das bases desta convocatoria; facer unha revisión e cambiar o obxectivo desta convocatoria. Do que se trata aquí non é tanto de falar do concepto de «gratuidade solidaria», que é o programa que vostede plantexa, senón que se trata de falar do dereito constitucional de todos os alumnos e alumnas galegas a unha educación obrigatoria e gratuíta. Trátase, en definitiva, de cambiar axudas por dereitos. Iso é o que lle plantexamos hoxe ao señor conselleiro, que dunha vez eliminen as diferenzas entre as distintas familias galegas e que todas as familias galegas poidan acceder a uns libros gratuítos e a un material gratuító.

Como din moitas veces os representantes do Partido Popular: «non se trata de ser máis que ninguén, pero tampouco menos que ninguén». Polo tanto, señor conselleiro, ánimoo a que faga unha modificación e que o acceso aos libros gratuítos sexa universal para todo o mundo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Bueno, moi boa tarde, señor presidente. Señorías.



Bueno, a verdade é que estamos ante un dos debates máis recorrentes desta Cámara. Creo que moi poucos asuntos teñen sido tan debatido neste Parlamento nos últimos anos. Tamén é moi exemplificante sobre a maneira de entender a acción política, a xustiza social, o papel do Estado como redistribuidor da renda, a solidariedade e tamén a boa gobernanza.

O resumo básico, que se coñece perfectamente neste ámbito, pódese reducir e simplificar do seguinte xeito. Por unha parte, o discurso do Partido Socialista é *café para todos* neste ámbito, un discurso tamén que dende sempre foi moi incoherente, porque se fala de dereito — hoxe volveuse recalcar a palabra «dereito» — e sen embargo hai moi pouco tempo o propio Partido Socialista modificou a LOMLOE e non introduciu este pretendido dereito que o Partido Socialista plantexa. Non creo que se poida cuestionar a ensinanza obrigatoria e gratuíta tendo en conta o sistema de acceso a libros de texto ou de material. É unha incoherencia, insisto, falar de dereito cando na recente modificación da LOMLOE non se introduce, nin se crea nin se regula este dereito; co cal, estamos falando de cuestións distintas.

E tamén outra liña habitual neste ámbito. Fala do que é o apoio ás familias e tamén o tratamento que se lles debe dar ás propias familias en función do nivel de renda. Temos dito en moitas ocasións que este sistema o que plantexa é unha situación que todo o mundo pode entender: aquelas familias que teñen elevadas rendas, pois non poden ter mesmos os apoios administrativos e os apoios políticos que as familias de menos renda. Nós aí entendemos que é necesario facer unha diferenciación para apoiar máis as familias que máis o precisan. Realmente este sistema o que plantexa é un sistema de apoio ás familias que máis o precisan.

De feito, tamén como resumo básico de todo o que se ten debatido nesta Cámara, o Partido Popular plantexa sempre o apoio a aquelas familias que máis o precisan a través dun sistema de apoio con diferentes ámbitos e en diferentes circunstancias. Entendendo que un dos papéis fundamentais da administración é facer un sistema de redistribución de rendas, favorecendo neste caso as familias con menos recursos.

Ademais, en certa medida o que se está dicindo encaixa con dificultade. Creo que todo o mundo sabe a través dos medios de comunicación que, segundo di o informe Pisa, Galicia ten o sistema educativo máis equitativo de España. Repito: o sistema educativo máis equitativo de España. ¿Isto que quere dicir? Quere dicir que lle damos as mesmas oportunidades a todo o alumnado, con independencia da súa orixe social e da súa orixe xeográfica e conseguimos que o rendemento dos estudantes, dos nenos e das nenas, dependa fundamentalmente das súas capacidades e do esforzo persoal e dependa moito menos do contexto social, económico e cultural de onde vive. E, obviamente, isto pódese facer, débese facer e estase facendo sen renunciar en ningún caso ao que é a calidade ou a excelencia.

É obvio que este, como xa digo, é un debate tremendamente recorrente. Iso demostra que, ou ben desde a perspectiva do Goberno se están facendo tan ben as cousas que non hai outras cuestións que criticar — e seguramente pode ser así — ou que non hai unha proposta innovadora ou nova neste ámbito. Pero a verdade é que, fronte ao que se plantexa e se leva plantexando moitísimo, moitísimo tempo, este sistema é un modelo redistributivo. É un modelo redistributivo que aplica un criterio de renda e que permite unha repartición máis igualitaria dos recursos públicos. Así como todos estaremos de acordo en que desde a pers-



pectiva fiscal se debe aplicar un diferencial con base na capacidade económica da familia ou da persoa, tamén se falamos da outra parte que ten que ver co papel distribuidor de rendas do Estado, pois tamén non podemos favorecer ou participar dos beneficios dun xeito igual a todas as familias, senón que o que temos que facer, se queremos realmente ser xustos socialmente, é favorecer máis aquelas familias con menos recursos. E creo que iso é o que se leva facendo neste ámbito, no ámbito educativo, dende hai moito tempo. O resultado, como xa dixen antes, é ter o modelo máis equitativo do conxunto de España, segundo o informe Pisa.

Hai que dicir tamén que canto aos datos que se plantexan aquí de apoio ás familias, por suposto o sistema de libros de texto é un que ten tres apartados —que despois entrarei se me dá tempo a facer unha mínima descrición dos mesmos—. Pero é obvio que en apoio ás familias galegas, fundamentalmente ás familias galegas que máis o precisan, a Xunta de Galicia leva facendo un esforzo moi notable nos últimos tempos, en moitas variables. Están cuantificados, téñense presentado publicamente, son coñecidos. Se introducimos o transporte escolar, estaríamos en máis de douscentos vinte millóns, se sacamos o transporte escolar, que é aproximadamente cento vinte millóns de euros, estamos a falar de en torno a entre 100 e 110 millóns de euros que aporta a Xunta de Galicia para favorecer a equidade entre os alumnos e entre as familias galegas.

A verdade é que non parece, e tense dito en moitas ocasións, unha medida moi progresista desde a perspectiva da redistribución de renda que haxa un modelo absolutamente igualitario para todos neste ámbito. Nós levamos defendendo durante moito tempo un modelo que permita chegar a aquelas familias con menos recursos, aproximadamente o setenta por cento ou o oitenta por cento, como dixo o señor deputado, que supón aproximadamente cento sesenta mil alumnos. ¿E como o facemos? Con tres piares: o piar primeiro é o de axudas para libros de texto para alumnos de primeiro e segundo de Primaria, porque non se poden reutilizar os libros, e para Educación Especial. Aquí falamos dun investimento de seis millóns de euros, aproximadamente vinte e sete mil nenos e nenas.

Fondo de libros. Bueno, aquí quixera facer un aparte. O señor Abalde di que se lle adican menos recursos este ano que o ano anterior. Claro, porque nos fondos de libros o ano pasado e o anterior houbo que facer un enorme desembolso por parte da Comunidade Autónoma para poder financiar os libros que se cambiaron de xeito unilateral pola LOMLOE. É obvio que cando un libro que ten seis anos de vida se repón no banco de libros, hai un período de vida dese libro, co cal o investimento o ano seguinte cambia. Iso é absolutamente lóxico, non é que haxa menos apoio; o que non houbo foi un apoio mínimo por parte do Goberno do Estado para facer precisamente o cambio de libros, que houbo que facelo de xeito absolutamente apresurado nos dous últimos cursos polo cambio da LOMLOE. Un cambio da LOMLOE que non foi pactado en ningún caso coas comunidades autónomas.

En todo caso, o fondo de libros de terceiro de Primaria ata cuarto da ESO mobiliza aproximadamente medio millón de libros todos os anos, e faise unha redistribución dos mesmos partindo das rendas máis baixas cara arriba, para que aqueles alumnos de familias menos favorecidas poidan ter un maior acceso aos libros. E aquí estamos falando nos últimos tres anos dun investimento superior aos vinte e cinco millóns.



E libro dixital. Tamén se dixo aquí, efectivamente, 614 centros —ese dato está ben— e 64.000 alumnos. Constantemente estamos dentro dun debate social creo que interesante sobre o seu uso e como poder facer para ir progresivamente mellorando. En todo caso, nós temos un modelo híbrido que combina o ensino dixital co ensino analóxico e que constantemente estamos mellorando. Así como tamén melloramos as axudas a material escolar. Estamos a falar dunha serie de bonos que tamén en función da renda poden ser de 60 ou 75 euros, un investimento de case dez millóns de euros anuais e que chega a 126.000 rapaces e rapazas.

En todo caso, isto é o debate básico que levamos facendo dende hai moitísimo tempo neste Parlamento e a verdade é que, como dixen antes, Galicia é a comunidade autónoma cun ensino máis equitativo. Isto é o que se plantexa dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia. E a verdade é que despois, cando vemos o que se plantexa por parte do Partido Socialista, pois ás veces levamos sorpresas. O que dixen anteriormente: fálase dun dereito, pero ese dereito non se materializou nunha lei orgánica aprobada hai moi pouco tempo no Congreso dos Deputados. Se fose tan singular e tan importante, eu entendo que o lexislador, que escribiu o que quixo nesa lei, pois tamén introduciría este dereito que aquí se cita. Por suposto, o dereito constitucional á educación gratuíta e obrigatoria non se discute en ningún momento.

En segundo lugar, as aportacións do Goberno do Estado das que aquí tanto se presume non supoñen nin o quince por cento do que inviste a Xunta neste ámbito. E despois hai cuestións que nos sorprenden, que son puro electoralismo, onde se di unha cousa pero non se fai o que se di. Sen ir máis lonxe, en campaña electoral —tamén supoño que para tapar a situación de Pisa naquel momento que coincidiu—, o señor Pedro Sánchez dixo que ía dedicar 500 millóns a un plan de reforzo de matemáticas e lingua. Ata agora non se coñece. O curso comeza dentro de dous meses, supoño que pasado o 15 de agosto nos avisarán para que o fagamos en tres días. Pero descoñecemos como esa promesa electoral de máis de quiñentos millóns de euros dita polo señor Sánchez se vai materializar, nin moito menos, e estamos xa case no inicio do curso que vén.

En todo caso, tamén se dixo —e está no acordo entre Sumar e Partido Socialista— que se ía facer un programa específico de gratuidade de libros de texto e axudas a material escolar. Está no acordo asinado polo Partido Socialista e por Sumar e tamén descoñecemos absolutamente como se vai facer isto.

En todo caso, ao final, isto é o de sempre: uns partidos políticos falan e non cumpren...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e outros partidos políticos falan e cumpren. Esa é unha diferenza política que pensamos que é fundamental.

En todo caso, como dixen ao principio, este é un debate tremendamente interesante para ver as dúas formas de xestionar desde a perspectiva política algo tan importante para moi-



tísimas familias e que é base dende a perspectiva do papel do Estado coma un elemento de redistribución de rendas; de favorecer a auténtica igualdade. É que temos que apoiar neste caso máis aquelas familias que máis o precisan e iso precisamente é o modelo que estamos a facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, ao mellor a estas horas non estou eu moi..., pero dime que hai un modelo ideoloxicamente que é o seu, que non plantexa un *café para todos*, e un modelo, que é o modelo progresista, que plantexa *café para todos*. Entón, ¿dime vostede como na Comunidade de Madrid teñen a gratuidade dos libros de texto? ¿Que pasa, é de ideoloxía socialista e non do Partido Popular? Polo tanto, non é unha cuestión ideolóxica; é unha cuestión de vontade.

E vostede reiteradamente fai referencia á LOMLOE. A LOMLOE é unha lei marco. Iso non significa que en cada comunidade autónoma, como así o fan, non poidan legislar adecuadamente en función dos criterios políticos prioritarios. Esa é a diferenza. Vostede non ten como criterio político o feito de facilitar a gratuidade dese material para os nosos rapaces e rapazas —mellor dito, para as familias dos nosos rapaces e rapazas— e nós si. Nós si, e ademais exercémolo, porque no momento do Bipartito iso era así para o cen por cento dos alumnos.

Polo tanto, non é un tema de *café para todos*; é un tema simplemente de xustiza social, é un tema de facilitar o labor. Por certo, hai moitos casos, moitas situacións onde o material escolar e os libros de texto se utilizan só na educación obrigatoria, porque na educación universitaria non é necesario comprar libros de texto. Porque as universidades, as institucións universitarias poñen á disposición dos alumnos ese material, o cal significa que só na educación obrigatoria hai unhas familias que teñen que necesariamente facer fronte a iso. E iso é o que eu lle pido, píddolle que teña a vontade política de poñer esas medidas.

E, bueno, o informe Pisa mide moitas cousas, pero non é unha medida para... Mide resultados académicos, e se eses resultados académicos son coherentes e teñen unha menor distribución, din que son equitativos. Pero non mide a equidade dos distintos sistemas educativos.

Polo tanto, eu aquí o que estou plantexando é que precisamente se faga ese esforzo para que as familias galegas non teñan que facer fronte a estes gastos.

E, miren, o que dicía da LOMLOE... Vostedes teñen capacidade de legislar, porque así o fan, e ningunha lei establecía que houbera que facer taxas gratuítas para case todo o mundo nin que houbera que conxelar as taxas, porque as normas eran diferentes. E vostedes aquí tomaron esas decisións. E, por certo, falando precisamente de taxas, hai moitas ocasións onde aquí temos unha situación dunha parte da educación concertada, que é unha parte pública



tamén, sostida por fondos públicos e que nalgún momento haberá que falar de como se está facendo a participación económica das familias nesa educación concertada, que tamén está sostida por fondos públicos.

Por certo, estanos animando a que presentemos máis iniciativas. Non se preocupe, conselleiro, presentáremoslle máis iniciativas en moitos temas e en moitas cuestións. Pero aquí neste momento estamos falando precisamente diso.

E claro que é un tema recorrente. É un tema recorrente porque, ata que iso non se consiga, tanto o Grupo Socialista como outros grupos da oposición estaremos plantexándollo. Porque, repito: é un tema de xustiza social, é un tema de garantir que os rapaces e rapazas poidan acceder á educación en condicións igualitarias para todo o mundo.

Eu repito: dende aquí pídolle ao conselleiro que se replantexe economicamente... Por certo, gustárame que me dixera na resposta que parte deses seis millóns de euros que están aquí no apartado segundo corresponde ao cofianciamento do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Porque, conselleiro, todos sabemos que os fondos poden chegar e se poden utilizar para o que corresponde ou poden non utilizarse para o que corresponde.

Polo tanto, eu pediríalle que —xa que estamos falando de Galicia e estamos falando das decisións da Comunidade Autónoma, estamos falando da Consellería— non esteamos aquí facendo unha segunda interpretación do que decide o Goberno central. Cando o Goberno central teña algunha medida, cando teña presupostos, xa discutiremos, xa buscaremos a forma.

Creo que o Grupo Parlamentario Socialista está demostrando que defendemos os intereses de Galicia, nalgúns ocasións en contra de decisións do Goberno central. Polo tanto, aquí nos atopará na defensa dos intereses de Galicia, pero non na defensa dos intereses do Partido Popular e, sobre todo, non na defensa da oposición ao Goberno central.

Polo tanto, conselleiro, reconsidere a posibilidade de facer gratuítos os libros de texto para todos os nenos e as nenas galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e a Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, a verdade é que é un debate interesantísimo. Eu dígoo no bo sentido da palabra, non porque sexa recorrente. Marca ou fundaméntase nunha serie de principios políticos creo que moi importantes sobre o papel que ten que facer o Estado —eu repito o mesmo: un estado



son as comunidades, o Estado central é estado e os concellos tamén son estado—, que ten papel redistribuidor, para redistribuír as rendas. É unha parte fundamental do noso traballo.

E así como podemos entender —e é bo que sexa así— que non haxa un tratamento fiscal idéntico para as familias con independencia da súa renda ou dos seus ingresos, tamén neste caso concreto nós o que defendemos é que non pode haber un *café para todos* e que debemos apoiar máis aquelas familias con menos recursos. Iso é algo que levamos repetindo ata a saciedade, e ese é o noso modelo.

Podo entender que non lle guste, de feito non lle gusta porque o levamos escoitando practicamente quince anos cuestionándoo. Pero, certamente, esa é a realidade. Porque o papel do Estado ten ingresos e ten gastos, ou investimentos —como lles queiramos chamar—, e parécenos coherente que haxa un papel que posibilite redistribuír parte da riqueza que se produce nunha sociedade e nun país en función de criterios de renda. Iso é o que estamos plantexando e iso é o que nós entendemos que é auténtica xustiza social. Auténtica xustiza social.

Eu entendo que aos fillos das familias con máis recursos as súas familias poden pagarlles os libros e a aquelas familias que teñen menos recursos pois ao mellor a Administración ten que apoialas para que non teñan que mercar os libros ou lles sexa menos gravoso. Iso levámolo facendo neste ámbito e noutros ámbitos dende a Xunta de Galicia. Por iso somos, segundo Pisa, a comunidade autónoma máis equitativa do conxunto do Estado. (*Aplausos.*) E ese é un dato que existe, é un dato real.

E nós facemos unha priorización das familias con menos renda priorizando o apoio ás mesmas. Dixen antes a cantidade: aproximadamente entre cen e cento dez millóns. Se metemos transporte escolar dispárase. Pero iso realmente é algo que temos que ter en conta e aí é onde realmente se ve a forma de entender o que é a igualdade. A igualdade non é un trato idéntico. Non pode ser idéntico, porque se facemos un trato idéntico ás familias ou a un alumno, non reducimos as diferenzas de base. O que temos que facer é intentar minorar as diferenzas sociais e económicas de base —esa é unha parte fundamental da administración, dunha administración coherente— e intentar que apoiemos aquelas familias que máis o precisan.

Ese foi o noso discurso dende hai moito tempo. Mantémolo, defendémolo e estamos orgullosos del, absolutamente orgullosos. Eu non podo entender que aquí se plantexe que miremos para outras comunidades autónomas e se fale de que se cree un dereito en lexislación autonómica. Se tan importante é, ou parece ser, para o Partido Socialista, insisto e repito: hai moi pouco tempo que se aprobou unha lei orgánica no Congreso dos Deputados onde non se citou absolutamente nada disto.

Seguimos esperando por ese pretendido apoio, ese pretendido plan que se di pero non se fai. É unha marca típica dos socialistas: non facer o que se di. Porque neste caso vémosto. Os acordos asinados con Sumar onde se falaba en concreto destas cuestións, resultado *cero patatero*. Plan de matemáticas e comprensión lectora, a dous meses do seu inicio, hoxe sabemos *cero patatero* deste plan. Falaban de quiñentos millóns. Bueno, a ver se aparecen, a ver se hai



orzamento, a ver se algún socio do Goberno lle deixa ter orzamentos ao Partido Socialista, porque realmente non somos capaces de ver o que se está plantexando.

E, mire, nós entendemos que fomentar a igualdade é facer unha redistribución da riqueza, ben por vía impositiva, ben por vía daqueles aportes que se fan ás familias por parte da Administración. E hai que axudar a quen ten máis dificultade. Ese é un principio básico, pero vostedes aplican unha *tabula rasa*, *café para todos*. Imaxínese, por esa regra de tres, se a partir de agora o IRPF fose para todas as persoas idéntico, con independencia da renda. Sería unha cuestión verdadeiramente fantástica. Polo tanto, eu creo que se poden cuestionar moitas cousas. Eu tamén lle pido que se cumpran os acordos que se din ou os puntos que se plantexan desde a perspectiva política.

Xa lle digo, falouse de ampliar as axudas a comedores escolares e non se volveu falar diso; falouse dun programa de gratuidade de libros e axudas en material escolar —escribiuse e afirmouse e díxose publicamente— e non sabemos nada e descoñecemos. E volvo repetir: do Plan de reforzo de lectura e matemáticas, quiñentos millóns de euros, ata o día de hoxe non sabemos nada.

En todo caso, creo que nós defendemos un modelo que funcionou e funciona razoablemente ben; que chega practicamente ao oitenta por cento dos alumnos galegos, ao oitenta por cento das familias galegas, priorizando aquelas con menos recursos, aquelas familias que teñen menos capacidade económica para priorizar as de menos renda; que é solidario, porque se basea en apoiar máis a quen máis o precisa; que é redistributivo; que busca reducir as desigualdades; e que tamén é xusto. Si, é xusto, porque realmente as familias que non poden facelo non pagan os libros, e aquelas familias que o poden facer, fano. Nós entendemos que esa é a forma correcta de actuar nun aspecto coma este.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos agora co punto 8 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Julio García Comesaña e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Penso que estaremos de acordo en que a educación é unha das ferramentas máis importantes das que dispoñen as administracións públicas para asegurar e garantir a igualdade de oportunidades. Tamén estaremos de acordo en que a educación ten un poder transformador. É



por iso que dende o Partido Popular levamos anos avanzando en propostas que sirvan para garantir a igualdade de todas as persoas.

Galicia é a comunidade autónoma máis equitativa de España e así o recolle o último informe Pisa, que ademais constata que somos capaces de combinar equidade e excelencia, o que converte o sistema educativo galego nun referente.

Baixo este marco existen dende hai moito tempo desigualdades no noso país con relación á ABAU. Ao non existir un modelo común, o alumnado non ten asegurados os mesmos dereitos, senón que hai desigualdades. Desigualdades que non só observamos no Partido Popular, senón que estaban na rúa. Estaban na rúa porque afectaban moitos mozos e mozas e tamén, por suposto, as súas familias.

Por todo isto, dende Galicia levamos máis dun lustro pedindo ao Goberno do Estado avanzar nunha proposta que garantise un acceso ao sistema universitario de todo o alumnado español baixo uns estándares comúns. E xa no ano 2018 vostede, señor conselleiro, incidía na importancia de avanzar neste sistema. Foron moitas as propostas e iniciativas presentadas para dar impulso a esta cuestión.

¿E cal é a actitude do Ministerio? Actuar ás costas dos gobernos autonómicos sen consenso e, en definitiva, actuar ás costas da mocidade. O Ministerio leva anos intentando poñer en marcha o seu propio modelo, un modelo fracasado. O pasado xuño aprobou un real decreto sen ningún tipo de acordo, sen pasar pola conferencia sectorial, con dous anos de atraso e sen avanzar nun modelo máis xusto.

Fronte á actitude do Goberno do PSOE, Galicia, xunto a outras once comunidades autónomas, vén de asinar un acordo. Un acordo que vai avanzar por primeira vez na igualdade de todos os españois. Un acordo que respecta a realidade cultural e educativa das comunidades autónomas. Un acordo histórico impulsado polo presidente do Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, que coñece perfectamente a realidade de Galicia e do resto de comunidades autónomas.

Por iso lle pregunto, señor conselleiro, ¿como valora a Xunta de Galicia a situación actual da ABAU?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, vostede citou na súa exposición de motivos que xa dende hai moito tempo, dende o ano 2018, dende a Xunta de Galicia —eu persoalmente e naquel momento tamén o presi-



dente Feijóo— demandabamos que se fixese un exame da comunmente chamada selectividade —antes ABAU, agora co novo decreto do Estado váiselle chamar PAU outra vez— que fose o máis común e o máis homoxéneo posible.

¿Isto é un capricho? Non. ¿Esta é unha medida de igualdade? ¿Isto posibilita que un alumno de Lugo, de Soria, de Huelva teña os mesmos dereitos? (*Un señor deputado: Non.*) Si, si. Certamente é curioso como unha medida que está pensada, ideada e deseñada para dar unha maior igualdade a todos os alumnos, con independencia de onde vivan, e que prexudica os nenos e nenas galegas, os mozos e mozas galegas, non se vexa coma unha medida positiva para Galicia.

Explícome. O sistema educativo universitario ten un distrito único, unha única porta de acceso e que funciona moi ben. Un alumno que fai a selectividade en calquera parte de España pode acceder ao conxunto das facultades de toda España coa nota que ten en cada unha das comunidades autónomas. Iso está moi ben. Iso dá moitas máis oportunidades e moitas máis posibilidades a calquera alumno. Sen embargo, hai dezasete camiños diferentes; é dicir cada comunidade autónoma —e iso está absolutamente demostrado— ten exames diferentes, con criterios de avaliación diferentes, con criterios de composición diferentes e tamén con contidos diferentes. Iso xera desigualdade e iso xera que un alumno galego, fundamentalmente nalgunhas carreiras, estea en desigualdade fronte a outras comunidades autónomas. Obviamente, isto beneficia os alumnos galegos, Galicia lévao demandando, polo menos a Galicia sensata, dende o ano 2018. (*Aplausos.*)

E as comunidades autónomas do Partido Popular —hai que dicilo tamén, co impulso do presidente Feijóo, que coñecía este problema cando era presidente da Xunta— están facendo e fan o que o Ministerio foi incapaz de facer en tanto tempo. E mire que era fácil de facer; é simplemente coordinar as comunidades autónomas nunha serie de aspectos con base no cumprimento da lei, por suposto, e, por suposto, respectando as características propias de cada comunidade autónoma, no noso caso o galego, para poder facelo.

E, fronte a isto, desgraciadamente sempre vimos que, dende o ano 2018 ata hoxe, Partido Socialista de Galicia e Bloque Nacionalista Galego sempre se opuxeron a unha medida que beneficia o alumnado galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Ben, o Ministerio de Educación non está avanzando nun modelo máis xusto. Ademais, ten unha actitude reaccionaria; actúa en resposta, actúa en contra ou por oposición ás comuni-



dades autónomas. É certo que isto non é nada novo, a actitude do Goberno central do Partido Socialista en temas de educación non deixa de sorprendernos. A pesar de ser este, a educación, evidentemente, unha das materias máis importantes para a prosperidade e o benestar do noso país.

O Grupo Popular sempre apoiou unha ABAU máis xusta, que introducise criterios comúns en todo o territorio. Quedou demostrado nesta Cámara, ademais, a través de multitude de iniciativas que, por certo, foron rexeitadas polo PSOE e polo Bloque Nacionalista Galego. Entendemos que sería por sectarismo, e aí está a hemeroteca para que o poidan comprobar.

Penso que dende o Partido Popular nos podemos sentir moi satisfeitos de que Galicia teña un criterio propio, de ser impulsores nesta materia, xunto a outras comunidades autónomas, dun acordo histórico. Señor conselleiro, queremos felicitalo por ser o promotor deste acordo. Porque nós, no Partido Popular de Galicia, non estamos atados ao que nos diga Madrid; (*Murmurios.*) nós defendemos os intereses de todos os galegos e todas as galegas, e así quedou demostrado. (*Aplausos.*)

E, insisto, estamos orgullosos de que o señor conselleiro de Educación fose o promotor deste acordo e tamén estamos moi orgullosos —insisto— de que fose o presidente do Partido Popular a nivel nacional, Alberto Núñez Feijóo, o que conseguise este gran pacto.

E remato agradecéndolle, señor conselleiro, as súas respostas e cunha última pregunta...:

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa coñece a pregunta.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: ...¿cales son algunhas das novidades que nos ofrece este acordo?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Bueno, pois a verdade, señora deputada, é que a min me gustaría que o que fixemos as comunidades autónomas o fixese o Ministerio, cumprindo coa súa responsabilidade. E mire que se lle pediu, desde a perspectiva formal, con acordos parlamentarios, dende o ano 2018 nesta propia Cámara, como vostede dixo, sempre co voto en contra do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Eu creo que votan en contra disto porque o propón o Partido Popular, porque outra explicación é francamente difícil de atopar. (*Aplausos.*) Porque, ¿que problemática pode ter? ¿Que problema pode supor que un alumno de Lugo teña os mesmos dereitos que un alumno de Almería ou que un alumno de Tarragona? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para algo tan importante para os alumnos.

Porque non a ten. Non a ten, señorías. (*Murmurios.*) Está demostrado con estudos e con análises cuantitativas e análises académicas que existen ata o momento niveis de dificultade



moi diferentes nas diferentes probas de acceso á universidade nos dezasete camiños que antes lle dicía. E iso, ao mellor, fai que un alumno galego brillante que quere estudar Medicina pois non poida e teña que irse a outra comunidade autónoma, se a súa familia llo pode pagar, e, se non, que faga outra carreira. Pero a vostedes como isto o seu veu ideolóxico llelo impide ver, realmente estarán absolutamente equivocados nesta materia. *(Aplausos.)* Ao mellor a vostedes lles parece algo baladí que o exame sexa en fechas diferentes, ao mellor lles parece que é igual; ou que as universidades abran a matriculación en días diferentes e non fagan unha visión homoxénea. Ao mellor lles é igual, porque non saben como funciona isto.

Pero non é igual, porque é posible que cando un alumno queira entrar nunha facultade ou queira moverse a unha facultade, incluso de fóra de Galicia, un alumno que queira estudar fóra de Galicia, ao mellor xa están as listas de acceso pechadas. Pero, ben, como o seu modelo é que cada un faga o que queira, pois realmente estanlle facendo perder oportunidades e prexudicando o alumnado galego.

¿Que problema lle ven vostedes a que unha falta de ortografía puntúe ou despuntúe o mesmo nunha comunidade autónoma que noutra? Iso realmente é preocupante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ou que problema lle ven vostedes a que os contidos dunha asignatura troncal sexan semellantes? Non sei que problema lle ven vostedes. Realmente é algo ben curioso como son incapaces de sacarse a súa cortinilla e ver que aquelas medidas que xeran igualdade, que debía promover o Ministerio, as está promovendo neste caso o Partido Popular. E non é por que non estean avisados. Dende o ano 2018 —díxose aquí— levamos facendo iniciativas para facer criterios comúns e homoxéneos, sempre respectando as características propias...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...de cada comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Carmela González Iglesias e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado en que se atopan algúns espazos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleiro.

Quero comezar saudando a representación da comunidade educativa da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, que nos acompaña neste hemiciclo. Benvidas, compañeiras e compañeiros.



O 13 de xaneiro de 2010 abría as súas portas a sede definitiva da ESAD de Galiza no barrio vigués de Navia. O alumnado accedía ás instalacións que se construíron na primeira fase dun proxecto que contemplaba a construción doutros dous edificios. Catorce anos despois, as fases II e III seguen sen ser desenvolvidas, o que limita gravemente o funcionamento e a oferta educativa do centro.

A ESADG non conta con espazos suficientes. Non ten unha sala polivalente que permita practicar e albergar espectáculos de formatos diversos; carece dun taller de construción no que traballar con suficiente espazo e, sobre todo, con seguridade para a construción das escenografías; e, aínda que lle pareza mentira, conselleiro, non ten un teatro. Non sei cal é a súa opinión, conselleiro, sobre que unha escola de teatro non teña un teatro no que ensaiar e representar as obras que se producen nas súas clases. ¿Imaxina vostede unha facultade de Bioloxía sen laboratorios? Difícil.

Non contar con espazos suficientes e adecuados para a docencia sería xustificación máis que suficiente para a construción inmediata das fases II e III do proxecto, pero se a vostede non lle parece suficiente motivo, igual o convence saber que a docencia dalgunhas materias está a poñer en risco de sufrir un accidente grave o profesorado e o alumnado.

O centro leva anos demandando que a consellería solucione todas as deficiencias da escola. A propia escola solicitou unha auditoría externa na que se recollen as deficiencias detectadas nas instalacións e que conclúe que os catro espazos de exhibición que se utilizan na actualidade non cumpren coas necesidades técnicas que precisa a formación en artes escénicas, nin tampouco cos requisitos legais precisos que impedirían que calquera outro espazo de exhibición escénica albergase espectáculos. E, aínda con todas estas deficiencias, na ESADG prodúcense máis de noventa espectáculos ao longo do curso, grazas á vontade e ao enorme traballo do profesorado e do alumnado.

O orzamento para realizar as actuacións urxentes de mellora e modernización das infraestruturas e para as dotacións escénicas non chega a douscentos mil euros. Acaban de agasallar vostedes con 9,3 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: ...a Abanca para reparar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias. Terminou o seu tempo.

Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a verdade é que compartimos con vostedes o orgullo pola ESADG e tamén proveito para saudar as persoas que nos acompañan neste debate.



É para estar orgullosos. Galicia ten un centro dramático, un centro de produción de teatro público creo que moi dinámico, moi positivo. Tamén temos, cousa que non é habitual nas comunidades autónomas, unha escola superior de arte dramático. Creo que aí temos que felicitarnos todos e estar contentos. Por certo, isto foi un centro impulsado no seu momento polo Partido Popular nos últimos anos de Fraga, aínda que despois se comezou a construír na época do Bipartito.

E, como vostede sabe, porque aquí fixo un relatorio, había tres fases. Tan pronto se aproba e co cambio de Goberno reorientábase a planificación. E esa planificación fai que se concentre unha parte significativa das tres fases na primeira das mesmas. Esta primeira fase supuxo pasada aproximadamente de catro mil quíntos metros a seis mil douscentos metros, que iso é o que está construído neste momento. Foi unha, como xa digo, unha reorientación que se fixo no momento da construción por parte de, neste caso, o Goberno bipartito.

En todo caso, este espazo conta cun espazo de teatro cun aforo aproximadamente para cento vinte persoas. E conta coas instalacións necesarias: vestiarios, salas de reunións, sala de expresión dramática etcétera. Este é un edificio relativamente novo. Á parte é un bo edificio esteticamente, cunha perspectiva arquitectónica moi atractiva, ¿verdade? Pois obviamente é un edificio novo. Fixéronse reformas dende a súa inauguración ata o día de hoxe. Estamos a falar de aproximadamente cento oitenta mil euros que houbo de investimento neste ámbito. Houbo filtracións de auga en varios casos: no ano 2022 na biblioteca, interveuse con 12.000 euros; no ano 2023 no acceso principal, ao ser unha cuberta plana e ao haber un escenario, pois tamén houbo filtracións da obra construída no seu momento a partir do ano 2010, estamos falando de 40.000 euros. Temos neste momento tamén detectada unha filtración de auga na cal imos actuar. Estamos a falar dun investimento aproximadamente de corenta e cinco mil euros que se vai facer para —pensamos— solucionar de xeito definitivo as filtracións de auga na cuberta do teatro.

En todo caso, e segundo nos din os técnicos da Consellería —vostede entenderá que teñamos que tomar as decisións con base no que nos din os técnicos da Consellería—, o edificio da ESADG está en bo estado. É un edificio de dez anos e está en bo estado. Conta cos espazos necesarios, aproximadamente seis mil douscentos metros, cando a primeira fase eran 4.500. Están equipados e as actividades desenvólvese en boas condicións.

Obviamente, todo é mellorable, como esta casa na cal estamos ou como a súa ou como a miña. Todo é mellorable, pero non podemos intentar dicir que ESADG é un edificio que está fóra de sitio.

En todo caso, hai unha filtración....,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...hóboas e arranxarémolas sen...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.



Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Mágoa, señor conselleiro, que o orgullo que mostra vostede e o Partido Popular neste Parlamento pola ESADG non se corresponda co compromiso do Goberno do Partido Popular coa escola. (*Aplausos.*)

Xa avanzamos algo se vostede di que van actuar sobre as filtracións. Porque, desde logo, ter unha escola na que mentres se manipulan os focos e a cablaxe está caendo a auga e a resposta do técnico, subido a unha escaleira de catro metros, é que «tampouco vai pasar nada, nada máis que un calambrazo», non parece o máis correcto.

E dicir que a ESADG está en bo estado... Home, caer non cae, as paredes mantéñense. Tamén, con catorce anos, só caería. Pero si que lle garanto que non conta co espazo suficiente e que non está equipada. Non está equipada, porque xa lle digo que unha das cousas que máis preocupan o alumnado e o profesorado é que, para manipular os focos en clases como a de iluminación, teñen que subirse a unha escada de catro metros, cando en ningún outro espazo de representación escénica se permite iso. Ten que haber barras que baixen os focos, manipúlalos no chan e subir. E iso non existe na ESADG. Igual que os talleres de construción non teñen absolutamente ningunha ventilación e traballan con produtos como vernices e produtos tóxicos.

E, mire, remato xa facéndolle unha pregunta: ¿sabe vostede o que é un teatro, señor conselleiro? (*Murmurios.*) Dígoo porque eu creo que vostede non entende a diferenza entre un teatro e un auditorio. Porque o que ten a ESADG non é un teatro, (*Aplausos.*) non ten unha caixa escénica; o que ten a ESADG é un auditorio. A pregunta é clara: ¿Van vostedes conseguir polo menos que teñan o equipamento mínimo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora... Terminou o seu tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Comezo pedíndolle perdón á señora deputada pola miña supina ignorancia, e pídoallo sinceramente. A verdade é que escoitándoa a vostede parece que está implicada, parece que ten boa fe. Vostede visitouna. (*A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*) Vostede traballa aí e sei que o Bloque Nacionalista Galego a visitou, saíu nunha nota de prensa. Pero miren vostedes que boa fe teñen ou que capacidade de pitoniso teñen os deputados do Bloque Nacionalista Galego, ¡que antes de visitar unha instalación xa saben o que pasa dentro e xa saben as deficiencias que ten! (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Porque vostedes rexistraron neste Parlamento con varios días de antelación e previamente á visita á ESADG o



que ían dicir. *(Aplausos.) (Protestas.)* Co cal, a vostedes élles todo absolutamente igual. Constrúen o seu relato e xa está. E despois fala vostede de teatro... Vostede si que fai aquí un teatro intentando dicir que teñen unha preocupación sincera por isto. E a partir de aí, señoría, *(Murmurios.)*, igual que vostede...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...se permite desconfiar do meu coñecemento, permítame desconfiar a min da súa boa fe. Porque non parece que haxa moi boa fe nesa forma da actuar, cando antes de coñecer o problema xa está rexistrada a pregunta. *(Aplausos.)*

Ben, dígase o que se diga, vaille ser igual. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Non imos facer moitos esforzos neste caso.

En todo caso, creo que o que é realmente importante e que vostede enfatiza é o da seguridade. Vostede entenderá que as decisións que se adoptan neste ámbito teñen un aval técnico ou baséanse en informes técnicos. Se vostede di iso, di que non, pois xa está. Ten vostede razón, non se preocupe. En todo caso, os informes técnicos que temos dinnos que non existe risco para a seguridade. Porque parece que estamos falando de que a este teatro —ou este auditorio, segundo vostede— están, non sei, caéndolle as paredes. Pero, en todo caso, xa lle dixen: vaise reparar coma se repararon todas as filtracións que se identificaron no seu momento.

E, certamente, o centro conta cos espazos que son adecuados ás súas necesidades e con base no alumnado. Temos unha dinámica de alumnado —entorno a cento cincuenta, aproximadamente, nos últimos anos— constante e están desenvolvendo o seu traballo. Eu fago un chamamento á calma para que non xere unha falsa alarma. Porque vostede pode ter un criterio político, pero os criterios técnicos vostede tamén entenderá que teñan máis peso. Non xere unha falsa alarma neste ámbito. Unha cousa son as percepcións de cada un e outra cousa son os informes.

En todo caso, estamos a falar de 157 alumnos, neste caso. O espazo é suficiente, segundo nos din os informes técnicos, para atender as demandas do alumnado. O cen por cento non solicitou o aumento de prazas nin tampouco de especialidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o tempo.

Grazas. Se non, despois o tempo váisenos de man.



Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante o desenvolvemento da explotación mineira situada en Touro e O Pino

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente. Boa tarde.

Señora conselleira, a pregunta é clara: ¿cando van comezar a defender os nosos sectores produtivos, o noso medio natural, os nosos ríos e montes, as rías, a saúde ambiental e humana e van deixar de supeditarse aos intereses de grandes empresas? Porque co remate de xuño chegou o regalo de fin de curso da declaración do Proxecto industrial estratéxico, outorgado polo Consello da Xunta de Galiza a Cobre San Rafael para reabrir a Mina de Touro e O Pino. Salienta o Goberno do Partido Popular unha mancha de bondades e vantaxes que ten este proxecto, a comezar polo investimento inicial de case douscentos millóns de euros e a creación de 394 postos de traballo.

Mais esquecéronse de mencionar un par de detalles: que a mina de Touro leva tempo xa contaminando o Ulla e os seus afluentes, reiteradas verteduras e danos ecolóxicos aos ríos Lañas e Brandelos, que só teñen como consecuencia multas leves por parte de Augas de Galiza, a pesar da súa reincidencia. Un río Ulla que xa está contaminado. Por exemplo, o encoro de Portodemouros recibe avisos todos os anos prohibindo o baño pola proliferación de cianobacterias, avisos que antes se producían no outono, pero que cada ano se van adiantando co empeoramento das condicións. Este venres pasado xa vimos a prohibición do baño na área de Brocos, en Agolada. O río Ulla, que aínda ten enriba de si a ameaza de Altri, deitando 30.000 litros diarios de auga a 27 graos, despois de todo un proceso químico industrial.

Tampouco mencionan vostedes a ría de Arousa, a máis produtiva do noso país, da que viven directamente 4.000 familias a pesar do descenso de produtividade, sobre o que, por certo, vostedes aínda non actuaron. Ría que xa no día de hoxe presenta uns niveis de cobre sedimentado importantes provenientes desta mina. Catro mil empregos só na ría, fronte aos nin sequera catrocentos que pretende crear a mina. Nin, por suposto, mencionan vostedes a grande oposición veciñal e social que hai xa seis anos se botou ás rías para defender as súas vidas fronte ao espolio dunha grande empresa e que non pararon ata poder paralizar este proxecto. Mobilización veciñal e social que tampouco vai quedar parada desta vez e que xa ten mostrado a súa firme oposición á reapertura da mina de Touro e o Pino.

Porque o certo é que vostedes están máis pendentes de favorecer o lucro dunha grande empresa que de defender este país. Están máis pendentes de poñer alfombras vermellas a grandes empresas enerxéticas, mineiras e demais para que expolien os nosos recursos e marchen coa riqueza e cos petos cheos. E, ¿que nos queda aquí? Nada. Porque, señora conselleira, ¿para quen é estratéxico este proxecto industrial? Para a empresa, seguro. Para vostedes, parece que tamén. Para Touro, para o Pino, para o Ulla e para Galiza, xa é outro cantar. Por iso lle preguntamos, señora conselleira, se ten pensado reverter esta declaración e comezar a defender dunha vez os intereses e o futuro deste país. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Carreira, ¿vostede sabe como é o procedemento de declaración e de aprobación dun proxecto industrial estratéxico? ¿Sábeo? Aínda por riba, contéstame que o sabe. Vostede acaba de facer aquí unha serie de afirmacións en relación cun proxecto que non se coñece. ¡É que non comezou a tramitación, non se fixo aínda á información pública! Acaba de dicir aquí que este proxecto —e díxo por escrito na súa pregunta— dana o medio ambiente, dana a saúde pública. ¿Como o sabe?

Mire, respecto do proxecto de Altri, eu dicíalle Á señora Rodil —creo que foi— no seu momento que fora capaz, creo que nun prazo de dúas semanas, de ler 8.500 folios, o cal nós daba máis ou menos cincocentos folios ao día. Vostedes —estou de acordo co meu compañeiro, o conselleiro de Educación— son pitonisos. ¡É que non coñecen aínda o proxecto, pero xa saben que vai danar a saúde pública, que vai danar o medio ambiente sen ter nin idea de que vai o proxecto! (*Aplausos.*) Nin idea, porque non o coñece ninguén.

Por iso lle pregunto se sabe a diferenza entre a declaración dun proxecto e a aprobación do proxecto. A declaración de proxecto industrial estratéxico ten tres requisitos para os proxectos *top*, que é onde está este proxecto. En canto ao emprego cúmpreos, en canto a investimento cúmpreos. En canto á cadea de valor nun sector estratéxico para a Unión Europea, que agora direi se o é ou non o cobre. ¿Cúmpreos? Non o digo eu; dino todos os informes, non soamente da Xunta de Galicia, senón tamén da Cámara de Comercio, por exemplo, que considera que se cumpren os requisitos correspondentes para ser tal.

A partir de aquí haberá que ver se efectivamente ten unha declaración de impacto ambiental favorable ou desfavorable, pero haberá que tramitalo e para iso haberá que coñecelo. Pero é o de sempre. Vostedes o único que queren é destruír a economía, a industria e o emprego de Galicia. É o de sempre. (*Aplausos.*) Vostedes propuxéronse destruír a economía de Galicia, iso é o único que lles interesa. Está dicindo aquí o Goberno que pola oposición veciñal nós temos que deixar de declarar o novo proxecto industrial estratéxico. ¿Pero que clase de responsabilidade é a súa? ¿Como pode vir dicir que pola oposición veciñal un goberno ten que actuar ou non? É o que acaba de dicir.

Vostede sabe que o cobre é unha materia prima fundamental e estratéxica, de acordo co Regulamento o 12/52 de 2024 da Unión Europea, que así o cualifica. ¿Vostede sabe o que di ese regulamento? Comina os estados membros a que procedan a explotar os recursos minerais precisamente para autoprovisión industrial, e díxo literalmente en varios considerandos. (*Aplausos.*) Iso é o que leva o Goberno da Xunta de Galicia a declarar este proxecto como tal. Iso é o que leva o Goberno da Xunta de Galicia. Vostede está falando dun proxecto anterior que ten diferenzas substanciais co proxecto actual. O proxecto anterior non era viable e tivo unha declaración de impacto ambiental desfavorable. Veremos se este a ten ou non.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Pero, coma sempre, está falando sen ter a información. Coma sempre. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señora conselleira, o que lle dixen moi claro é que defenda os intereses e o futuro deste país e non os das grandes empresas. Ese é o matiz, e non estou mal da chaveta. *(Aplausos.)* Eu creo que eses xestos ao mellor non era conveniente facelos nunha casa como esta, sero bueno, centrémonos... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Fala vostede da destrución de emprego. ¿Por que non llelo vai comentar ás 4000 familias da ría de Arousa que viven directamente nesa ría do marisqueo? ¿Como se van ver afectadas polo proxecto extractivo de cobre na mina de Touro? ¿Como lles vai afectar a contaminación do Ulla? Porque vostedes iso aínda non o fixeron. Non o fixeron con Altri e non o fan, por suposto, coa mina de Touro.

¿Acaso vostedes non teñen ningunha información deste proxecto? ¿Non tiñan este proxecto gardado nun caixón desde hai meses e se viron agora obrigados a sacalo? ¿Sabe quen non ten información do proxecto? Os seus alcaldes. O alcalde do Pino recoñeceu dous días despois de que vostedes o declarasen como proxecto industrial estratéxico que non tiña ningunha información, máis que a que sacaba a prensa e o PDF que colgan despois do Consello da Xunta. O alcalde de Touro di algo moi similar: que recibiu a solicitude dun informe de compatibilidade urbanística, mais ningún tipo de información máis sobre o proxecto.

Un proxecto que consta dunha balsa de 23 millóns de metros cúbicos de residuos tóxicos a 500 metros da parroquia de Arinteiro, de Touro. ¿Que futuro lles espera ás veciñas de Arinteiro se se reabre a mina? Un proxecto que non ten cambios significativos a respecto do presentado no 2017, ese que tivo a declaración de impacto ambiental negativa. ¡Porque poñer innovador no nome non é un cambio substancial! ¿Que cambiou a respecto de 2017 para que este sexa estratéxico? *(Aplausos.)* O que cambia é que agora a empresa vai ter maiores facilidades para seguir espoliando os nosos recursos, seguir contaminando o Ulla —que xa está nunha situación lamentable— e aínda por encima deixar aquí miseria e depredación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CARREIRA PAZOS: Vostedes teñen que defender o país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Economía e Industria.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Mire, non ten información e fala por falar do que escoita, do que vostede quere facer crer á xente. Concello do Pino e Concello de Touro. Déixoo despois á disposición da Cámara. Solicitude de informe e informe dos servizos urbanísticos de ambos os concellos. Lamento moitísimo ter que dicir isto: son dous concellos de dous partidos políticos diferentes, pero quizais antes de falar os alcaldes se teñan que informar do que teñen asinado. ¡Informe dos dous concellos! (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿que me está dicindo? Non coñece o expediente, está falando por falar. Porque o seu é o de sempre: facer demagogia sen información de ningún tipo porque lle dá o mesmo. O seu é destruír o emprego, a industria e Galicia. (*Aplausos.*) É o que se teñen proposto, acábao de anunciar: «van seguir as mobilizacións veciñais». Xa o sabe vostede, claro, xa o sabe vostede.

¿Cales son as diferenzas co proxecto anterior? Está no expediente, tamén; está informado por diversos órganos. Eu non lle vou ler aquí todo, pero, por exemplo: «A diferenza do proxecto do ano 2017, inclúese no seu ámbito de aplicación unha extensión xeográfica que se corresponde coa totalidade das superficies afectadas pola actividade mineira anterior. Isto supón a adopción neste proxecto dun planteamento de actuación completo na dimensión ambiental. Polo tanto, a área de afección é superior para incluír completas medidas de remediación de pasivos ambientais antigos. O proxecto corrixe a implantación dalgunhas infraestruturas para mellorar a protección do patrimonio arqueolóxico». E así podo seguir, porque, como vostede pode comprender, para volver tramitar o proxecto tense que xustificar que efectivamente existen unhas diferenzas substanciais co proxecto anterior.

Isto é o que o fixeron os técnicos da Xunta, pero a vostede dálle igual. É máis, están poñendo continuamente a reputación dos técnicos da Xunta... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si, continuamente o traballo de calquera institución...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Xa non é a da Xunta de Galicia, a cal represento e da cal son funcionaria; non, tamén a da Cámara de Comercio e a dos funcionarios da Xunta. Pero a vostedes dálles exactamente igual, porque a súa obsesión por demonizar as empresas é de tal calibre que *caiga quien caiga*. E así caían todos os empregados públicos da Xunta. (*Aplausos.*) Dá igual o Goberno, por suposto, a Cámara de Comercio dá igual, pero tamén dan igual os funcionarios. A súa irresponsable non ten límites.

Vostede vén aquí falar do que non sabe, dicir que o Goberno da Xunta poñemos por riba da saúde das persoas o lucro dunha empresa. Vostede fixo esta declaración aquí, co cal quere dicir que eu, como conselleira, o Consello da Xunta e todos os nosos funcionarios están poñendo o lucro dunha empresa por riba da saúde das persoas, e afirmo. A súa irresponsabilidade non ten límite, pero límite de ningún tipo. É o «non polo non». É o non a Altri cando antes era que si. É o non o Plan director da automoción porque non existe unha mesa coa CIG sentada na mesa. É o non á Lei de recursos naturais, pero o si á enerxía verde, que non sabemos se é sen renovables... (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. *(A señora conselleira de Economía e Industria pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, non se escoita. Está o tempo... *(O señor presidente fai xestos para pedir calma.)*

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Todas somos conscientes da importancia do papel que xogan os pediatras e as pediatras en atención primaria debido ao seguimento que realizan dos nenos e nenas dende que nacen ata os quince anos. Pese a iso, hai máis de douscentos municipios en toda Galicia sen pediatra, os servizos empeoran ás portas do verán e entre o doce o catorce por cento das prazas de pediatría están ocupados por médicos sen especialización.

Por iso, o déficit de pediatras é un tema recorrente que derivou en recollidas de firmas, en mobilizacións e en protestas dos pais e nais afectados en toda a comunidade por unha situación que lles provoca un grave prexuízo e que xera desigualdades entre as familias. Témolos nos concellos do Carballiño, onde recollían 8.500 firmas para levarlle á valedora do pobo; nos municipios de Coles, A Peroxa e Vilamarín e Amoeiro, que se quedan este verán sen pediatra; na baixa Limia, que teñen que acudir a Celanova; Outes, Fornelos de Montes, Soutomaior —onde levan ano e medio sen pediatra—, Agolada, Dozón, Rodeiro etcétera. E así podería seguir o resto do tempo que teño asignado.

Pero hoxe queremos preguntar concretamente pola situación do Servizo de Pediatría da comarca de Valdeorras, que comprende, como ben sabe, concellos como O Barco, A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, a Veiga e Vilamartín de Valdeorras. Tamén ten asignado o servizo de pediatría, xunto con Verín, Viana do Bolo. A grave situación que están a padecer é que dende principios deste ano 2024 un único pediatra atende máis de dous mil nenos e nenas. Por iso, dende este grupo vémonos na obriga de recoñecer o gran esforzo do profesional e agradecerlle o seu excelente labor, pero tamén de denunciar ante vostede, conselleiro, o seu desgaste. A atención recibida polos usuarios é absolutamente insuficiente e este pediatra está próximo á xubilación.

Ata o mes de xuño de 2022 o servizo contaba con dúas consultas de pediatría ocupadas por senllos pediatras e levaba xa anos con esta dotación. Pero dende entón só unha médica de familia, a médica de familia que estaba nesa praza, concursou e empezou a traballar noutra localidade. Polo tanto, ¿é consciente da Consellería de que o único profesional de pediatría debe prestar atención a un número moi elevado de nenos e nenas, recibindo usuarios e doentes procedentes dunha extensión xeográfica moi ampla? Nalgúns casos acudir ao pediatra



lévalles máis dunha hora e media desde un punto de Valdeorras, desta comarca que lle digo, ata o centro de saúde. Non concretamente o Barco de Valdeorras, pero si outros concellos.

Por iso, ¿que valoración realiza, conselleiro, sobre esta situación denunciada? ¿Que medidas vai adoptar, ademais de botarlle a culpa ao Goberno central, como se acostuma facer por parte do Goberno do Partido Popular?

Nada máis. Grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Presidente do Parlamento, señorías.

A lexislatura non fixo máis que comezar e vostedes xa están a caer en repeticións preocupantes. Preguntan no pleno algo que xa se debateu hai escasas semanas neste Parlamento e ao que ademais xa se lles respondeu de maneira escrita. Non podo deixar de alegrarme de que nin buscando atopen vostedes máis motivos de preocupación pola sanidade pública que os xa abordados. Se é así, tamén nisto poden estar tranquilos, porque, como xa se dixo, a asistencia pediátrica no Barco de Valdeorras —onde, por certo, estiveron a semana pasada— está plenamente garantida, para os nenos do Barco de Valdeorras e para os nenos de todos os concellos galegos.

Señoría, a realidade está moi afastada do alarmismo que vostedes predicán. Temos un sistema sanitario sólido, con máis recursos que nunca e con máis profesionais sanitarios traballando que nunca. Por iso, a pesar do problema compartido por todas as comunidades autónomas de España de falta de profesionais de atención primaria —insisto, a pesar diso—, todos os galegos, nenos e maiores, teñen garantida unha asistencia sanitaria de calidade todas as horas do día e todos os días do ano. *(Aplausos.)*

Ata o de agora, vostedes non fixeron grandes achegas á fortaleza do noso sistema sanitario. Aínda están a tempo. Gustaríame tenderlles a man, porque creo que é o que merece a sanidade galega e a sanidade española. Gustaríame que vostedes me axudasen a convencer o Goberno de España, do seu partido, de que escoite as nosas demandas e adopte as medidas que lle pedimos para loitar contra o déficit de médicos de atención primaria. Non é un problema de Ourense nin de Galicia; é algo que acontece en toda España. ¡Non hai pediatras nin médicos de familia, teñen paro cero!

E repito, as competencias para a xeración de médicos residen no Ministerio de Sanidade. *(Aplausos.)* E o Ministerio é quen ten que mudar o sistema de elección de prazas MIR e eliminar a nota de corte. Non ten ningún sentido que teñamos ao mesmo tempo médicos sen praza e prazas sen médico. Ten que modificar o proceso de acreditación de centro, axilizar a homologación de títulos estranxeiros e permitir que os médicos de máis de setenta anos que queiran traballar poidan facelo. Iso o que ten que facer o Goberno de España. Cando a



Xunta trae a este Parlamento unha iniciativa legal para dotar de médicos os centros sanitarios do rural, hai que apoiala, porque grazas a esa medida hai 340 médicos en prazas de difícil cobertura. Cando a Xunta pon en marcha un plan de 12,5 millóns de euros para reforzar a asistencia sanitaria no verán poden apoialo, porque grazas a ese plan hai 109 médicos reforzando a atención nos centros de saúde e máis de trescentos cincuenta voluntarios colaborando na asistencia no PAC. Vostedes poderían ser parte da solución, pero elixiron o contrario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, preguntaremos as veces que sexa necesario, porque non contestou como vai solucionar a situación que viven os pais e nais e estes nenos da comarca de Valdeorras. Porque a realidade é que a asistencia sanitaria en Galicia acumula anos nos que a deficiencia asistencial non fai outra cousa que agravarse, señor conselleiro. Ano tras ano saltan á palestra casos nos máis diversos puntos da comunidade nos que os veciños e veciñas, pais e nais, se ven na obriga de recorrer á manifestación e á protesta diante da deterioración grave dun servizo esencial como este que tratamos. E vostede cando tomou posesión xa sabía desta situación. Eu creo que vén para arranxalo. ¿Non é así?

Vaise constatando, señor conselleiro, co paso do tempo, que a Consellería de Sanidade infrinxe unha deterioración na asistencia pública cuxos motivos, como este grupo vén denunciando dende hai tempo, hai que buscalos na falla de planificación e na retirada continúa de recursos, como pasa na comarca de Valdeorras. Nos días de hoxe é doado atopar dificultades para manter o servizo de Pediatría nas condicións óptimas exixibles, non só nos pequenos concellos de Galicia afastados e periféricos, aos que o Goberno galego leva retirando prestacións en practicamente todos os ámbitos competenciais da súa administración, senón tamén en vilas, en cabeceiras de comarca e mesmo nas cidades.

Quero preguntarlle se vai pór solución á situación que lle comentaba concreta do Barco de Valdeorras ou vai ser que vostede quere que este consultorio —como lle chaman— do Barco sexa «reestruturado» —como di vostede con ese eufemismo que utiliza— para despois pechar e que estes pacientes acudan a outros centros. Iso é o que queremos saber: se a Consellería de Sanidade ten resposta clara e precisa de que van facer para solucionar o problema de que un pediatra atenda moitos máis que dous mil nenos. Porque vostede sabe que só no Barco de Valdeorras xa son dous mil. Imaxínese toda a comarca de Valdeorras cun pediatra, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o tempo.



Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señoría.

Insisten en crear alarma unha e outra vez co mesmo tema. Pero repítoles: non é real. Vou detallarlles a situación deste centro de saúde do Barco, agardando que por fin a entendan. No centro de saúde de Barco de Valdeorras a asistencia pediátrica está garantida. A dotación deste centro é de dous pediatras, e na actualidade unha delas está vacante. Agardamos poder adxudicala na segunda volta do concurso de prazas de difícil cobertura; ese que vostedes rexeitaron neste Parlamento, por certo. Pero, a pesar de que unha das dúas prazas está vacante, os pacientes pediátricos do Barco están a ser atendidos por un pediatra ou con prolongacións de xornada de puericultores. Por se non o saben, son médicos de familia capacitados para a atención pediátrica. Os puericultores, permítanme que insista, son grandísimos profesionais aos que lle temos que agradecer a súa dedicación.

En todo caso, somos unha das poucas comunidades onde a atención pediátrica é realizada no noventa por cento dos casos por especialistas en pediatría. Isto contrasta con outras comunidades nas que goberna o Partido Socialista. Por exemplo, en Castela-A Mancha, os médicos de familia ocupan arredor do corenta por cento das prazas. ¿Non lles parece preocupante alí?

Outro apunte que creo que debería ter vostede en conta antes de falar en termos apocalípticos sobre a atención pediátrica no Barco de Valdeorras: a demora para conseguir cita é de cero días, en ambos os dous cupos pediátricos no Barco de Valdeorras. ¡Cero días! (*Aplausos.*) De feito, así é na maioría dos centros de atención primaria galegos. Con datos reais do Servizo Galego de Saúde, pode confirmarlle que o cincuenta por cento profesionais teñen dispoñibilidade de citas en menos de dous días e ao redor do setenta e cinco por cento teñen ocos en menos de catro días. Penso que podó dicir que, con estes datos, deberían replantearse os ataques alarmistas á Xunta de Galicia e optar mellor por axudar os galegos, cada un dende a súa posición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non deberíamos rematar este pleno sen mandarlle unha mensaxe de ánimo á Selección Española de Fútbol. (*Protestas.*) ¡Por favor! Onte dobregou a todopoderosa Francia e esperemos que sexa campioa de Europa. Grazas. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿¡Pero queredes que perda!? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)


Remata a sesión ás cinco e cincuenta e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candía López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

